

Escavación arqueolóxica nos Castros de Neixón (Boiro, A Coruña). Campaña de 2008.

Memoria Técnica

Investigador Responsable
14 de marzo de 2012
Felipe Criado Boado

Director da Actuación
14 de marzo de 2012
Xurxo M. Ayán Vila

Laboratorio de Patrimonio
Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento



Unidade Asociada: Laboratorio de Paleoambiente, Patrimonio e Paisaxe
Instituto de Investigacións Tecnolóxicas
Universidade de Santiago de Compostela

TÁBOA DE CONTIDOS

Ficha Técnica.....	4
Resumo	5
Palabras chave	6
Plantexamentos e obxectivos	7
1. Problemática arqueolóxica	7
1.1. Contexto de partida da campaña de 2008	9
1.2. Hipótese de traballo	17
2. Problemática patrimonial	18
3. Fundamentación do proxecto e campo de traballo nos castros de Neixón	19
3.1. O contexto de partida: a excepcionalidade dun espazo multidimensional	19
3.2. A estratexia de traballo: unha arqueoloxía crítica, reflexiva e multivocal	21
3.3. A ferramenta para a Xestión Integral do Patrimonio: o campo de traballo internacional	22
3.4. Os resultados: a propia práctica arqueolóxica como recurso turístico potencial	24
4. Obxectivos da intervención	25
4.1. Obxectivos do campo de traballo en Arqueoloxía	25
4.2. Obxectivos da intervención arqueolóxica	28
Metodoloxía e Plano de Traballo	30
1. Metodoloxía	30
1.1. Estratexia de rexistro.....	30
1.2. Estratexia para a toma de mostras.....	30
2. Actuacións e Fases de Traballo.....	31
2.1. Actuacións e Fases de Traballo	31
2.2. Procesado e xestión preliminares da información	32
2.3. Emisión de informes e outros documentos técnicos	33
Resultados da intervención arqueolóxica	34
1. Análise historiográfica das primeiras intervencións no Castro Pequeno de Neixón.....	34
1.1. Do orientalismo ao rexionalismo: dos fenicios aos celtas	34
1.2. San Vincenzo de Cespón, parada e fonda no camiño do rexionalismo ao galeguismo político e cultural	40
2. Planimetría con scáner 3D do Castro Pequeno de Neixón	44

3. Escavación arqueolóxica no Castro Pequeno de Neixón	45
3.1. Plantexamento da intervención. Cuestións xerais.	45
3.2. Acondicionamiento da área de traballo	46
3.3. Execución da intervención: traballo de campo.....	46
3.4. Estudos e analíticas complementarias	49
4. Escavación arqueolóxica no Castro Grande de Neixón	51
4.1. Plantexamento da intervención. Cuestións xerais.	51
4.2. Execución da intervención: traballo de campo.....	52
Análise preliminar do material arqueolóxico recuperado no Castro Pequeno de Neixón	54
1. Síntese do material cerámico exhumado	54
2. Síntese do material lítico	55
3. Análise de restos metálicos	55
3.1. O Castro Pequeno de Neixón e a metalurxia do bronce na Idade do Ferro I	55
3.2. As evidencias metalúrxicas documentadas na campaña de 2008.....	59
Resumo e hipótese xeral	62
O Castro Pequeno de Neixón no contexto da 1ª Idade do Ferro galaica	62
O Castro Grande de Neixón no contexto da 2ª Idade do Ferro galaica	64
Reflexións sobre os castros de Neixón e o comercio púnico	69
Proposta de Actuación.....	74
Bibliografía.....	75
Anexo 1: Material gráfico complementario	82
1. Índice de láminas	82
Anexo 2: Pezas seleccionadas para análises paleometalúrxicas.....	83
Anexo 3: Inventario de materiais arqueolóxicos.....	84

FICHA TÉCNICA

Escavación arqueológica no Castro Grande de Neixón (Boiro, A Coruña)

Ámbito Xeográfico: Concello de Boiro (A Coruña)

Programa: Campo de traballo arqueolóxico nos Castros de Neixón (Boiro, A Coruña)

Liña de Traballo: Posta en valor do Patrimonio

Financiación: Concello de Boiro, CSIC e Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado. Importe anualidade: 20.486 euros.

Código de proxecto: 08R34

Período de realización: 3 de xullo ao 26 de agosto

Equipo de Traballo:

Investigador Responsable /
Dirección:

Felipe Criado Boado

Director / Responsable da
actuación:

Xurxo M. Ayán Vila

Axudantes Técnicos:

Manuel A. Franco Fernández

Leonardo González Pérez

Equipo Técnico:

Carlos Marín Suárez

Pedro Fermín Maguire

Irian Fernández Blancafort

Xosé Moledo Santiago

Fotografía e Vídeo:

Juan Martín Dabezies

Debuxo Arqueolóxico:

Anxo Rodríguez Paz

Xurxo Ayán Vila

RESUMO

Nesta memoria técnica preséntanse os resultados derivados da realización dunha escavación arqueolóxica nos *Castros de O Neixón* (Boiro, A Coruña). A actuación arqueolóxica plantexada xurdiu como consecuencia directa da proposta do Excmo. Concello de Boiro para organizar por sexto ano consecutivo un campo de traballo no conxunto arqueolóxico de Neixón. Esta iniciativa encauzouse mediante a renovación dun convenio entre a citada institución e a *Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia*, co gallo de incluír este campo de traballo de temática arqueolóxica na oferta xeral da *Campaña Verán 2008* contando co asesoramento técnico do *Laboratorio de Arqueoloxía do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento* (CSIC-XuGa).

Neste marco xeral, a actividade defínese coma *un campo de traballo de ámbito internacional e modalidade arqueolóxica (Aula de Arqueoloxía). Intervención arqueolóxica: escavación e consolidación das ruínas e restos exhumados, no castro do Neixón, para a súa revalorización como recurso cultural, promovendo a creación dunha aula de arqueoloxía e posibilitando visitas culturais ás ruínas (www.rix.org) a levar a cabo en dúas quincenas consecutivas (15-31 de xullo e 1-15 de agosto de 2008).*

Con esta iniciativa, as institucións implicadas procuraron continuar coa potenciación e posta en valor deste espazo arqueolóxico, recuperado recentemente coa rehabilitación das estruturas exhumadas en *O Castro Pequeno* (Álvarez et al. 2005), a construción do *Centro Arqueolóxico do Barbanza* (Lomba 2005; Barbeito 2006) e maila realización en 2003-2008 do campo de traballo arqueolóxico no *Castro Grande do Neixón* (Ayán et al. 2007; Ayán 2008; Ayán 2008a). Neste senso, o campo de traballo concebiuse como verdadeiro eixo vertebrador dunha estratexia de promoción do turismo cultural e do desenvolvemento sostible desta zona de Boiro, que busca converter este espazo arqueolóxico en polo de atracción turística e referente do Patrimonio Cultural da bisbarra do Barbanza.

Con este obxectivo xenérico, e seguindo a liña marcada nos anos anteriores, a actuación realizada abrangueu o desenvolvemento de cinco tipos de actividades:

- **Adecuación:** como actuación preliminar levouse a cabo, baixo control arqueolóxico, o desbroce da superficie que ocupa a croa do castro, para seguidamente replantear as sondaxes previstas no Castro Pequeno e a área de escavación no Castro Grande de Neixón (unión dos sectores 02 e 04).
- **Documentación:** para a campaña deste ano plantexámo-la realización de senllos estudos monográficos en colaboración coa comunidade local (Asociación de Veciños de Cespón *Neixón*) centrados na recuperación da memoria histórica, a documentación dos restos vencellados coa explotación do wolfram na década de 1940 e o rexistro do Patrimonio fotográfico da parroquia.

- **Investigación:** a este nivel, a finalidade primordial é a caracterización formal do xacemento de *O Castro Grande* para tentar contextualiza-los datos dos que dispomos na actualidade e esbozar un modelo interpretativo sobre o xurdimento, evolución, cronoloxía e funcionalidade deste poboado fortificado, así como a interrelación deste xacemento co veciño *Castro Pequeno*, de cronoloxía aparentemente máis temperá. A este respecto, plantexamos como novidade a apertura de sondaxes valorativas no interior deste xacemento, na zona de contra a punta que non foi obxecto de intervencións na década de 1970.
- **Formación e divulgación:** o campo de traballo preséntase coma o marco máis axeitado para encetar un labor de difusión durante a duración do mesmo, concebindo o xacemento coma un espazo social aberto ao público, con visitas guiadas polos participantes que amosarán a problemática da Arqueoloxía como disciplina, o traballo de campo, etc...

Os resultados desta intervención foron parcialmente publicados nas seguintes referencias bibliográficas:

- Ayán Vila, X. M.; Costa Casais, M.; Tallón Armada, R.; Rodríguez Martínez, R. M^a. e Franco Fernández, M. A. **2011**. Redescubriendo o Castro Pequeno de Neixón (Boiro, A Coruña). *Férvedes*, 7: 133-42. Vilalba.
- Ayán Vila, X. M. e Franco Fernández, M. A. **2010**. Escavación do Castro Pequeno de Neixón (Boiro, A Coruña). *Actuacións arqueolóxicas 2008*: 46-8. Santiago: Xunta de Galicia.
- Dabezies Damborenea, J. M. **2010**. La fotografía como fuente de investigación arqueológico-antropológica. El caso del proyecto Campo de traballo arqueolóxico do Castro Grande de Neixón (Boiro, A Coruña). *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 123: 9-23.
- González Ruibal, A.; Rodríguez Martínez, R. y Ayán Vila, X. M. **2010**. Buscando a los púnicos en el Noroeste. *Mainake*, XXXII(I): 577-600. Málaga.

Palabras chave

Campo de traballo, escavación arqueolóxica, castro, Idade do Ferro, Arqueoloxía da Paisaxe, Posta en Valor do Patrimonio, Divulgación e Difusión.

PLANTEXAMENTOS E OBXECTIVOS

1. Problemática arqueolóxica

O xacemento de *O Castro Grande de O Neixón* localízase na parroquia de S. Vincenzo de Cespón (Boiro, A Coruña) na área setentrional dunha pequena península coñecida como *Punta de O Neixón* que se presenta coma un fito visual na paisaxe conformada pola pequena baía de Beluso. Este emprazamento costeiro (10 m.s.n.m.) condicionou no momento da súa construción tanto a morfoloxía do xacemento como a disposición do sistema defensivo [**Lámina 1**].

A planimetría de detalle realizada na campaña de 2003 e o MDT permiten unha exacta caracterización da morfoloxía do castro. En liñas xerais, presenta un recinto de planta lixeiramente oval cun diámetro de 95 m no eixo N-S e duns 105 m no eixo E-W, defendido por un parapeto de terra que acada na cara N-NW unha altura máxima de 7 m e unha anchura duns 5 m. O foxo perimetral disposto ao pé desta estrutura atópase moi alterado, sobre toda na zona noroccidental, xa que por el decorría un antigo camiño de carro que en dirección S-N conducía ao *Castro Pequeno de O Neixón*.

Segundo a descrición feita por F. Bouza Brey e F. López Cuevillas e (1926-1927: 76-8) na década de 1920 aínda se conservaban restos dun socalco de xisto que sustentaba o parapeto térreo da croa e que foi utilizado como canteira polos veciños da aldea de Nine para ergueren muros de cachotería. Asemade, no croquis feito por estes investigadores déixase constancia da existencia dun segundo parapeto de 7 m de alto e 2 de anchura que protexe a cara occidental do castro e vai diminuindo de potencia cara ao S e mailo E até desaparecer por completo no NE.

A planimetría e o modelo dixital do terreo realizados na campaña 2003 amosan unha meirande complexidade estrutural do xacemento, como así o rexistraron no seu día os arqueólogos da empresa *Terra Arqueos S. L.* -encargados do proxecto de adecuación de *O Castro Pequeno*- na súa fotointerpretación da fotografía aérea do voo americano (Álvarez et al. 2005: 96). A este respecto, a zona chaira que se estende entrámbolosdous castros cara ao SE, e actualmente ocupada por un piñeiral, podería ter conformado un segundo recinto anexo á croa. Por outra banda, é bastante probable que o acceso á croa se ubicase no SW, onde se localiza unha clara fenda no parapeto que parece ter sido reaproveitada polo camiño antigo empregado para acceder á acrópole polos veciños que tiñan alí propiedades.

Á súa vez, a zona na que se empraza o sector 02 correspóndese con outro rebaixe no parapeto da muralla que se reflicte claramente na reconstrución 3D. Por outra banda, nesta área documentamos un primeiro nivel de ocupación prerromano (s. IV a. C.) que semella estenderse pola zona na que se levantaría a

posteriori o recinto amurallado. A este respecto, cremos que no momento de construción do castro aillase toda a Punta polo N mediante o levantamento dunha muralla E-W que, de costa a costa, impide o acceso a toda a península. Esta circunstancia permítenos plantexa-la hipótese de que todo o espazo tivese unha natureza habitacional (Castro Grande, terraza e Castro Pequeno), polo que o parapeto S quizabes exerceu unha función máis delimitadora cá defensiva.

No tocante á historia das investigacións sobre *O Castro Grande* cómpre suliñar que a primeira intervención arqueolóxica desenvolta foi levada a cabo por F. López Cuevillas e F. Bouza Brey en 1925 mediante a apertura de *duas zaxas esporatorias, atopando soilo cachotes imitantes ós da superficie, moitas tégulas e poucos anacos cerámicos cáseque todos feitos a mau, lisos e de tipo castrexo e soilo un, de coor avermellado, sen polido nen barniz, con siñas da roda do oleiro* (1926: 78). A localización en superficie de anacos de muíños circulares e de tégulas e ímbrices, así como a morfoloxía totalmente artificializada do xacemento, levou a estes autores a esboza-la hipótese de que se trataba dun poboado de nova pranta, *dunha citania con elementos de romanización*, froito do traslado de poboación de *O Castro Pequeno* nun momento impreciso da 2ª Idade do Ferro.

Posteriormente, na década de 1970, F. Acuña Castroviejo, cun equipo formado por membros do Departamento de Arqueoloxía da Universidade de Santiago, realizou sucesivas campañas anuais de escavacións na área arqueolóxica de *Os Castros de O Neixón*. Dos resultados destas intervencións unicamente coñecemos unha breve síntese da escavación de 1973 en *O Castro Pequeno* (Acuña Castroviejo 1976), mentres que da escavación realizada en *O Castro Grande* só documentamos unha referencia indirecta na obra de síntese de J. Naveiro sobre o comercio en Galicia na Antigüidade: [en *O Castro Grande*] *los vertidos de ánfora son absolutamente dominantes, habiéndose localizado extensas capas de tiestos que superan en casos los 40 cm de potencia (información inédita de F. Acuña sobre la campaña de 1976)* (Naveiro 1991: 151, np. 5).

Esta referencia probablemente se refira á cata aberta na zona suroriental da croa, ao pé do parapeto, cunha serie de cuadrículas Wheeler (reescavadas por nós en 2003) e onde se localizara unha estrutura circular de pedra con abundante material cerámico, sobre todo ánfora e algún fragmento de *Sigillata Hispánica* (Naveiro 1991: 240).

Nesta ampliación das escavacións cara ao Castro Grande puido incidir o desenvolvemento do proxecto de estudo sistemático da romanización e dos contactos comerciais na ría de Arousa, marco no que tamén se levaron a cabo campañas de escavación no xacemento de As Torres de Oeste en Catoira (Balil 1971, 1977; Romaní 1974).

Do material ergolóxico documentado nestas intervencións unicamente contamos con estudos centrados na análise formal da cerámica exhumada (Rey 1990-91, 1996; Rey e Soto 2002). Estes traballos poñen de manifesto o notable avance tecnolóxico e grao de especialización (pastas cerámicas mellor depuradas e de texturas máis finas) acadado na cadea operativa cerámica polos habitantes de *O Castro Grande*, xacemento senlleiro dentro da alcumada área alfareira das Rías

Baixas. Asemade, J. Rey contextualiza o Castro Grande na 2ª Idade do Ferro pola aparición de xerras tipo Toralla, bordos ensanchados tipo Cíes ou pezas singulares tipo Recarea (Rey Castiñeira 1990-1991: 156; 1992: 204). As recentes escavacións, como veremos, demostraron claramente esta hipótese da que, segundo parece, discrepaba o seu escavador en 1976, que situaba o Castro Grande de Neixón no cambio de era.

Neste debate cronolóxico na longa duración, incidiría á súa vez a investigación de J. Naveiro sobre os materiais anfóricos en castros do litoral galego, co gallo de acadar unha visión global sobre o comercio antigo no NW (Naveiro 1991). No seo deste proxecto procedeu ao estudo dos materiais romanos exhumados en 1976 no Castro Grande de Neixón, reactualizando o coñecemento que até daquela se tiña tamén sobre outros xacementos da ría de Arousa como Torres de Oeste (Naveiro 2004).

Segundo este autor existen grandes concentracións de ánforas, cun predominio case absoluto de pezas da forma *Haltern 70* e algún exemplar de ánfora de salgado bética da forma IIb de Beltrán (Naveiro 1985: nº 44-49; Naveiro e Caamaño 1992: n.p. 3) o que situaría o principal nivel de ocupación do xacemento cara a primeira metade do s. I d. C. (Naveiro 1986).

Na década de 1980 e comezos dos anos 90, o arqueólogo A. Concheiro Coello levou a cabo sondaxes valorativas na cara E do parapeto da muralla que circunda a croa (que permitiron documentar a existencia dun paramento de pedra no interior do parapeto) así coma noutras áreas do interior do recinto fortificado.

Finalmente, os traballos de adecuación da área arqueolóxica de *Os Castros de O Neixón* desenvolto por *Terra Arqueos S.L.* en 2000 e 2001 tamén contribuíron a unha mellor caracterización do xacemento de *O Castro Grande*, levándose a cabo sondaxes na zona occidental da croa.

1.1. Contexto de partida da campaña de 2008

1.1.1. Na orixe: un espazo natural

Dende tempo inmemorial, no fondo da enseada de Rianxo, ao oeste da desembocadura dos ríos Grande e Beluso, nun espazo relativamente tranquilo, atópase a Punta de Neixón. Este elemento orográfico adéntrase no mar a modo de esporón, e presenta unha morfloxía en planta relativamente suave, que tan só se interrompe nos saíntes rochosos do extremo **[Lámina 2]**.

Cara ao ano 1000 a. C. este peculiar cabo era un espazo deshabitado, unha área natural sometida á acción erosiva da natureza. De lonxe, desprovista da vexetación que inzaba os fondos de val naquela época, presentábase coma unha mole rochosa, de natureza metamórfica. O xisto reflectía a luz do sol que cubría a Punta dende o abrente deica ao solpor, xa que estaba perfectamente orientada ao mediodía. Unicamente no extremo (outra vez no extremo), onde se xuntan auga e rocha polo devalar lene das mareas, agroma o material ígneo, o granito e maila pegmatita, que lle confiren unha meirande dureza aos procesos mariños.

Malia diso, o bater secular da auga do mar, o que chamamos meteorización mecánica, debullaba a liña de costa, dando lugar á aparición, sobre todo na vertente SO, de bloques angulosos e cantos aos pés dos cantís, que se desprendían da rocha seguindo a liña de fracturas dominantes.

Seguimos maxinando a Punta de Neixón naqueles tempos no que aínda era un espazo virxe, non alterado pola man do home. Porque temos que pensar que a acción antrópica é moi importante e débese considerar coma unha grande modificadora da paisaxe, tanto na liña de costa, coma nas vertentes.

Cómpre situa-la antropización deste espazo nun período de cambio sustancial na paisaxe, na sociedade e no territorio de Galicia, como é a época de conformación da paisaxe fortificada, é dicir, o nacemento dunha arquitectura habitacional e monumental: os castros. As comunidades humanas do Barbanza, artífices da arte rupestre no II^o Milenio a. C. e dunha puxante metalurxia do bronce teñen que axeitarse a novos cambios estruturais, comezando polo clima. Deste xeito, consúmase o paso do período *Subboreal* ao período *Subatlántico* (aínda vixente), subindo lixeiramente as temperaturas e a humidade. Este novo marco conlevou a consolidación dunha nova vexetación, exemplificada no que aínda hoxe coñecemos como *bosque autóctono* que daquela ocupou amplas superficies. O bosque gañaba terreo (Costa 2008).

Nestes séculos de transición (X-VIII a. C.) constátase o espallamento da agricultura vencellada a unha ampla reforestación que precuraba a apertura de novas terras de labor. Crecemento demográfico, produtividade agraria, cambio climático, novas relacións comerciais marítimas, foron todos procesos coetáneos ao nacemento dos poboados fortificados no NW da Península Ibérica. Será agora cando o home comece a altera-la Punta de Neixón, coa construción no seu extremo do Castro Pequeno.

1.1.2. Cinco preguntas sobre O Castro Pequeno de Neixón

Como ten amosado a nosa compañeira Manuela Costa (2008) a acción antrópica modifica e transforma as ladeiras deste esporón mediante dúas vías principais: por un lado, realiza unha laboura de cantería, substraendo a rocha que aflora para uso na construción, e por outro traslada solo, cambiando do seu lugar de orixe, posiblemente fóra do castro, polas características morfosedimentarias que presenta, e transportando este material até a área do Castro Pequeno. Ao mesmo tempo tamén se fai uso do material tamaño grava e canto que se localiza sobre a plataforma litoral e nalgunhas das praias de gravas e cantos do sector. A materia prima que aporta o medio, úsase de forma indiscriminada, provocando posiblemente o primeiro impacto antrópico intensivo sobre as vertentes e a conseguinte modificación da paisaxe costeira.

Aos procesos naturais –mariños e continentais- úneselle agora a interacción do ser humano co medio. A construción do Castro Pequeno conleva efectos drásticos como a destrución das cristas rocosas, unha fonda modificación do solo, un inxente movemento e transporte de material. Asemade tráese material alóctono

para a realización de murallas e foxos e amortízanse os blocos desprendidos dos cantís para os zócalos e paredes das vivendas.

Estes cambios na paisaxe de Neixón tradúcense nunha nova configuración do espazo vivido, que xera unha transformación directa da paisaxe e provoca sinais materiais, que chegan até a paisaxe actual, e que son o resultado do impacto antrópico sobre este medio. Un impacto que é consecuencia directa dun perfecto coñecemento das áreas de extracción de materiais e das zonas de captación de recursos. Se atendemos ao pouco que sabemos das escavacións no Castro Pequeno, este poboado pasou por diferentes fases habitacionais, nas que a unhas cabanas circulares erguidas con materiais perecedoiros seguíronlle outras con zócalo de pedra e paredes de pallabarro (Acuña Castroviejo 1976; 2008). Como material asociado apareceron evidencias dunha importante actividade metalúrxica de bronce, dunha práctica marisqueira de carácter sistemático, así como muíños naviformes e ornamentos de influencia centroeuropea e mediterránea (López Cuevillas e Bouza Brey 1926-7) **[Lámina 3]**.

Estas manifestacións materiais poñen en riba da mesa unha serie de preguntas que tentan amplia-lo noso coñecemento dese impacto antrópico sobre o medio, do que implicou na paisaxe e no territorio o Castro Pequeno:

- Pregunta 1: Se a punta é rochosa, de onde veu a terra para face-lo parapeto?
- Pregunta 2: Cales eran as áreas de extracción de material pétreo para a construción dos zócalos das casas e dos úteis líticos?
- Pregunta 3: Cales eran os recursos marisqueiros dispoñibles?
- Pregunta 4: Onde extraían o cobre e o estaño para face-lo bronce?

A estratexia de investigación interdisciplinar desenvolta polo noso equipo de traballo tentou reconstruí-la área de captación de recursos deste primeiro asentamento –aplicando o modelo chantado pola Arqueoloxía funcionalista no seu día- aplicando análises edafolóxicas, xeomorfolóxicas, paleometalúrxicas, malacolóxicas... que forneceron datos para comezar a responder ás citadas preguntas.

Primeira resposta: a comunidade castrexa do Castro Pequeno tivo que fornecerse de materiais sedimentarios para ergue-lo parapeto procedentes dunha área na que existisen aportes desa natureza. En toda a Punta non se observan cantís de orixe sedimentaria, a excepción do localizado entre o antigo porto de Vidres e a desembocadura do río Beluso. Desenvólvese, sobre rocha de natureza metamórfica, un depósito coluvial, que está recheando unha pequena valgada, no que tan só se diferencia un nivel basal, que corta o substrato, composto por gravas e cantos subredondeados de seixo e xisto, dispostos coa orientación da pendente, e sobre éste un material sen estrutura definida de cores amarelas e roxizas e natureza areo-limosa, no que se misturan abundantes gravas heteroxéneas tanto en natureza coma en forma. Ademais, neste sector non se atoparon exemplos similares, o que parece reflectir que este sexa unha acumulación moi puntual, na que a parte máis masiva do depósito, resposte a unha orixe controlada pola

actividade antrópica, máis que a procesos naturais -continentais ou litorais (Ayán et al 2008; Costa 2008).

Segunda resposta: o material pétreo empregado nos zócalos das cabanas correspondentes a unha hipotética segunda fase de ocupación do Castro Pequeno proveñen da extracción directa do sustrato de pegmatita e xisto da Punta e dos blocos existentes nas calas da vertente SO. Por outra banda, semella evidente que o granito de máis calidade empregado para a fabricación dos muíños naviformes tamén procedeu dunha zona allea á Punta de Neixón. Neste senso, a información fornecida por habitantes das aldeas de Vidres e Nine permitíronnos saber que o material construtivo empregado nas casas tradicionais procedía efectivamente das calas e praias de Neixón, a onde ían eles mesmos de pequenos, a recolle-los bloques de xisto desprendidos dos cantís, mentres que o granito empregado nos esquinais ou en casas de meirande capacidade económica procedía de canteiras foráneas coma a de Confurco (parroquia de Macenda, ao NW de Cespón).

Terceira resposta: a publicación das escavacións de López Cuevillas e Bouza Brey (1926-7) no Castro Pequeno recolle o achado dun concheiro de 2 m de potencia no acumado por eles nivel B, no que se identificaron restos de malacofauna: capas horizontais de ostras (*Ostrea edulis*), pequenas cantidades de ameixas e berberechos (*Tapes decussatus* e *Cerastoderma edule*). Asemade, o nivel C forneceu outro concheiro de metro e medio de espesor no que dominaban os bígamos (*Littorina littorea*), estando presentes de novo as ameixas, unhas poucas ostras e restos de *Dossinia exoleta* (almejón redondo). No acondicionamento da zona en 2001 pola empresa Terra Arqueos tamén se documentaron restos descontextualizados de lapa (*Patella Vulgata*) (Álvarez et al. 2005: 102).

A localización por nós dun concheiro no foxo vencellado á entrada SE do Castro Grande e datable entre os séculos IV-II a. C. permitiu documentar unha presenza diferenciada entre as especies que conforman os niveis de cunchas, puidendo establecer unha primeira aproximación á captación deste tipo de recursos na 2ª Idade do Ferro (Bejega e Fernández 2008).

En primeiro lugar, resulta evidente que en ámbolos dous castros predominan tanto as ostras coma os bígamos, mentres que no concheiro do Castro Grande aparece de xeito sobranceiro o mexillón. En segundo lugar, os moluscos recolectados vánse ver influídos pola propia morfoloxía do tramo de costa mariña inmediato aos castros. A Punta de Neixón presenta unha morfoloxía rochosa, con zonas de doado acceso para a recolección e pouco batidas polo mar, o que favorece, por exemplo, a presenza de mexilóns e bígamos. Tamén cómpre subliñala existencia de pequenas praias nas que se localizan os hábitats de ameixas, ostras e navallas. A presenza de *púrpura*, aínda que sexa cun valor anecdótico, pon de relevo a meirande temperatura da auga con relación á actualidade, o que ten levado a que hoxendía non se atope presente esta especie no Noroeste.

A enquisa etnográfica e a observación das prácticas marisqueiras na actualidade constatan o potencial do extremo da Punta como área de extracción de mexillón e bígamo no pasado, mentres que as praias da *Posta Nova* e a *Posta Vella* resultan ser zonas óptimas para a recollida de ameixa. A enseada W é unha das

zonas de meirande produtividade de ostra de toda a Ría de Arousa (Meijide Pardo 1969).

Cuarta resposta: a intervención arqueolóxica de 1925 no Castro Pequeno permitira documentar un molde de fundición de machados de tubo, así coma unha serie de elementos metálicos de bronce coma un brazaletes, unha fíbula de pé recto, unha concha ou un colgante bipenne, así como restos de fundición (Cuevillas e Bouza Brey 1926-27: 6, 33) o que levou a seus escavadores a falar dun obradoiro metalúrxico importante [**Lámina 3**]. Posteriormente as escavacións da década de 1970 completaron o panorama coa aparición de restos de crisóis de fundición, un machado de tope de dous aneis e anacos dun posible caldeiro de bronce (Acuña Castroviejo 1977: 250). Outro arco de fíbula adscribíbelos aos séculos VI-V. a. C. foi atopado na limpeza e reescavación de 2001 (Álvarez et al. 2005: 103, lám. 7).

Os estudos tipolóxicos destas pezas nunca foron acompañados de análises arqueolóxicas que precurasen saber se os minerais empregados nesa metalurxia local eran de orixe alóctona ou procedían do contorno inmediato do Castro Pequeno. A nosa investigación etnoarqueolóxica desenvolta nesta campaña de 2006 permitiu localizar un xacemento de estaño, na ladeira E de Vidres e na praia anexa, que fora sistematicamente explotado a finais dos anos 1940 e durante a década dos anos 50 (Ayán et al. 2008). Asemade contamos con referencias sobre o achado de muros de cachotería e abundante cantidade de escoura nas cercanías do Castro Grande.

Se ubicamos na cartografía estas áreas potenciais de captación de recursos do Castro Pequeno (o que os arqueólogos funcionalistas anglosaxóns denominaban o *Site Catchment Analysis*) vemos claramente que se ubican nun radio que non chega aos 2 km de distancia. Se a iso lle unimos a proximidade a mananciais de auga e a doada defensibilidade do extremo da Punta de Neixón, temos un panorama que nos explica o óptimo emprazamento do Castro Pequeno e as posibles causas da súa elección como espazo habitacional. A este respecto, a análise locacional desenvolta trala campaña de 2004 (Fábrega et al. 2005) amósanos a singularidade do emprazamento do Castro Pequeno en comparanza co modelo xeral para estes poboados fortificados ao longo da 1ª Idade do Ferro. Neste senso, a súa situación fai que teña unha prominencia negativa con respecto ao seu entorno inmediato, que está situado a unha altura media superior ao castro (concretamente isto é ben visible no caso do solar que ocupa o Castro Grande, xusto diante do Pequeno e todo el a cota máis elevada). A visibilidade dende o Castro Pequeno está claramente centrada no entorno inmediato, marítimo e litoral. A visibilidade a longa distancia é moderada e moi dispersa sobre a superficie terrestre, mentres que cara ao mar non é posible visibilizar máis alá da parte media da ría de Arousa debido á existencia de entrantes e saíntes, concretamente do istmo de Cabo de Cruz, que representa unha barreira visual insalvable.

O entorno do poboado está formado maioritariamente por terreos profundos de boas condicións para o cultivo intensivo, o tipo de solos que na península de Barbanza se atopan nas zonas litorais entre a serra e a ría. A

accesibilidade a estes terreos é moderadamente boa, malia que no entorno de 15 minutos atopamos unha menor porcentaxe destes terreos que no de 30 minutos, o que nos indica que non existe unha prioridade clara por eses terreos, xa que son máis asequibles consorte nos alonxamos do castro.

Até o momento estamos a tratar dun espazo, dunha cartografía, duns puntos marcados nun mapa; pero como somos arqueólogos teremos que dar conta da súa evolución ao longo do tempo, da súa orixe, e tentar dar resposta á:

- *Pregunta 5*: cando se construiu o Castro Pequeno de Neixón?

Antes de tentar respostar cómpre recordar que a historiografía tradicional define este xacemento coma un dos castros máis antigos de Galicia, coma un castro da transición Bronce Final-1ª Idade do Ferro, cunha orixe no século VII a. C. e un desenvolvemento pleno ao longo do século VI a. C. (López Cuevillas e Bouza Brey 1926-7; Calo e Sierra 1983: 35) (Rey 1992: 168).

Quinta resposta: a escandalosa ausencia de datos publicados conleva, entre outras consecuencias, á reafirmación da idea de que se trata dun poboado que afunde as súas raíces no Bronce Final Atlántico e que, despois, entra no circuito comercial mediterráneo en época temperá, debido ao achado dun suposto *aryballos* fenicio (fotografía en Calo 1993: 57). No tocante ao primeiro punto, é certo que algúns dos obxectos de bronce atopados, como a fíbula de pé recto ou o molde para fundir machados de talón nos remiten a esa tradición artesá que, por outra banda, vemos que continúa ao longo da 1ª Idade do Ferro. A ausencia de datacións radiométricas impide concretizar máis esta cuestión. Con todo, polos perfís e datos publicados por Bouza Brey e López Cuevillas (1926-1927) e Acuña Castroviejo (1976) podemos identificar unha sucesión de alomenos tres niveis de ocupación ao longo dos cales se produce un paso da arquitectura doméstica erguida en materiais perecedoiros a unha última fase na que se artella todo un espazo doméstico formado por cabanas circulares con zócalo de cachotería, fogar central e cuberta de colmo **[Lámina 4]**.

No referido aos contactos mediterráneos, o *aryballos* documentado retrotráese a unha época máis serodia que a proposta orixinariamente, correspondéndose co control púnico do comercio co Atlántico, a partires do século V a. C. en adiante (Suárez e Fariña 1990; Calo 1993: 57; González Ruibal 2004: 299).

Finalmente, os seus escavadores consideraron O Castro Pequeno como un poboado abandonado a finais da 1ª Idade do Ferro, aspecto éste que plantexa numerosas dúbidas hoxendía. De feito, os perfís das intervencións antigas amosan unha actividade de inutilización do paramento murario da muralla, espazo que se amortiza *a posteriori* como área de verquedoiro con dous concheros sucesivos. Asemade, na limpeza e reescavación de 2001 recollerónse incluso anacos de tégula romana no sector escavado na década de 1970 (com. pers. de L. F. López González).

Se ben resulta probable un abandono como espazo habitacional permanente do Castro Pequeno cara ao século V-IV a. C. esta hipótese comeza a clarexarse cos descubrimentos das escavacións arqueolóxicas desenvoltas por nós no Castro Grande, que nos remiten a un proceso de fonda transformación, a unha

monumentalización total de toda a Punta de Neixón na transición entre a 1ª e a 2ª Idade do Ferro (Ayán et al. 2007). Será agora cando se constrúa o recinto coñecido como Castro Grande como semellan corroborar as datacións de C-14 (Parcerro e Ayán 2008).

1.1.3. Tres preguntas sobre O Castro Grande de Neixón

No tocante á historia das investigacións sobre *O Castro Grande* (Ayán 2005a) cómpre subliñar que a primeira intervención arqueolóxica desenvolta foi levada a cabo por F. López Cuevillas e F. Bouza Brey en 1925 mediante a apertura de *duas zaxas esporatorias, atopando soilo cachotes imitantes ós da superficie, moitas tégulas e poucos anacos cerámicos cáseque todos feitos a mau, lisos e de tipo castrexo e soilo un, de coor avermellado, sen polido nen barniz, con siñas da roda do oleiro* (1926-7: 78). A localización en superficie de anacos de muíños circulares e de tégulas e ímbrices, así como a morfoloxía totalmente artificializada do xacemento, levou a estes autores a esboza-la hipótese de que se trataba dun poboado de nova pranta, *dunha citania con elementos de romanización*, froito do traslado de poboación de *O Castro Pequeno* nun momento impreciso da 2ª Idade do Ferro.

Posteriormente, na década de 1970, F. Acuña Castroviejo, cun equipo formado por membros do Departamento de Arqueoloxía da Universidade de Santiago, realizou sucesivas campañas anuais de escavacións na área arqueolóxica de *Os Castros de O Neixón*. Dos resultados destas intervencións unicamente coñecemos unha breve síntese da escavación de 1973 en *O Castro Pequeno* (Acuña Castroviejo 1976), mentres que da escavación realizada en *O Castro Grande* só documentamos unha referencia indirecta na obra de síntese de J. Naveiro sobre o comercio en Galicia na Antigüidade: [en *O Castro Grande*] *los vertidos de ánfora son absolutamente dominantes, habiéndose localizado extensas capas de tiestos que superan en casos los 40 cm de potencia (información inédita de F. Acuña sobre la campaña de 1976)* (Naveiro 1991: 151, n.p. 5).

Dende aquela consagráronse dous tópicos: 1. que o Castro Grande estivo habitado cara ao cambio de era e 2. que foi o resultado do traslado de poboación do Castro Pequeno. Este proceso de cambio de emprazamento é xa un clásico na bibliografía, aínda que nunca foi demostrado. Como xa apuntara Arias Vilas (1987: 10): *El Castro de O Neixón Grande, vendría a substituír, en una estratigrafía horizontal, al llamado Neixón Pequeno (con claros indicios de contactos comerciales más antiguos), aunque existen escasos datos de hallazgos materiales que documentan aquella sustitución.*

Este panorama obrigounos a plantexar tres preguntas que aínda seguen, despois de catro campañas de escavación, encabezando o noso proxecto de investigación:

Pregunta 1: por que hai dous castros un á beira do outro?

Pregunta 2: que pasa na Punta de Neixón entre o século V a. C. e o cambio de era?

Pregunta 3: que é o Castro Grande?

As campañas desenvolvidas entre 2003 e 2006 permitiránnos plantexar aquí unha resposta conxunta a estas tres cuestións. Comecemos polo principio.

A área arqueolóxica da Punta de Neixón é realmente un espazo practicamente excepcional na Idade do Ferro galega. A cercanía extrema entre dous xacementos castrexos repítese en casos contados no NW; paralelos significativos serían os poboados de Retén e Iria en Padrón, o Castro e mailo Castriño de Bendoiro, así coma Pena Grande e o Castro Pequeno, os catro na terra do Deza.

A análise locacional desenvolvida trala campaña de 2004 aporta xa algunhas das claves deste novo emprazamento cara ao interior da Punta de Neixón (Fábrega et al. 2005). O Castro Grande sitúase no outeiro que se atopa na parte central do istmo. A súa posición é máis destacada sobre o nivel do mar (30 metros na súa cota máis elevada) e tamén sobre o seu entorno máis inmediato. Ao igual que dende o Castro Pequeno, a visibilidade está centrada na franxa marítima e litoral, aínda que neste caso melloran as condicións de visibilidade sobre os terreos situados nas inmediacións. En todo caso a visibilidade do Castro Grande é aditiva con respecto ao Castro Pequeno, é dicir, que practicamente todo o espazo visible dende o Castro Pequeno o é tamén dende o Grande. E aínda máis: este incremento da visibilidade a longa distancia permite que dende o Castro Grande se acceda, alomenos potencialmente, a visualiza-lo emprazamento de tres castros agochados ao Pequeno que, por estrutura e posición, poden adscribirse ao mesmo momento de uso do Castro Grande: trátase dos castros de Garitas e Puta Ostreira, e mailo castro dos Bufos na Illa de Arousa.

Dende este novo poboado o acceso ao entorno prodúcese con meirande facilidade, xa que ocupa unha posición dominante sobre os terreos do entorno, o que fai que as pendentes sexan suaves cara ao interior. Se dende o Castro Pequeno accedemos en 15 minutos a apenas 25 Ha dos terreos máis axeitados para un cultivo intensivo, dende o Grande fácemolo a unhas 60 Ha. Mentres o entorno terrestre é pouco visible dende o Castro Pequeno, dende o Grande se acentúa, posibilitando o control sobre os terreos óptimos para un cultivo intensivo cerealista situados nas súas inmediacións.

Por outra banda, O Castro Grande atópase mais cerca da área tradicional de extracción de estaño na zona (estudada nesta campaña de 2006) ubicada ao NE do xacemento, na caída da aldea de Vidres cara ao mar.

Finalmente, dende o punto de vista locacional, o emprazamento do Castro Grande resulta máis aberto, mais equilibrado entre a terra e o mar, e moito menos restrinxido polas condicións da topografía. Á súa vez todo ese espazo é modificado totalmente, con movementos inxentes de terra que non só afectan ao erguemento do parapeto N senón a toda a zona, coa escavación de foxos e aterrazamentos en dirección S cara ao Castro Pequeno.

En definitiva, todos estes factores remiten a un lugar fortificado que incrementa a súa posición estratéxica, a visibilidade con outros poboados castrexos e se aproxima ás terras de meirande potencialidade agrícola así coma aos recursos mineiros dispoñíbeis. Dados todos que poden ser tratados como evidencias dun

triple proceso: incremento demográfico, meirande integración no territorio, desenvolvemento da agricultura e consolidación dunha sociedade campesiña. Tendencias que *a priori* se enmarcan perfectamente na Fase II da Idade do Ferro galaica (séculos IV-II a. C.).

Esta adscrición cronolóxica fora plantexada xa no seu día pola profesora J. Rey nos seus estudos da cerámica exhumada no Castro Grande na intervención de 1976) e nos que documenta restos de xerras tipo Toralla, bordos ensanchados tipo Cíes ou pezas singulares tipo Recarea (Rey Castiñeira 1990-1991: 156; 1992: 204).

As nosas intervencións no recinto superior do Castro Grande viñeron corroborar esta hipótese e encadra-lo nacemento dese novo espazo cara aos séculos V-IV a.C. Temos así unha secuencia de ocupación da Punta de Neixón que abrangue toda a Idade do Ferro e que impide soste un plantexamento de abandono dramático do Castro Pequeno e de reempazo polo Castro Grande. Neste punto, aplicando criterios deterministas, a variable demográfica pode ser útil para comprender a necesidade de acadar unha meirande superficie de asentamento, dada a insuficiente área habitacional do Castro Pequeno. Aínda así, cremos que este proceso é moito máis complexo, como complexo é o proceso construtivo que remata co aillamento de toda a Punta de Neixón, gracias ao erguemento de dous parapetos que dende ámbalasdúas liñas de costa conectan coa muralla N, como xa se apuntara no ano 2001 (Álvarez et al. 2005: 97).

Polo tanto, obsérvase unha monumentalización de todo ese espazo na 2ª Idade do Ferro definíndose unha área fortificada na que se identifican tres zonas: o recinto superior do Castro Grande, unha terraza meridional e o Castro Pequeno. Será nese momento cando o sistema defensivo do poboado primixenio, carente xa de funcionalidade, sexa amortizado como verquedoiro como así se comproba na documentación fornecida pola escavación de 1925 (López Cuevillas e Bouza Brey 1926-27). Outra cousa é que se abandone totalmente como espazo habitacional, feito que semella poñer de manifesto a datación probable do *aryballos* alí atopado (século IV a. C.) coetáneo dalgúns dos materiais púnicos rexistrados por nós no recinto superior do Castro Grande.

1.2. Hipótese de traballo

A priori cremos que se pode plantexar como hipótese de traballo realista a posibilidade de que *O Castro Grande* sexa un deses castros *costeiros* – emprazados en illas, pequenas penínsulas ou promontorios- que inzan o litoral das *Rías Baixas* e se desenvolven notablemente na 2ª Idade do Ferro a instancias dos contactos cos comerciantes mediterráneos. Este proceso, que se daría entre o século IV a.C. -med./fin. século II a. C caracterizaríase nidiamente (Naveiro 1991: 149-51) polo control púnico do tráfico atlántico a través de elementos gaditanos, levándose a cabo intercambios puntuais (vaixelas finas e outros produtos de luxo), pero con certa regularidade, nas zonas costeiras máis accesibles e tramos inferiores dos ríos máis importantes.

A este respecto, *O Castro Grande* presenta un emprazamento óptimo, con potenciais zonas para fondeadeiro e embarcadoiro, e fontes e arrosios próximos para o suministro de auga. Segundo J. Naveiro, non se pode determinar con claridade a funcionalidade dalgúns destes castros *marítimos* xa que puideron ser portos de apoio da navegación de cabotaxe ou verdadeiros e activos portos comerciais imbricados no intercambio e redistribución tanto do excedentes comarcais como dos produtos foráneos. En verbas do autor citado: *Otros castros con capacidade portuaria, como Neixón o Baroña, muestran productos de importación desde esta fase temprana, s. IV-II a. C., pero sus características – marcado contexto indígena- y situación, parecen indicar una participación más pasiva en el tráfico. La función portuaria de estos asentamientos queda confirmada durante los s. I a. C y I d. C., por los importantes depósitos de ánforas localizados en los suelos de ocupación de los mismos yacimientos* (Naveiro 1991: 151).

Dentro deste contexto, *O Castro Grande* semella formar parte dun amplo conxunto de castros prerromanos das *Rías Baixas* que xurden nesa fase media do castrexo e que se abandonan ou –como parece ser o caso- se transfoman en asentamentos doutro tipo ao longo do cambio de era. Este proceso explicaría o último nivel de ocupación aparentemente documentado nas intervencións dos 70 así como o impacto romanizador na cultura material exhumada.

Quedaría por discernir a verdadeira cronoloxía¹ do asentamento, concreta-la súa funcionalidade así como a relación existente co *Castro Pequeno*, xa que non resulta doado pensar que ese espazo abandonado como lugar de habitación non fose amortizado dalgún xeito durante a ocupación do poboado fortificado de *O Castro Grande*.

2. Problemática patrimonial

A meirande parte das actuacións que se levaron a cabo non implicaron problemas prácticos relevantes. Unicamente cómpre considerar neste senso aqueles traballos que supuxeron movemento de terras. O problema máis relevante, o da evacuación de escombros, non puido ser solventado até o de agora. A este respecto, o desprazamento de terras procedentes das sondaxes e a retirada de escombres fica pendente até a remisión do presente informe valorativo.

Por outra banda, cómpre subliña-lo feito de que a Punta de Neixón non só constitúe unha área arqueolóxica, senón que se presenta coma un espazo no que conflúen diferentes variables:

¹ No mesmo contexto xeográfico contamos co xacemento de *O Achadizo* (Boiro, A Coruña), castro próximo a *Neixón Grande* que foi escavado recentemente por A. Concheiro, fornecendo unha serie de datacións radiocarbónicas que amosan unha longa perduración deste asentamento (Rubinos *et al.* 1999). De feito, o principal nivel de ocupación documéntase entre os séculos VII-II a. C. (calibrado). Tendo en conta a proximidade espacial, as coincidencias no emprazamento e aparentemente na cultura material, non é improbable inferir -partindo desta analoxía- que *O Castro Grande* poida obedecer aos mesmos parámetros no tocante á súa evolución como poboado. Para contrastar esta hipótese plantexaremos unha sistemática toma de mostras para datacións radiocarbónicas na intervención a desenvolver neste proxecto.

- En primeiro lugar, segue sendo unha área de captación de recursos xa que na Punta se levan a cabo actividades de pesca e marisqueo.
- Doutra volta, constitúe un espazo social para a comunidade local, servindo de área recreativa e de marco para a realización doutro tipo de actividades como pode se-la Romaría de Neixón a comezos de agosto.
- Finalmente, Os Castros de Neixón consolidouse coma un recurso turístico que atrae a numerosas persoas nos meses de verán.

Esta triple circunstancia condicionou positivamente a natureza deste proxecto arqueolóxico, xa que no enfoque asumido polo noso equipo tivemos en conta a necesidade de artellar unha estratexia de traballo que se amoldase ás características que posúen os Castros de Neixón como recurso patrimonial. Neste senso, o equipo arqueolóxico levou a cabo, paralelamente á escavación, labores de divulgación, destinados a satisfacer as demandas dos visitantes que acodían á Punta de Neixón durante a realización desta campaña arqueolóxica.

3. Fundamentación do proxecto e campo de traballo nos castros de Neixón

3.1. O contexto de partida: a excepcionalidade dun espazo multidimensional

Os Castros de Neixón (Boiro, A Coruña) presentan un enorme potencial xa que permiten analizar e amosar ao público a evolución histórica da ría de Arousa, dende a Prehistoria deica á actualidade, a unha escala microespacial, asequible e comprensible para o público en xeral. Neste senso, nos castros de Neixón se pode segui-la conformación dunha paisaxe cultural ao longo de tres mil anos, transformando a man do home un espazo natural, virxe, e convertíndoo nun espazo construído culturalmente (Ayán 2008a).

A este respecto, Os Castros de Neixón son un espazo multidimensional, que ten moitas facianas, no que conflúen diferentes experiencias, percepcións do presente e interpretacións do pasado:

1. Mito historiográfico da Arqueoloxía galeguista: as intervencións de Bouza Brey e López Cuevillas no Castro Pequeno de Neixón en 1925 (Bouza Brey e López Cuevillas, 1926-7) foron, por unha banda, as primeiras escavacións de carácter científico feitas no noso país e, por outra banda, constituíron un auténtico referente fundacional para a Arqueoloxía galeguista, sentando as bases da interpretación celtista do pasado protohistórico de Galicia (Ayán 2005a).
2. Xacemento arqueolóxico representativo da Protohistoria e Historia Antiga de Galicia: Os castros de Neixón estiveron habitados ao longo de 1500 anos, o que permite amosa-la evolución da cultura castrexa e o impacto da romanización, entre os séculos VIII a. C. e IV d.C. Nesta ampla ocupación,

este espazo foi un enclave comercial e metalúrxico importantísimo dende época prehistórica e un punto clave nas relacións entre a cultura castrexa atlántica e o mundo mediterráneo (Acuña 1976; 2008; Ayán et. al. 2007). Neste senso, é un xacemento clave para entender a chegada dos comerciantes cartaxineses a Galicia e a súa influencia na cultura material castrexa.

3. Espazo económico: Os Castros de Neixón, dentro da parroquia plenomedieval de Sispalone, pasa a ser un área non habitacional, un espazo periférico, escasamente produtivo dende o punto de vista agrario, pero do que se extraen notables recursos: leña, toxo, pedra, pesca, marisco. Dentro da configuración do sistema económico parroquial as prácticas consuetudinarias consagran este espazo coma un espazo comunal, potencialmente explotable polas unidades familiares da parroquia, polas casas con porta aberta e fume (Novás 2007). O antigo Neixón pasa a converterse no monte de Neyxon. Pero a vertente mariña deste monte fará deste espazo, ao longo do Antigo Rexime, un fondeadeiro natural importante da flota pesqueira de Cespón (o porto de Vidres) e unha zona de extracción de marisco, importante, contando con varios viveiros de ostra. A Punta de Neixón pasa a converterse nun referente da enseada de Rianxo, nun espazo de explotación económica mariña para as confrarías desa localidade. Á súa vez, cómpre remarca-la potencialidade mineralóxica e metalúrxica da zona, un aspecto xeolóxico que condicionou o devalar histórico da Punta de Neixón. A este respecto, a zona mineira máis cercana concrétase en Vidres, a escasos metros do Castro Grande, na que se desenvolveu unha explotación de estaño na postguerra (anos 40 e 50) da que se conservan numerosos restos (a estudar dende o punto de vista da Arqueoloxía industrial) e, o que é máis importante, abundantes testemuños de xente que traballou alí (Ayán et al. 2008).
4. Espazo para actividades ilícitas: Os Castros de Neixón foron utilizados nas últimas décadas como fondeadeiro para o contrabando de tabaco e como área de almacenamento, conservándose na actualidade unha grande cantidade de pequenos búnkers subterráneos. Queda hoxendía moita xente viva que é testemuña oral desa actividade tan importante no devalar histórico da ría de Arousa. Asemade, a reconversión do sector cara ao narcotráfico tamén incidiu na reutilización dos Castros de Neixón nas décadas de 1980 e 1990. Todos estes factores fan de Neixón un enclave importante neste tipo de actividade ilegal. Neste senso, constitúe unha dimensión máis deste espazo plurifuncional que debe ser estudada e amosada ao público para levar a cabo unha lectura integral da evolución histórica deste espazo.
5. Espazo simbólico: o papel de resto material dun pasado pagán fixo que moitos castros en Galicia non só estivesen adicados a actividades económicas de distinto tipo, senón que tamén fosen empregados, tanto pola Igrexa oficial como pola cultura popular, como escenarios simbólicos. De aí que se constrúisen capelas nos cumios dos castros, e se celebren

romarías, procesións e cerimoniais de carácter relixioso sobre bastantes destes asentamentos protohistóricos. Un exemplo claro disto último é a romaría do Neixón que se celebra ao pé do parapeto do Castro Grande a comezos do mes de agosto (Ayán e Arizaga 2005). A festa xurdiu no ano 1978 cando, trala construción dun campo de fútbol na zona, os parroquiáns de Cespón, e sobre todo, do lugar de Nine, tomaron a iniciativa de celebraren a romería o primeiro fin de semana do mes de agosto (González e Ayán 2007). Actualmente a Romaría de Neixón constitúe un referente no calendario festivo do verán en toda a península de Barbanza: acode toda a xente da parroquia e parte doutras parroquias de lonxanos puntos da bisbarra, así coma unha grande cantidade de turistas.

6. Espazo para a recuperación da memoria histórica: Neixón foi un espazo-referente para a Arqueoloxía galeguista e para a propia Xeración Nós. Xa en 1912 fora o escenario dunha homenaxe brindada pola poboación de Rianxo a Castelao para celebra-lo seu éxito como debuxante en Madrid. Á súa vez, o interese amosado pola Arqueoloxía galeguista veu dado polo coñecemento da ría de Arousa por parte de F. Bouza Brey, e probablemente polas referencias fornecidas por Castelao, quen coñecía os restos de primeira man, nas súas visitas a Cespón nas que incluso debuxou cruceiros que incluíría na súa obra *As cruces de pedra na Galiza*. Sen dúbida, Castelao tivo bastante que ver co vencellamento entre a Punta de Neixón e maila Xeración Nós. Neste senso, non é casual a presenza en Rianxo dun dos membros daquel grupo ourensán de intelectuais galeguistas, Arturo Noguero Buján quen viviu cinco anos na vila de Rianxo (1928-1932) exercendo de Secretario do Concello, e que foi asasinado en Ferrol en 1936. Outro membro da Xeración Nós, o xeógrafo Otero Pedrayo, coñecía ao detalle a parroquia de Cespón, como consecuencia tamén do seu seguimento no seu día dos traballos de Bouza Brey e López Cuevillas en Neixón. Dous rapaces da bisbarra van contribuír tamén ao coñecemento arqueolóxico de Neixón e de Barbanza nosa nos 20 colaborando activamente con López Cuevillas e Bouza Brey. Trátase de José Otero Espasandín e Ramón Martínez López, insignes galeguistas que tiveron que sufrir-la inxustiza do exilio para salva-las súas vidas (Ayán 2008b).

3.2. A estratexia de traballo: unha arqueoloxía crítica, reflexiva e multivocal

Neixón é unha paisaxe construída mediante diferentes procesos cognitivos e sociais, un lugar significativamente constituído, pensado coma un imaxinario espacializado mediante redes de representacións historicamente constituídas, que remiten a realidades híbridas e múltiples do pasado (Criado 1993; Tilley 1994; Whitridge 2004).

O contexto do noso proxecto é, polo tanto, un xacemento multidimensional, poliédrico, no que conflúen diferentes interpretacións e intereses, ás veces compatibles, ás veces antitéticos e contradictorios. Para tratar con este lugar, esta

realidade presente, cargada de pasado, de sentido e proxectada ao futuro, non podemos caer no autoritarismo academicista que sanciona a Arqueoloxía como unha disciplina científica, garante da única verdade positiva. A multivocalidade dos Castros de Neixón debe ser respectada e analisada por unha práctica arqueolóxica que devale cara á un método reflexivo, autocrítico e relativista (Hodder 2000; Chadwick 2003). A escavación arqueolóxica xenera un rexistro (que non é un documento que remita ao verdadeiro pasado) dentro dun particular contexto de produción de coñecemento. As certezas da nosa investigación poden devir dúbidas perante a crítica verquida polos diferentes axentes que conflúen no campo de traballo: a comunidade local, os voluntarios, especialistas con diferentes formacións e tradicións investigadoras. Asemade, a presentación dos resultados (na exposición do Centro Arqueolóxico, nas publicacións, na sinalética da área arqueolóxica) debe estar aberta ao público a que vai dirixida, que tamén contribúe a nosa comprensión da área arqueolóxica (Bartu 2000).

Neste senso, as realidades que conforman Neixón poden ser abordadas metodoloxicamente dende a *multi-sited ethnography* proposta nos últimos tempos por un sector da Antropoloxía social e maila Arqueoloxía post-procesual (Marcus 1995: 105; Bartu 2000: 103-4) e dende a Etnoarqueoloxía que bebe directamente da teoría poscolonial (González Ruibal 2003: 13-6; 2006: 42-8). Dende estes presupostos, a interacción coa comunidade local preséntase coma un factor chave para desenvolver unha Arqueoloxía crítica (Fernández 2006) que maximice o potencial do contexto de traballo e permita re-pensalo coma un contexto vivo e non un simple fósil do pasado.

3.3. A ferramenta para a Xestión Integral do Patrimonio: o campo de traballo internacional

A utilización de actividades de tempo libre orientadas ao traballo voluntario conta cunha longa tradición dende hai décadas en toda Europa. O seu alto compoñente didáctico, o grao de compromiso dos xoves nos proxectos de actuación e a súa positiva influencia nas comunidades locais de acollida son todos factores que garanten, a priori, o éxito destas iniciativas, aplicadas ao eido da Xestión do Patrimonio Cultural. No noso contexto, cómpre remarca-la experiencia de longa duración do Campo de traballo arqueolóxico da Serra da Aboboreira, dirixido por Víctor Oliveira Jorge ao longo da década de 1980 (Jorge 1988). A aplicación deste modelo en Galicia veu da man da empresa privada Anthropos S.L. coa organización de campos de traballo en Penedos do Castro (Nogueira de Ramuín, Ourense) e as Illas Cíes (Vigo, Pontevedra) (García 2003).

No ano 2003, o Excmo. Concello de Boiro e mailo LAr do IEGPS (CSIC-XuGa) plantexaron á Xunta de Galicia a realización dun campo de traballo interautonómico que permitise manter actividade arqueolóxica ná área dos Castros de Neixón nos meses de verán e contribuír tanto á recuperación patrimonial da zona como ao deseño de contidos do Centro Arqueolóxico do Barbanza, aberto ao público en 2002. Polo tanto, o proxecto tiña que facer fronte a unha triple demanda

institucional e solventar obxectivos tanto de investigación básica como de investigación aplicada:

- Por unha banda, a Dirección Xeral de Xuventude incluía o campo de traballo de Neixón dentro da súa oferta pública da campaña de verán. Este factor esixía o deseño dun programa de traballo interdisciplinar que contase cun equipo conxunto de arqueólogos e de monitores de tempo libre. Este amplo equipo garantía unha oferta de actividades que encherían de contido ao traballo voluntario.
- Por outra banda, o Excmo. Concello de Boiro precuraba a consolidación dun recurso turístico mediante a posta en valor integral da área arqueolóxica de Neixón.
- Asemade, como arqueólogos dunha institución pública tiñámo-la obriga ética, legal e profesional de xerar coñecemento científico e poñelo a disposición da sociedade, dacordo cos parámetros establecidos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galiza, entidade que concede o permiso de escavacións e segue o proxecto.

A esta triple demanda profesional cómpre engadi-las expectativas da propia comunidade local e dos propios voluntarios do campo de traballo, principais activos do proxecto arqueolóxico dos Castros de Neixón. Como xa nos temos ocupado amplamente noutro lugar da experiencia do noso campo de traballo (Ayán *et. al.* 2007) aquí unicamente sintetizarémo-lo programa de actividades desenvolto por nós para tentar acadar los obxectivos anteditos.

Nós tentamos converte-lo campo de traballo nunha actividade integral que permita ao grupo de voluntarios coñece-la realidade galega a partir dunha serie de visitas a paisaxes culturais seguindo unha secuencia que parte do contorno inmediato do xacemento, da parroquia de Cespón e da ría de Arousa para chegar a elementos senlleiros do Patrimonio Arqueolóxico e Etnográfico de Galicia (Castromao, San Cibrán de Lás, Compostela, arte rupestre de Campo Lameiro...). Esta actividade de promoción do Turismo cultural complementase cunha ampla formación arqueolóxica que fai fincapé no papel da disciplina como técnica de Xestión Integral do Patrimonio, cunha vertente aplicada ao desenvolvemento local. Deste xeito, os voluntarios decátanse do verdadeiro sentido social do seu labor científico. Porque tódalas actividades formativas que realizan van encamiñadas á xeración de novo coñecemento científico sobre os Castros de Neixón: sistematización de mostras malacolóxicas, seminarios de xeomorfoloxía, tratamento da cultura material, debuxo arqueolóxico, paleometalurxia, etnoarqueoloxía, topografía, enquisa etnográfica, arqueoloxía experimental... Un amplo equipo de especialistas dirixen estas actividades formativas xenerando o rexistro básico, os alicerces da serie de publicacións científicas e do deseño da exposición permanente sobre as escavacións arqueolóxicas ubicada no Centro Arqueolóxico de Barbanza.

O noso programa científico tenta concilia-la investigación básica maila investigación aplicada, converténdose o campo de traballo nun obradoiro de

experimentación de Didáctica da Arqueoloxía, contrastando en campo as distintas perspectivas válidas para a divulgación e a difusión do coñecemento arqueolóxico con grupos de persoas sen formación previa en Arqueoloxía.

Todo este traballo desenvolto ao longo dun mes (do 15 de xullo ao 15 de agosto) contribúe á propia visibilización do proxecto, incrementando o potencial do xacemento como referente identitario para a comunidade local e como recurso turístico visitable durante a época de meirande actividade turística en Boiro. A este respecto, os castros de Neixón non son só un fermoso espazo natural, senón que atraen a numerosos visitantes como paisaxe cultural e como espazo arqueolóxico aberto no cal se pode ve-la practica arqueolóxica en vivo, ter un contacto físico, material, tanxible co pasado.

3.4. Os resultados: a propia práctica arqueolóxica como recurso turístico potencial

Malia que os Castros de Neixón se integraron na fase final do proxecto Castrenor, cremos que pode fornecer ideas e propostas aplicables a todos eses proxectos que se están desenvolvendo en pequenos castros galaico-minhotos (véxase VV.AA. 2006). Unha valoración sintética do acadado até o momento dende o ano 2003 pode resumirse nos seguintes puntos:

- O número de visitantes á área arqueolóxica da Punta de Neixón e mailo Centro Arqueolóxico de Barbanza incrementouse notablemente dende que hai unha actividade arqueolóxica continuada grazas ao campo de traballo (Lomba 2005: 366).
- O traballo coa comunidade local no eido do proxecto reorientou unha inicial relación negativa da parroquia con respecto á área arqueolóxica, debido a problemas legais ao producirse a expropiación por parte do Concello de Boiro. O cambio de actitude exemplifícase na recente creación da Asociación de Veciños Neixón da parroquia de Cespón² que pretende, entre outras anqueiras, potencia-la divulgación do Patrimonio Cultural da zona.
- O éxito do campo de traballo (tanto en Cíes coma en Neixón) como ferramenta útil para o desenvolvemento local a partir da Xestión Integral do Patrimonio levou á Dirección Xeral de Xuventude a amplia-la oferta destas actividades no conxunto de Galicia, coa apertura de novos campos de traballo noutros castros. Estes proxectos son decididamente apoiados polas corporacións locais, debido ao seu éxito na promoción turística e cultural dos Concellos.
- O proxecto contribúe a asenta-lo papel do Centro Arqueolóxico de Barbanza (Barbeito 2006) como eixo vertebrador da oferta de Turismo Cultural de toda a península do Barbanza, unha das áreas máis dinámicas dende o punto de vista socioeconómico do litoral galego.

² <http://www.boirocidadan.net/asociacions/somos/6/asociacion-de-vecinos-neixon-de-cespon>

- O campo de traballo intégrase na oferta cultural do Concello de Boiro, participando nun proxecto cultural marco, compartindo un enfoque común materializado noutras iniciativas como a celebración de actos da Semana da Ciencia do CSIC, na organización dunha Semana das Culturas no verán, en publicacións adicadas á promoción de novos valores, no proxecto Leña Verde³ dirixido dende o Centro Social de Boiro, na actividades de asociacións culturais veciñais, etc...
- O apoio interinstitucional garante a continuidade do proxecto. A súa rendibilidade sociocultural é toda unha garantía para a súa permanencia, á marxe das conxunturas e cambios políticos que, ás veces, supoñen o remate inesperado de interesantes iniciativas de recuperación do Patrimonio arqueolóxico.
- O proxecto amosa claramente a rendibilidade en termos científicos do traballo cos voluntarios e maila comunidade local, xerándose un rexistro arqueolóxico de calidade, utilizado en numerosos congresos, artigos, monografías e publicacións científicas (Ayán 2005; Ayán et. al. 2007).
- A estabilidade acadada no proxecto, o citado apoio institucional e a súa visibilidade científica (coa colaboración de diferentes Universidades e equipos de investigación, coordinados polo CSIC) abre á porta á chegada de financiamento externo por parte de entidades privadas e empresas significativas da zona, incrementando a capacidade de autoxestión e autosustentabilidade do proxecto.

En definitiva, cómpre subliñar que os tres principais activos dun proxecto destas características son a interdisciplinabilidade, o traballo dos voluntarios e maila implicación da comunidade local. Estes tres chanzos asentan un proxecto científico que, malia ter sido deseñado dende arriba, dende o eido institucional, acadou adentrarse na realidade social, económica, cultural e simbólica na que se insire a área arqueolóxica de Neixón.

4. Obxectivos da intervención

4.1. Obxectivos do campo de traballo en Arqueoloxía

Dende o noso punto de vista, a participación nun campo de traballo en Arqueoloxía debe implicar máis beneficios á comunidade que os derivados directamente do traballo dos participantes. A investigación e maila xestión arqueolóxica xeran unha serie de coñecementos e novos puntos de vista dende os que comprende-lo pasado e incluso o presente que poden poñerse en coñecemento da sociedade. Os campos de traballo desta xorne poden axudar neste senso.

³ <http://www.todofume.com/>

Pretendemos posibilitar que os participantes teñan un certo coñecemento dos problemas que necesita resolve-la investigación e maila Xestión do Patrimonio Arqueolóxico, que consideren a xestión dos bens arqueolóxicos como unha posibilidade de desenvolvemento non só cultural, senón económica e social. De xeito parello, dende o coñecemento doutras formas pretéritas de aproveitamento do medio e convivencia social como o vivido polas comunidades da Idade do Ferro do NW, podemos fornecer novos puntos de vista dende os que valora-lo noso marco social e ambiental actual cun meirande grao de relatividade, así como ofrecer novas claves para a lectura activa das paisaxes humanizadas.

Concretamos a continuación estes obxectivos xenéricos.

4.1.1. Arqueolóxicos

A finalidade sobranceira é que mentres os participantes no Campo cumpren os obxectivos seguintes, poidamos ao longo deste proxecto escavar primeiro e consolidar despois os restos existentes no xacemento para transformar a área arqueolóxica de O Neixón nun espazo non só visitable (que en certa medida xa o é) senón que dote de sentido co seu rexistro arqueolóxico á aula didáctica emprazada ao seu carón.

- Considera-lo Patrimonio Arqueolóxico coma medio para o coñecemento do pasado e mailo presente, así como da rede de relacións entre home e medio, e entre home e cultura.
- Ser conscientes de que cada parcela de coñecemento arqueolóxico é útil na medida na que poidamos integrar na globalidade de cada cultura deica o presente.
- Ter coñecemento dos anceios e métodos do coñecemento arqueolóxicos hoxendía: os plantexamentos hipotéticos como guía da investigación.
- Contempla-la escavación como ferramenta de contrastación dos suliñados plantexamentos hipotéticos.
- Tomar contacto con técnicas sinxelas de escavación, conservación e rexistro de materiais.
- Valora-lo obxecto arqueolóxico como integrante dun contexto cultural máis amplo, ao non poderen explicarse axeitadamente como obxecto aillado.
- Na mesma liña, considerar que os xacementos arqueolóxicos só se poden explicar e comprender axeitadamente como integrantes dun máis amplo contexto espacial, a paisaxe na que se emprazan.

4.1.2. Extraarqueolóxicos

O propósito dunha experiencia deste estilo vén sendo incrementa-la comprensión e convivencia intercultural combinando reflexión e acción na práctica diaria para traballar contra a xenofobia, o racismo e maila exclusión, tentando incentiva-lo respecto por, para e co outro/a.

Deste xeito procúrase acada-los seguintes obxectivos xerais vencellados intimamente coa natureza dos campos de traballo:

- Supera-los estereotipos, os prexuízos e evita-la discriminación que exercemos sobre persoas diferentes a nós.
- Provocar un clima axeitado para que se inicie un proceso de coñecemento e confianza no que se profundizará ao longo de todo o campo de traballo.
- Posibilitar unha experiencia de ocio e tempo libre plenamente gratificante e motivadora.
- Fomenta-la adquisición de novos coñecementos e destrezas no que se refire ao medio ambiente e o Patrimonio Cultural, o entorno natural e rural, desenvolvendo actividades máis respectuosas e coherentes co medio.
- Potencia-la participación, a cooperación e maila sociabilidade como valores persoais básicos da convivencia na vertebración dunha sociedade máis xusta e solidaria.
- Primar actividades que só sexan posibles dende o traballo en grupo e maila cooperación.
- Crear espazos abertos ao diálogo e convivencia, a través de dinámicas que favorezan a expresión e comunicación grupal.
- Evitar actividades que se contraponan ao espírito de non violencia e de cooperación característicos dos campos de traballo: actitudes autoritarias, connotacións belicistas ou agresivas, exercicio de actividades competitivas, etc.
- Favorece-la coeducación, a aprendizaxe intelectual e todas aquelas propostas que supoñan a superación de calquera forma de marxinação.
- Estimula-la creatividade, a expresión nas súas múltiples formas e técnicas de traballo manual como recursos básicos de desenvolvemento e satisfacción persoal nos/as participantes.
- Promover situacións de aprendizaxe de técnicas e habilidades artesanais, especialmente as que poidan adquirirse directamente das xentes do ámbito rural e dos/as propios/as participantes.
- Anima-las propostas que supoñan experiencias de carácter artístico ou de recoñecemento do valor estético das cousas.
- Valora-lo que os/as participantes sexan capaces de facer coas súas propias mans e co seu esforzo.
- Promover iniciativas que supoñan a libre expresión dos/as participantes: corporal, música, plástica, gráfica ou audiovisual.
- Volver dotar de significado á paisaxe, facendo unha lectura activa dos seus atributos.
- Aprender a considera-la paisaxe como contedor e expresión da cultura, e do home, o seu protagonista.
- Ve-la paisaxe coma unha realidade global, non limitada a aqueles elementos de meirande valor estético ou natural; a paisaxe como totalidade do espazo (urbán, rural, inculto...)
- Concebi-las culturas como realidade anterior e allea ás fronteiras actuais.

- Considera-la historia como un conxunto de culturas en comunicación, non de realidades separadas e independentes.
- Obter unha visión non evolucionista nin liñal das culturas.
- Esixencia de descompartimentar los diferentes episodios prehistóricos e históricos.
- Valora-lo Patrimonio Arqueolóxico coma un potencial factor de desenvolvemento económico e cultural.
- Coñece-los rasgos principais das condicións de conservación e ameazas que soportan a cotío os elementos do Patrimonio Arqueolóxico galego.
- Pensar no Patrimonio Arqueolóxico como nun recurso que nos pertence a todos, o coidado e promoción do cal todos debemos ser garantes.
- Enxuíza-la nosa actitude cara o medio a partires do coñecemento de formas de aproveitamento e percepción do medio distintas ás actuais.
- Os participantes deberán considera-lo medio natural coma o conxunto de toda a superficie terrestre, e non só aquelas parcelas acotadas para a súa conservación e visita (parques, espazos protexidos).

4.2. Obxectivos da intervención arqueolóxica

Pode falarse de tres grupos de obxectivos esenciais, relativos aos diferentes tipos de traballos que se van desenvolver, adecuación, documentación e investigación:

- **Adecuación:** a finalidade é desenvolver unha serie de traballos que permitan continua-la sucesión de intervencións iniciadas en pasadas anualidades, de cara a mellora-la aparencia dos xacementos e a facilitar a súa visita por parte do público en xeral. Búscase mellora-la accesibilidade e mobilidade polo interior do xacemento, ampliando e renovando a roza da vexetación, comenzando a habilitar un novo e mellor acceso e actualizando a sinalética cos novos datos fornecidos polas últimas campañas de escavación.
- **Documentación:** cómpre proceder a unha documentación exhaustiva da morfoloxía do xacemento para tentar maximiza-la información que agocha a Punta de Neixón, aplicando un enfoque interdisciplinar que dea boa conta da multidimensionalidade deste espazo de interese xeolóxico, económico, edafolóxico, histórico...
- **Investigación:** o terceiro punto importante é continuar cos traballos que de inmediato permitan amplia-lo número e variedade de argumentos expositivos e visitables do xacemento, isto é, amplia-la superficie de estruturas escavadas e consolidadas, de xeito que se poida palia-la imaxe aparentemente descontextualizada que ofrece agora mesmo *O Castro Grande de O Neixón*. Para isto, e partindo dos resultados das campañas de escavación desenvolvidas en 2003-2007 propónse a realización dunha escavación en área que una os sectores 02 e 04 no interior do Castro Grande e a apertura de catro sondaxes valorativas no Castro Pequeno de Neixón.



METODOLOXÍA E PLANO DE TRABALLO

1. Metodoloxía

1.1. Estratexia de rexistro

Os principios xerais do proceso de escavación, así coma o sistema de rexistro e documentación da información, seguiron o modelo desenvolvido en C. Parceró, F. Méndez e R. Blanco: *El registro de la información en intervenciones arqueológicas*. Col. CAPA, 9. Santiago de Compostela: LAFC, Universidade de Santiago. 1999.

1.2. Estratexia para a toma de mostras

1.2.1. De Sedimentos (UEs)

Contemplamos a realización, parellamente á escavación arqueolóxica, de diferentes análíticas coa finalidade de realizar unha reconstrución paleoambiental do ecosistema existente no período de ocupación do poboado.

A estratexia de mostraxe estivo condicionada pola evolución da propia escavación, o potencial informativo dos restos e os criterios seguidos polo equipo de especialistas en Paleoambiente que levarán a cabo o estudo. Con todo, plantexamos como actuacións ineludíbeis, alomenos, a toma de columnas polínicas nos perfís estratigráficos do Castro Pequeno, e a análise de fosfatos no interior dos solos de ocupación que configuran o espazo doméstico da Fase I, para amplia-lo noso coñecemento sobre a funcionalidade desa área habitacional e maila identificación de áreas de actividade.

Esta investigación enmárcase no proxecto *Xeoarqueoloxía e reconstrución paleoambiental. Metodoloxía aplicada a contextos arqueolóxico-culturais* dirixido por Manuela Costa Casais (LAPA, CSIC). Programa sectorial de investigación aplicada, *Peme I+D e I+D Suma do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica* (Incite) correspondente ao programa sectorial de *Sociedade e Cultura* (SEC). Código de proxecto: 09SEC015606PR. Este proxecto atópase aínda en fase de realización.

1.2.2. De Malacofauna

Por outra banda, a escavación e sistematización de mostras malacolóxicas do cuncheiro da nova foxa descuberta no Castro Grande levouse a cabo seguindo os criterios metodolóxicos establecidos polo equipo da Universidade de León dirixido polo Prof. Dr. Carlos Fernández Rodríguez.

1.2.3. De Cultura Material (PZs)

A metodoloxía utilizada seguiu as convencións desenvoltas nunha publicación do Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe do IEGPS: I. Cobas, M.P. Prieto (1998): *Criterios y convenciones para la gestión y el tratamiento de la cultura material mueble*. CAPA 7. USC: Santiago de Compostela.

2. Actuacións e Fases de Traballo

2.1. Actuacións e Fases de Traballo

A campaña levouse a cabo en dúas fases ben diferenciadas:

2.1.1. Actuacións previas: 3 de xullo ao 7 de xullo de 2008

Esta fase da intervención, levada a cabo unicamente polo equipo técnico arqueolóxico, centrouse na preparación da campaña de escavación en área, abrangendo os seguintes traballos:

- Control arqueolóxico do desbroce da Punta de Neixón.
- Destapado das sondaxes tapadas na campaña anterior, co obxectivo de continua-la súa escavación, no caso do Castro Grande.
- Posicionamento de novas bases topográficas na terraza entrámbolosdous castros e no Castro Pequeno de Neixón.
- Replanteo das novas unidades de rexistro no Castro Pequeno de Neixón.

2.1.2. Campaña de escavación en área: do 10 de xullo ao 26 de agosto de 2008

A campaña de escavación involucrou á totalidade do equipo de traballo, e entre o 15 de xullo e o 15 de agosto a tódolos rapaces participantes do campo de traballo. Os dous primeiros días de cada quincena do campo de traballo adicáronse a impartir un pequeno seminario de formación dirixido aos voluntarios, alumnos en prácticas e peonaxe, que aínda non se atopaban familiarizados coa práctica arqueolóxica. Neste seminario fixemos unha introdución aos obxectivos e criterios da intervención, así como á metodoloxía arqueolóxica, os criterios de rexistro da información, e outros aspectos prácticos do traballo. O que denominamos campaña de escavación abrangueu, ademais dos traballos puramente de escavación, outras tarefas conducintes á posta en valor do xacemento. O conxunto de traballos foron os seguintes:

- Traballos de escavación.
- Realización de visitas guiadas. Dende o primeiro momento da intervención, mantívose un servizo de visitas guiadas ao xacemento, levado a cabo por persoal do Centro Arqueolóxico do Barbanza e membros do equipo técnico arqueolóxico.

- Tratamento inicial dos materiais recuperados: limpeza, rexistro, siglado e almacenamento. Ao igual que na pasada campaña, o tratamento dos materiais levouse a cabo dende o primeiro momento.
- Obradoiros de debuxo arqueolóxico, sistema de rexistro, utilización de estación total, fundamentos de topografía e metodoloxía arqueolóxica.
- Obradoiros de vídeo e fotografía.

2.2. Procesado e xestión preliminares da información

2.2.1. Revisión e verificación do rexistro

A información rexistrada durante o proceso da intervención foi verificada e contrastada ao longo da mesma, co obxecto de corrixir erros, completa-la información rexistrada, etc. Isto refírese tanto á información textual (fichas de rexistro) como á gráfica (planimetrías, prantas, seccións e fotografías).

Co obxecto de face-la información manexable e propiciar unha conservación máis manexable e duradeira, dixitalizaráse a totalidade da información rexistrada en campo. A información textual incorporaráse a unha base de datos informatizada, baseada no programa SIA+, cuxa estrutura e funcionamento se detalla en C. González Pérez: *SIA+: manual de usuario*. Col. CAPA, 3. Santiago de Compostela: LAFC, Universidade de Santiago. 1997. Por outra banda, a información gráfica, tanto debuxo como fotografía, trataráse dixitalmente para facela manexable dende soportes informáticos. En concreto, as prantas, seccións e planimetrías serán dixitalizadas en formato vectorial (CAD) e a fotografía almacenarase en formatos estándar (TIFF o JPG).

2.2.2. Tratamento básico da Cultura Material e mostras

Dacordo coa lexislación vixente en materia arqueolóxica (Decreto 199/1997 do 10 de xullo), o material foi debidamente siglado e clasificado en relación ao seu contexto deposicional e cultural; para a memoria será correctamente inventariado, aportando a documentación escrita e gráfica que permita o seu axeitado tratamento museográfico.

Este plano de traballo concretouse na realización cos participantes do campo de traballo das seguintes tarefas, que compoñen o tratamento mínimo do material:

- *Limpeza*: lavado do material que non teña problemas de estabilidade física.
- *Siglado*: co código correspondente segundo inventario da intervención.
- *Inventario*: mínimo con información descritiva sobre cada peza e o seu contexto arqueolóxico.
- *Rexistro gráfico*: por medio de fotografía e debuxo, daqueles materiais que se consideren máis relevantes ou representativos, en función das súas características formais e dos seus contextos de recuperación.
- *Embalaxe*: embolsado e empaquetado de forma que se garanta provisionalmente a conservación do material arqueolóxico.

2.3. Emisión de informes e outros documentos técnicos

O proxecto adaptarase á normativa vixente sobre actuacións arqueolóxicas (Decreto 199/97 do 10 de xullo), que obriga a notificar á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural as datas de inicio e fin da actuación, así como a emitir alomenos os seguintes documentos que dean conta das incidencias e resultado da actuación:

- O precedente *Informe Valorativo*, que detalla un avance dos resultados da actuación arqueolóxica, coa descrición dos traballos, documentación gráfica, así como a relación de personal técnico que participou, cunha proposta da seguinte actuación, co obxecto de que a DXPC emita a resolución oportuna.
- *Memoria Técnica* na que se describe e interpretan os resultados da intervención, reflexando todo o proceso de traballo, coa documentación gráfica necesaria.

RESULTADOS DA INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA

1. Análise historiográfica das primeiras intervencións no Castro Pequeno de Neixón

A Arqueoloxía non é unha práctica inocente, apolítica e trivial, senón un saber-poder que pode contribuír á transformación do presente, á elaboración de determinadas visións sobre o pasado. Un bo exemplo desta vertente política constitúeo o xurdimento da Arqueoloxía galeguista na década de 1920 do século pasado (Armada 2004; Ayán 2005a, 2006), proceso no que o Barbanza e Neixón xogaron un papel destacado como escenarios nos que se levou á práctica o ideario do galeguismo político e cultural.

1.1. Do orientalismo ao rexionalismo: dos fenicios aos celtas

Na publicación da escavación arqueolóxica de 1925 no Castro Pequeno de Neixón, F. López Cuevillas e F. Bouza Brey citan as exploracións arqueolóxicas desenvoltas con anterioridade no xacemento por parte do médico Manuel Otero e do pintor e artista Roberto González del Blanco (López Cuevillas e Bouza Brey 1926-1927: 3-4) Aqueles traballos pioneiros insírense na perspectiva anticuarista decimonónica predominante na Arqueoloxía afeccionada galega das dúas primeiras décadas do século XX, tendencia que crebará co xurdimento dunha Arqueoloxía de campo de carácter científico, materializada nas escavacións de San Cibrán de Las (López Cuevillas 1925), Neixón (Ayán 2005a), Troña (Pericot e Cuevillas 1931) ou Montealegre (Ayán 2006). Co gallo de profundizar máis nese proceso de transición entrámbalas dúas maneiras de facer Arqueoloxía tentamos contextualizar na medida do posible as escavacións primixenias de Neixón, das que unicamente coñecemos os nomes dos seus eruditos artífices. Esta pescuda ampliou notablemente o noso coñecemento sobre o contexto espacial e cultural no que se inseriu esta área arqueolóxica a inicios do século pasado.

1.1.1. Manuel Otero Acevedo: Neurocirurxía, Espiritismo e Arqueoloxía

Na campaña arqueolóxica de 2007 gravamos o material audiovisual que serviría de base para o documental *O'Neixón: historia viva dun castro*. No decurso deste traballo de documentación entrevistamos no pazo de Agüeiros a Blanca González del Blanco Pereira, unhas das fillas do pintor Roberto González del Blanco. Por ela soubemos da importancia do médico Manuel Otero no devalar contemporáneo da Punta de Neixón:

A mi padre la Arqueología le interesaba enormemente, incluso estando un verano aquí en la finca de Agüeiros lo conoció el famoso neurocirujano Otero Acevedo que se interesó por sus dibujos y le dijo que le ayudaría. Él [González del Blanco] sintió pues una emoción enorme ya que no tenía padre, de ver que una persona de tanto mundo

se ocupaba de él y así fue, él fue en parte su mecenas. El año que estuvo después de terminada la carrera de Medicina en Roma fue todo sufragado por Otero Acevedo... y fue también Otero Acevedo el que sufragó todos los gastos que tuvieron de las primeras excavaciones que hicieron en Neixón.

Coma outros eruditos potentados da época -pensemos por exemplo en Enrique Peinador, realizando e sufragando as primeiras escavacións arqueolóxicas no castro de Troña (Pericot e López Cuevillas 1931)- non só financiou o traballo de campo senón que tamén desenvolveu baixo iniciativa propia intervencións nos xacementos.

Xa que logo, quen era este interesante médico afeccionado á Arqueoloxía e xeneroso mecenas? Podemos contestar a esta pregunta grazas ao traballo desenvolvido por outro egrexio veciño de Cespón (concretamente de Trevonzos), o xornalista R. García Domínguez máis coñecido como *Borobó*, quen adica o I Caderno dos seus *Papeles* á figura de Manuel Otero Acevedo, un home de *extraña personalidade* (Borobó 1985: 8):

Para mí el recuerdo de Otero Acevedo se remonta a los más tiernos años de la infancia. Cuando mi padre alternaba con Julio Larramendi, el otro médico del pueblo, en cuidar por las noches a su colega insigne, durante la enfermedad que le llevó al sepulcro el 19 de junio de 1920. Todavía recuerdo los comentarios de don Víctor, después de pernoctar en la casa del moribundo, ensalzando la extraña personalidad de aquel hombre por quien tanta admiración sentía y que era objeto de las más disparatadas censuras y cábalas entre las personas cabales y pudientes, pudibundamente satisfechas con su cerrazón mental.

D. Manuel Otero Acevedo era, según ellas, cuanto había que ser para ir sin remisión al infierno: ateo, masón, vegetariano, volteriano, tal vez nudista y, sin duda, republicano federal. Espiritista, desde luego, y quizás hablase en esperanto. Poco faltaba que le tildasen de bolchevique, a pesar de su fortuna, en aquellos sus últimos años, que coincidieron con la Revolución rusa.

Manuel Otero Acevedo (1865-1920) naceu en Rosario de Santa Fé, fillo de emigrantes que fixeran fortuna na Arxentina. Criado en Pontecesures cursaría a carreira de Medicina na Universidade de Santiago de Compostela onde sería un brillante alumno, compañeiro e amigo de Valle-Inclán, significaríase coma un furibundo anticlerical dende as páxinas do semanario satírico-humorístico *Pero-Grullo* e se convertería nun dos fundadores da moderna tuna compostelá en 1888, *vistiéndola de terciopelo, a usanza del siglo XVII* (Borobó 1985: 19). Xa licenciado, cursa o Doutoramento en Madrid onde adoita visita-lo Ateneo e traba amizade con Pío Baroja e outros artistas e escritores da Xeración do 98. Paralelamente aos seus estudos de especialización en neurocirurxía interésase pola parapsicoloxía até o punto de publicar unha obra en 1891 que sería traducida a varios idiomas e que aínda hoxe segue sendo un clásico para os amantes do espiritismo. Movéndose entre o saber positivo e maila paraciencia, coma se se tratase dun personaxe barojiano de *El árbol de la Ciencia*, o médico de Pontecesures converterase no primeiro neurocirurxián de España introducindo notables avances produto das súas estadias científicas en Francia. Tras ser nomeado director do Instituto

Quirúrgico de la Moncloa (en 1898) e Director do Hospital Provincial de Pontevedra (1910-11) abandona a práctica médica que retoma circunstancialmente como cando asistiu en Pontecesures aos afectados pola epidemia de gripe de 1918 recibindo do Goberno a Gran Cruz de Beneficiencia.

De grande erudición e sen preocupacións económicas, Manuel Otero Acevedo fixo gala dunha formación enciclopédica e dunha angueira de coñecemento que o levou a cultivar as disciplinas máis dispares e a patrocinar diferentes empresas culturais, entre elas, a propia educación artística de Roberto González del Blanco en Italia. En verbas, novamente, de Borobó (1985: 109-10):

Su gran talento y su insaciable avidez de conocimiento de todo género le llevaron a interesarse e incluso a apasionarse por demasiadas cosas a la vez, sin que llegase a dejarse absorber de modo permanente por ninguna. Su holgada posición económica le permitía satisfacer sus aficciones científicas y artísticas sin necesidad de buscar en ellas ninguna clase de finalidad utilitaria.

A súa biblioteca na casa petrucia de Pontecesures constituía todo un espello onde se reflectían as súas inxerencias científicas e humanísticas:

La Biblioteca de Acevedo estaba formada por varios miles de volúmenes que llenaban unas cuantas habitaciones. Había en ella un gran número de libros de medicina en español, francés, inglés y alemán y otros muchos de historia, de filosofía y de arte, así como de espiritismo, de religiones exóticas y de lenguas orientales, entre las que se contaban el hebreo, el sánscrito y el chino. También poseía en esta casa una curiosa colección de excelentes cuadros y de objetos artísticos de todo género (Baltar 1960, citado en Borobó 1985: 111).

Esta información de primeira man sobre o patrimonio bibliográfico do noso médico axuda a comprender a súa faceta de erudito anticuario, interesado en grande medida polo Próximo Oriente e pola Historia da Arte, até o punto de posuír unha *curiosa colección de excelentes cuadros y de objetos artísticos de todo género*. Desta colección particular formarían parte os obxectos asoellados nas súas exploracións no Castro Pequeno de Neixón, probablemente levadas a cabo pola orixe supostamente fenicia desa punta da Ría de Arousa. Cómpre destacar aquí que a implantación de compañías mineiras británicas na zona, dacadado entre os séculos XIX e XX, adicadas fundamentalmente á explotación de estaño, fomentaron no imaxinario colectivo a idea dunha forte presenza fenicia (Ayán et al. 2007; Ayán et al. 2008). A este respecto, incluso os nomes das minas remitían a ese contexto histórico: Tiro, Sidón, Phoenicia. Cremos que este contexto histórico, xunto co interese orientalista e coleccionista de Otero Acevedo, explican a súa intervención arqueolóxica en Neixón á procura de evidencias sobre ese período da Antigüidade.

A primeira mención a esa actividade arqueolóxica en Neixón veu da man do eminente Hugo Obermaier, quen fora invitado a dar un curso sobre Prehistoria española e sobre todo galega en outubro de 1922 na Universidade de Santiago de Compostela. Con anterioridade ás clases adicou cinco semanas a facer unha xeira arqueolóxica visitando a meirande parte das coleccións particulares e dos museos do país. Nesta iniciativa contaría co apoio decidido dos máis esgrevios

representantes da Arqueoloxía rexionalista ancorada no anticuarismo decimonónico (Cabeza de León, Blanco Cicerón, Casto Sampedro, Fernández Gil y Casal, etc...). No encabezamento da primeira parte da memoria da súa viaxe agradece publicamente a eses eruditos, entre os que cita expresamente a D. Manuel Otero Acevedo (Obermaier 1923: 2). Obviamente este individuo non é o famoso médico de Pontecesures (falecido dous anos antes, en 1920), senón o seu fillo, Manuel Otero García, quen substituíu de por vida o seu segundo apelido polo paterno de Acevedo. Este Manolito Otero atendeu a Obermaier ao seu paso por Vilagarcía de Arousa e prestou tódalas facilidades para que aquel estudase a colección de antigüidades do seu pai, entre as que se atopaban os materiais documentados en Neixón. Así se explica a nota incluída por Obermaier na súa memoria, ao falar dos concheiros *na fase de transición del Cuaternario a la actualidad geológica (Epipaleolítico)* (Obermaier 1923: 5):

Efectivamente tenemos noticias de varios concheros, todos, al parecer, más recientes que el Epipaleolítico, y que son los siguientes: [...]

PUNTA DE NEIXÓN, parroquia de Cespón, Ayuntamiento de Boiro (La Coruña): Conchero de ostras, descubierto por D. Manuel Otero, con hachas pulimentadas, restos de cobre, molinos, etcétera.

Aquí o autor si que menciona a Manuel Otero pai coma o artífice dos achados no Castro Pequeno de Neixón, como deixaron consignado Cuevillas e Bouza Brey e a filla de Roberto González del Blanco na antedita entrevista. O fillo, Manolito Otero, mantería o seu interese pola arte, trabando unha cordial amizade dende novo co escultor Santiago Bonhome, o fotógrafo Ksado e mailo pintor Roberto González del Blanco, o seguinte protagonista da nosa historia.

1.1.2. Roberto González del Blanco: de Las Caricias del Bukara a Un jueves en Compostela

Dacordo co testemuño da súa filla Blanca González del Blanco a relación do pintor Roberto González del Blanco (1887-1957) co neurocirurxián Manuel Otero Acevedo viría dada polo feito de terlle vendido éste á súa familia metade da casa e finca de Agüeiros, dende aquela residencia de verán dos González del Blanco. De orixe leonesa, o noso protagonista, orfo de pai, chegou a Santiago aos dous anos de idade seguindo a un tío seu, nomeado coengo da catedral de Santiago de Compostela, cidade na que cursou os seus estudos de Bacharelato e de Medicina. Licénciase en Madrid (1911-1912) onde continúa os seus estudos artísticos no Círculo de Bellas Artes e en Ávila baixo o mestrado de Eduardo Chicharro. En outubro de 1912 inicia unha viaxe sufragada por Manuel Otero Acevedo que o leva a Exipto, Italia (con estudo propio en Roma onde contacta con Sobrino Buhigas e outros pensionados da Academia Española), Palestina, Grecia e máis Estambul, onde o sorprende o estalo da 1ª Guerra Mundial (Anónimo 1964).

Sen dúbida, nestes anos de formación, a influencia de Manuel Otero cremos que resulta fundamental, non só a nivel económico, senón tamén artístico. Coma o seu mecenas, o xove médico comparte un fondo interese pola Arqueoloxía e polo orientalismo, cultivando un exotismo romántico de tradición decimonónica, ben

reflectido na súa pintura deste momento. Por estes anos (1915-1917) será cando visite en varias ocasións Tánger, convidado polo Bispo Administrador Apostólico de Marrocos (Romaní 1987-1988: 125-6); nesta cidade retrata a este personaxe e pinta moitos cadros de temática oriental, entre eles *Las caricias del Bukara*, obra moi eloxiada pola crítica da época e verdadeiro referente pictórico desta etapa da súa obra. Entre 1920 (data de falecemento de Manuel Otero) e 1925 (escavacións de Cuevillas e Bouza Brey) reside en La Habana e en New York onde establece estudo na rúa 47 e traballa para a prestixiosa casa de vidrieiras Lamp.

Neste período que vai entre 1912 e 1925, de eclosión da súa vertente orientalista, cómpre enmarcar as súas exploracións arqueolóxicas no Castro Pequeno de Neixón, continuando o labor do seu antecesor Manuel Otero. A este respecto, contamos de novo co testemuño oral de Blanca González del Blanco quen lembra escoitar de labios do seu pai algúns interesantes pormenores daquela iniciativa:

Yo le oía siempre contar a mi padre, entonces estaba soltero, que iba a Neixón con un señor de San Martín, Agustín O Traspache, que tenían una pata de palo, que estaba aquí continuamente, ya era de la casa. Este señor Agustín era el que le cavaba, y mi padre estaría allí mirando, o explicándole o ayudándole. Marchaban en una gamela y volvían de noche. Aquí nos contaba emocionado las cosas que habían encontrado. Y yo, creo recordar, que decía que incluso habían encontrado unos torques y unos enterramientos con conchas. Los objetos esos que habían encontrado se los habían dado al Instituto Sarmiento. Esa es la idea que yo tengo.

Blanca González del Blanco confunde aquí o IEGPS (fundado en 1944) co Seminario de Estudos Galegos, entidade na que se integraban en 1925 Bouza Brey e Cuevillas. Estes dous autores recibiron do pintor información e materiais arqueolóxicos das súas escavacións en Neixón, en parte reflectidos na publicación do Boletín da Real Academia Galega. A este respecto cóstanos que o pintor tiña bastante trato con Fermín Bouza Brey quen se faría eco das súas inxedanzas arqueolóxicas con anterioridade a 1925. Porque 1925 é un ano importante na traxectoria vital e artística de Roberto González del Blanco. Nese ano é cando retorna definitivamente de Norteamérica, entra en contacto coa Arqueoloxía galeguista, celebra unha notable exposición na Coruña patrocinada pola Academia Provincial de Bellas Artes e muda sustancialmente o obxecto da súa arte. Así pois, a diferenza da súa etapa formativa, con resonancias italianas e orientais, é a partir de 1925 cando se dá unha auténtica *apoteosis de Galicia* (Romaní 1987-1988: 133) na súa produción pictórica. Dende este ano de 1925, o seu orientalismo dá paso a unha pintura naturalista de grande realismo, de carácter rexionalista e folklorista, centrada na representación de escenas e tipos definitorios da comunidade labrega e mariñeira tradicional. Esta produción pictórica enxebrista¹, que non abandonará deica a súa morte, fornecerá ao autor unha grande sona, triunfando incluso alén mar, no Uruguai e na Arxentina, países onde as elites da comunidade emigrante se identificaban con eses cadros que condensaban o *ethnos* da Galicia rural e mariñeira que deixaran detrás (Núñez Seixas 2001). Neste contexto, a súa obra emblemática *Jueves en Compostela* acadou grande éxito na *Exposición Nacional de Pintura en Madrid* de 1926 e forma parte dunha magna exposición no Centro

Gallego de Montevideo ao ano seguinte, sendo finalmente adquirida polo Museo Nacional de Uruguay.

Creemos que esta mudanza radical a partir de 1925 non obedece á casualidade, senón que resposta a un contexto vital (o regreso a Galicia) no que debeu incidir notablemente a súa relación co galeguismo cultural da man de representantes esgrevios como Castelao (médico coma el), Cuevillas ou Bouza Brey. A perspectiva orgánico-historicista risquiiana que sobranceaba o Seminario de Estudos Galegos defendía o argumento esencialista da pervivencia da esencia etnocultural de Galicia no campesiñado, garante do idioma, das crenzas e da verdadeira tradición galega. Esta perspectiva amósase claramente na enquisa etnográfica desenvolta por Cuevillas e Bouza na parroquia de Cespón dos anos 20, tarefa na que sen dúbida contaron coa colaboración de Roberto González del Blanco. Ademais de converterse en informantes etnográficos, os habitantes de Cespón, veciños do pazo de Agüeiros, serviron de modelos reais para o artista quen os inmortalizou en cadros como *Sardiñas de Rianxo*, *O Carro*, *Frutiñas*, *Molinera*, *Trasiega*, *Esperando a marea* ou *Lola A Cuca*. De novo, Blanca describe a concepción enxebrista e folklorista que presidía a pintura do seu pai:

La Cucaina era una señora que vivía aquí muy cerca. Ese cuadro está pintado ahí abajo, en donde se recogía el pescado y ya aquí llegaban las pescas, cogían las patelas y las llenaban de xoubas normalmente y allá se iban con ellas en la cabeza a venderlas por las casas, hasta Boiro y más lejos que Boiro, por todas partes; eso lo recuerdo yo perfectamente [...]

Mi padre pintó siempre del natural. Lo que pintaba era todo cuanto rapaz había por aquí, pero así como estaban. Estaban ahí con las xoubas y les decía, sube. Tenía dos modelos. Un modelo de mañana y otro de tarde, según la luz. Y a veces era muy curioso, porque le llegaban y les decía: Mira que che vou a pintar, y entonces le llegaba el niño al día siguiente todo preparado, con la camisita limpia y le decía. Nada, vaite a casa. Ven como estabas onte, así non podes estar. Porque los quería pintar tal y como estaban por aquí [...]

El cuadro que hay en el Museo Quiñones de León que allí le llaman ahora Vendedora de frutas, mi padre lo tituló Frutiñas, y está hecho en la plazoletita de Abanqueiro y también con unas bandejas de fruta. Mi padre pintaba mucho de eso. Eran las escenas habituales, las estampas típicas.

Esta perspectiva folklorista, compartida co seu colega, o escultor Asorey, manterase coherentemente deica o final. De feito, na década de 1950 decora con grandes frescos ao óleo diferentes estancias do Hotel Compostela de Santiago, abordando temas populares cercanos (*Procesión de Nuestra Señora del Carmen en San Cristóbal de Abanqueiro* e *Romería*) e unha serie de escenas que recreaban a predicación do Apóstolo. A primeira das escenas titulábase *La época pagana en Compostela* e nela se podía ver como un sacerdote clama a las divinidades célticas en una noche de plenilunio. En primer plano un indíjena toca una caracola convocando a las gentes de las chozas que hay al fondo. Sobre una colina se ve un dolmen (Romaní 1987-1988: 128). Toda unha representación gráfica da visión céltica do pasado protohistórico do país, unha

visión á que o propio Roberto González del Blanco contribuíra coa súa escavación no Castro Pequeno de Neixón e maila súa proveitosa colaboración con Cuevillas e Bouza Brey en 1925.

1.2. San Vincenzo de Cespón, parada e fonda no camiño do rexionalismo ao galeguismo político e cultural

Manuel Otero Acevedo e Roberto González del Blanco deron a coñecer a riqueza arqueolóxica da parroquia de San Vincenzo de Cespón nas dúas primeiras décadas do século pasado. Coa súa erudita iniciativa abriron o camiño da Arqueoloxía galeguista, como así aconteceu noutras zonas de Galicia. Sen embargo, neste caso, a actividade desenvólta en 1925 insírese nun amplo marco intelectual e ideolóxico marcado por un contexto local que deu importantes personaxes á causa galeguista e que sen dúbida influíu na elección de Neixón e da Serra de Barbanza como campo de experimentación dunha Arqueoloxía plantexada ao servizo da construción da identidade nacional galega. Detrás desa experiencia atopamos a intelectuais como o cesponcense Ramón Fernández Mato ou o rianxeiro universal, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

1.2.1. A figura cohesionadora de Ramón Fernández Mato

Arosa –la ‘Arosa bay’, el sibiritismo naval de la Home Fleet inglesa- es una asombrosa y limpia esmeralda ceñida por un sinuoso jardín inacabable. Para que tuviese vestigios de exactitud el tópico de su semejanza con los ‘fiords’ de Noruega y el Canadá, sería preciso que la ría de Arosa apareciese murada por las montañas verticales y aterida por la forestal monotonía del paisaje nórdico. No importa que aquí y alla, en la amplia argolla geológica, las testas hirsutas del Barbanza, del Lobeira, del Miranda y del Xiabre, asomen como las cabezas lascivas de los ancianos que atisban el baño inocente y desprevenido de Susana.

Aquellos montes, donde los druidas afilaron en la rueda el plenilunio las hoces de oro de los célticos holocaustos, son, simplemente, las mamparas que defienden a Arosa de los empellones de los vientos, las defensas de su suavidad y de su placidez de edén en que el mar y la tierra juegan a esconderse y encontrarse (Fernández Mato 1941).

A construción de infraestruturas no último tercio do século XIX en Galicia (ferrocarril, estradas, pontes) conlevou unha mobilización de técnicos especialistas que, entre outras cousas, deu como froito o afincamento de determinadas familias en certas comarcas do país. Velaí o caso dos Trulock ingleses en Iria Flavia, ou os Mato, na parroquia de Cespón, familia á que pertence o ex-sancristán da parroquia, ex-carteiro e propietario do bar-estanco e supermercado emprazados ao carón da vella estrada Padrón-Ribeira. O seu antergo, Ramón Fernández, oriúndo do Valadouro, chegara a estas terras como director das obras dese camiño novo que substituíu para sempre ao vello camiño real, o camiño dos franceses. E xa se sabe, as obras do século XIX, coma as do século XXI levan tempo dabondo, tanto que a Ramón Fernández lle deu tempo a casar cunha moza da familia Mato, do lugar de Sar, parroquia de Cespón, quedando alí para sempre.

Deste matrimonio nacería Ramón Fernández Mato (1889-1964), un personaxe que nos leva novamente ao peculiar mundo de *aprendices de médico* en Compostela, seguindo a traxectoria dos Otero Acevedo e dos González del Blanco. Así pois, Ramón Fernández Mato estudou Medicina en Santiago, sendo compañeiro de Facultade e de esmorgas de Castela, participando activamente na tuna que restablecera anos atrás Otero Acevedo. Como deixou consignado R. Otero Pedrayo (1986: 21) os verdadeiros protagonistas daquela tuna compostelá eran Castela como debuxante e Fernández Mato e Romero Ferreiro como oradores. A relación continuaría máis alá do tempo das aulas universitarias; así, en marzo de 1911, comparten un acto en Vigo no que o rianxeiro imparte unha conferencia sobre *Algo acerca de la caricatura*, o de Cespón outra sobre a poesía dos parnasianos franceses e Eduardo Dieste (irmán maior de Rafael) outra sobre as teses demográficas malthusianas (Borobó 2000: 87-8; 2004: 58).

A casa dos Mato en Cespón, xa da man do pai, convertérase nun auténtico centro cultural onde se xuntaban para facer tertulia xente da talla de Valle-Inclán, Victoriano García-Martí, Lustres Rivas e o propio Castela. Este carácter emblemático mantense nos anos 10 e 20, como no seu día recordaba Ramón Martínez López, boirense cofundador do Seminario de Estudos Galegos (vid. *Infra*) (citado en Villaverde e Liñares 1992: 14-5):

Na miña memoria, cecais por celebrarse o culto a San Ramón e no verán, queda con craros perfís a romería de San Ramón de Bealo. Pola mañán moi cedo, adiantábanse con cestas recendentes e empanadas e biscoitos, unha ou dúas rapazas do servizo doméstico de familias amigas dos Dios Rivademar, ou do médico Xosé María Gómez, dos Sieiras e dos Casais entre outros, para escoller lugar axeitado á comida á veira dun regato, debaixo dun carballo protector das calores dun 31 de agosto... viña deseguida a comida ben regada cos mellores viños da bisbarra. Paréceme lembrar os viños de Triñáns e Romariz. Pasada a tardiña e entre lusco e fusco, voltábase hastra a carreteira, e pasando por congostras e corredoiras a Ponte Beluso. Aínda faciamos unha paradiña na casa doutro Ramón Fernández Mato, en Cespón, e dalí á nosa casa e Cimadevila, onde arrinca a estrada de Abanqueiro.

Máis alá do anecdótico desta fermosa lembranza, cómpre subliñar este carácter aglutinador da figura de Ramón Fernández Mato, xa que a súa traxectoria política e xornalística vai influír, e non pouco, no movemento galeguista. Trala súa estada en Madrid, achégase ao movemento centrista liderado polo pontevedrés Manuel Portela Valladares que lle encarga a dirección do xornal *El Pueblo Gallego*, creado en Vigo en 1924. Ramón Fernández Mato acadará converter esta cabeceira no xornal máis importante da época en Galicia, orientándoo cara ao galeguismo cultural e político e maila loita autonomista (Barreiro 2004: 7). Dende este posto asentaría toda unha escola de periodistas, abrindo as portas do xornal á colaboración de Castela e de xoves intelectuais asentados no Barbanza, dos que falaremos despois, como Ramón Martínez López ou Manuel Otero Espasandín, esgrevios representantes da alcumada Xeración de 1925. Durante a Segunda República ocupa cargos importantes a nivel estatal, sendo gobernador civil de Ciudad Real, Cáceres, Málaga e Xaén e mesmo Director Xeral de Seguridade. En

febreiro de 1936 acada acta de deputado dentro do partido centrista do seu protector Portela Valladares. Malia non terse integrado no movemento nacionalista, Fernández Mato seguiría mantendo a súa amizade con Castelao, iniciada nos tempos universitarios e consolidada nas reunións e paseos estivais pola parroquia de Cespón.

1.2.2. A ollada na paisaxe de Castelao

Cespón foi un lugar sobradamente coñecido por Castelao, quen debuxou algún dos seus cruceiros para a o seu libro *As Cruces de Pedra na Galiza* (Rodríguez Castelao 1975: lám. LXXIII). Na parroquia, algúns afirman a día de hoxe que o xenial rianxeiro chegou a vivir algunha tempada nunha casa ao carón da estrada; do seu paso quedaron algúns cadros do debuxante, de entre os cales un informante recordaba perfectamente unha acuarela na que se reproducía unha paisaxe co campanario da igrexa de Cespón ao fondo. Sexa como for, Castelao coñecía perfectamente este espazo, por ser el mesmo de Rianxo, por ser amigo íntimo de Fernández Mato e por ter colaborado co Seminario de Estudos Galegos nas súas xiras etnoarqueolóxicas por estas terras barbanzanas. Con todo, a súa relación con Cespón e, noemadamente, con Neixón, viña de máis atrás, nada máis e nada menos, que dos inicios da súa carreira artística. Estamos a falar de 1912. Nesa data situamos un acontecemento da historia local que, cremos, tería unha fonda repercusión no futuro. Referímonos á homenaxe organizada polo Partido Conservador de Rianxo, xunto con outras entidades, en honra de Castelao para celebrar o seu éxito na súa exposición artística no salón Iturrioz de Madrid nese ano de 1912. Castelao daquela colaboraba no semanario conservador *El Barbero Municipal*, dirixido por Arcos Moldes e cabeceira anticaciquil que denunciaba a práctica política de Manuel Viturro, secretario liberal da Deputación Provincial de A Coruña (Dourado Deira 2001).

Este primeiro éxito artístico de Castelao levaría á súa contratación para deseña-lo cartaz promocional das festas do Apóstolo e a facerse un nome como debuxante en Galicia. Neste contexto, a homenaxe rianxeira consistiu, casualmente, nun xantar campestre na Punta de Neixón (Axeitos 2000: 8; Calvo Ces 2001; Dourado Deira 2002). Na crónica do *Barbero Municipal* (número 99, 1 de xuño de 1912) vemos perfectamente reflexado, nun estilo decimonónico, o xurdimento de prácticas propias da burguesía urbana que son emuladas polas clases altas dunha pequena vila como Rianxo. Esta pseudourbanidade, que se separa do común dos *rudos campesiños*, incluía excursións polo rural e merendas campestres en zonas consideradas como espazos naturais privilexiados. Así era vista a Punta de Neixón por este esnobismo vilego rianxeiro da época (citamos *ab extenso*):

En extremo simpática fue la fiesta que aquí se celebró el viernes de la pasada semana para honrar al gran caricaturista Castelao, á Daniel como familiarmente en Rianjo se le llama.

Cierto es que en ella no hubo el aparato y corrección propios de la solemnidad académica, ni se pareció siquiera á banquete de diputado, con discursos hueros, sesudos, que tanto daño hacen después de comer; allí sólo reinaron la cordialidad y la

alegría y, sobre todo, un inmenso cariño hacia el famoso artista que ya se ha hecho popular en toda España.

Acompañados de dos distinguidos hijos de Santiago, el simpatiquísimo y excelente fotógrafo Enrique Guerra y el notable pintor Ernesto Carrero, llegaron á Rianjo; el mismo día á las diez de la mañana, muchos padroneses que fueron recibidos con bombas, á pesar de haberlas prohibido el alcalde.

Todos, en unión de numerosas personas de la villa y de las parroquias vecinas después de ir á casa del agasajado á felicitarle, partimos con él y con su padre en dirección al muelle, en donde nos embarcamos con rumbo á una de las próximas playas de Cespón.

La mañana estaba espléndida. El sol, que hacía varios días 'brillaba por su ausencia', lucía como nunca, cual si también quisiera tomar parte en el regocijo, y nos acariciaba con sus rayos tibios. Una suave brisa rizaba ligeramente la mar e impelía con majestad las embarcaciones. Llegamos.

Una vez en tierra nos dedicamos á buscar sitio donde reposar agradablemente, encontrando un delicioso pinar, de fresca y mullida alfombra, en la que cada cual acomodóse a su placer.

Pronto el apetito despertado por los aires marítimos, hízose general, y dio principio el campestre, pero sabroso yantar [...]

Conmovido por las muestras de simpatía de que era objeto, aunque con el gracejo que en todas ocasiones se distingue, contestó Castelao agradeciendo profundamente el agasajo que, con gran modestia, calificó de inmerecido, puesto que él no sólo no era un diputado que viniese á traernos la ventura, sino que nada de provecho había alcanzado para su querido pueblo, ni siquiera una triste carretera; pero, como replicó muy bien el Sr. Carballido, Castelao puede estar orgulloso de su triunfo, que su soberano talento da más gloria á su patria que muchos personajes y personajillos políticos que consiguen caminos, canales y pantanos.

Después de explicar en breves frases su labor como caricaturista, diciendo que si había intentado el poner de relieve los vicios y defectos de una raza era con la idea de perfeccionarla, terminó Castelao su brillante peroración con un saludo á los compatriotas ausentes. Una estruendosa salva de aplausos y vivas entusiastas á Castelao y á Rianjo pusieron fin a los discursos.

Con ánimo de dar mayor variedad y encanto á la fiesta, decidimos inmediatamente ir a tomar el café á Taragoña.

Al efecto, nos embarcamos de nuevo y, á los pocos instantes, tocábamos en la orilla opuesta, emprendiendo seguidamente el camino de la aldea

En el café que en ella establecido tiene D. José Brea Cespón y que más parece de ciudad que de villorrio, por lo bien que está montado, paladeamos la sabrosa bebida.

Luego, como la tarde estaba ya muy avanzada, abandonamos la risueña aldea, siendo saludados, al pasar con dirección al embarcadero, con vivas y aclamaciones por las gentes que se hallaban dedicadas á las faenas del campo.

¡Hermoso espectáculo el de aquellos rudos campesinos, expoliados por hombres sin entrañas, agitando entusiasmados sus sombreros y dando estentóreos vivas á Castelao y á Rianjo ¡Por sus agrestes almas también había cruzado una ráfaga de arte!

Vemos como nesa altura dos anos 10 primaba unha consideración da punta de Neixón como espazo natural, como espazo de lecer, como paisaxe. A ollada nesta paisaxe de Castelao tivo unha tremenda incidencia no galeguismo cultural, non só grazas á súa produción pictórica senón tamén ao seu balor ensaístico sobre o tema. A ollada do rianxeiro sobre o Barbanza atópase no cerne da súa reflexión sobre a pintura e maila natureza. Así pois, en *A carón da natureza*, a primeira das súas *Cousas* de 1926, recolle unha evocación desta paisaxe familiar, con media ducia de visións do Barbanza, en diversas estacións e en distintas horas do día e da noite. Esta evocación será o eixo argumental da famosa conferencia que Castelao dicte na Habana sobre a figura e Valle-Inclán na súa viaxe propagandística a prol da II República, se ben xa aparecía esbozada nunha conferencia de 1919 n'A Coruña, sobre arte e galeguismo (Borobó 2000: 101).

O galeguismo encherá a partir desa data (as *Irmidades da Fala* fúndanse en 1918) de novas perspectivas non só á arte, senón tamén á Arqueoloxía; será agora cando a Punta de Neixón pase de ser un espazo natural e de lecer a converterse nun xacemento arqueolóxico abordábel dende o punto de vista científico. Nesta transformación tivo moito que ver o propio Castelao así como esgrevios representantes da Xeración Nós e da alcumada Xeración de 1925.

2. Planimetría con scáner 3D do Castro Pequeno de Neixón

Contra o final das escavacións procedeuse a recupera-lo volume real actual do Castro Pequeno de Neixón empregando para iso Topografía de Alta Definición (HDS) mediante tecnoloxía de escáner con láser, coa que se obteu a volumetría total das áreas escavadas **[Lámina 8]**. Dita volumetría servirá tanto como soporte sobre o cal realizármola análise estratigráfica da mesma, como para, nas fases finais da análise, realiza-la reconstrución tridimensional das áreas escavadas en cada unha das súas fases construtivas e recuperar así os volumes perdidos.

Deste xeito, procedeuse a un novo levantamento planimétrico da área con scáner 3D que se estende entre o parapeto meridional do Castro Grande e o Castro Pequeno. Utilizamos como orixe dos traballos a planimetría do *Castro Grande* realizada pola empresa GEOTOP en 2003, implantándose novos vértice ou bases, determinado con tecnoloxía G.P.S., que, á súa vez serviu para encadra-las poligonais na zona obxecto do levantamento.

3. Escavación arqueolóxica no Castro Pequeno de Neixón

3.1. Plantexamento da intervención. Cuestións xerais.

O Castro Pequeno de Neixón foi obxecto de escavacións en área ao longo da década de 1970 (Acuña Castroviejo 1976, 2008). Daquelas intervencións case nada se publicou, agás algunhas fotografías de detalle e un croquis da planta da área escavada na campaña de 1973. Para paliar esta situación, nos últimos anos vimos facendo todo un traballo de Historia oral entre participantes naquelas escavacións arqueolóxicas, tanto arqueólogos como habitantes de Cespón e Rianxo que traballaron alí. Con esta información podemos concreta-los seguintes puntos:

- A erosión mariña afectou ao sector SW da escavación, en parte desmantelado.
- As estruturas exhumadas foron parcialmente desmanteladas polo carrexo de pedra nos anos 70.
- A ausencia de publicación, o carrexo de pedra e o deterioro das cabanas de pedra descubertas daquela foron factores que condicionaron os labores de consolidación encetados nos últimos 11 anos (Álvarez et al. 2005; Concheiro 2008a). Os habitantes de Cespón consultados teiman en dicir que as casopas non eran así orixinariamente.
- As escavacións leváronse a cabo empregando cuadrículas Wheeler de 3 x 3 m con muros-testigo de 1 m, e concentráronse na metade N do Castro Pequeno.

O escaso material gráfico publicado ou exposto publicamente (en conferencias) sobre o Castro Pequeno semella corroborar este último punto (Agrafoxo 1986: fots. 67-70; Calo 1993; Acuña 2008; Concheiro 2008a), evidenciando a existencia dunha zona non intervida anteriormente que se cinguiría a o espazo situado ao sopé dos afloramentos rochosos da punta, no que, se ben agroma o sustrato rochoso nalgunhas partes, noutros se constata unha certa potencia estratigráfica e incluso se esboza en pranta un posible muro **[Lámina 5]**. Asemade, a sequía neste inverno de 2008 permitira ollar moito mellor a superficie do xacemento e contrastar en campo esta hipótese.

Dadas estas circunstancias consideramos apropiado, nesta campaña de 2008, levar a cabo unhas sondaxes arqueolóxicas na zona referida para calibrar-la posibilidade de documentar posibles niveis de ocupación e fornecer un rexistro arqueolóxico detallado que enchese o baldeiro de datos existente sobre este xacemento **[Lámina 6]**.

No ano 2005 levamos a cabo a planimetría de detalle do Castro Pequeno; tomándoa como punto de partida abordamos o replanteo dunha malla de UR de 4 x 4 m que abrangue todo o xacemento, ubicando tres bases topográficas que permitiron ubicar e xeorreferenciar as sondaxes plantexadas.

3.2. Acondicionamiento da área de traballo

3.2.1. Eliminación de solo non arqueolóxico

Todo o traballo de decapado do horizonte vexetal foi feito a man, sen empregar maquinaria de ningún tipo, xa que en diversas zonas do interior da zona apenas existe potencia estratigráfica, e as estruturas arquitectónicas aparecían inmediatamente por debaixo da capa vexetal.

3.2.2. Cubrición

Non se contemplou a utilización de ningún sistema de cubrición permanente das áreas intervidas durante os traballos de escavación arqueolóxica.

3.2.3. Accesos

Utilizouse de xeito restrinxido a actual pista de acceso ao interior do castro para a introdución de toda a infraestrutura necesaria para o correcto desenvolvemento dos traballos arqueolóxicos.

3.2.4. Escombreciras e evacuación de terras

A este respecto, o desprazamento de terras procedentes das calicatas e a retirada de escombreciras faríase seguindo a dinámica establecida na campaña de 2003, coa axuda de medios mecánicos proporcionados polo concello de Boiro, accedendo ao xacemento polo camiño de entrada. A terra sacada da escavación acumulouse no espazo que se estende ao E do sector de escavación. Cómpre sinalar que se reservou unha parte do material construtivo orixinal (pedras dos derrubos dos muros) para utilizalo na rehabilitación e consolidación das estruturas arquitectónicas exhumadas, se así fose procedente. A confluencia de diferentes factores condicionantes fixo que non se evacuase a escombrecira ao remate inmediato da intervención, quedando pendente da resolución a adoptar trala emisión deste informe valorativo.

3.2.5. Sinalización e balizado

Durante a campaña de escavacións, o persoal técnico do equipo arqueolóxico, e mailo persoal do Centro Arqueolóxico de Barbanza responsabilizáronse da sinalización e balizado dos sectores de escavación naquel tempo no que o equipo non estivo traballando en campo.

3.3. Execución da intervención: traballo de campo

3.3.1. Escavación

Como sinalamos polo miúdo anteriormente, a escavación arqueolóxica levouse a cabo totalmente a man, dende o decapado do horizonte vexetal até o sustrato mineral. A nova superficie intervida acadou os 180 m²

Iniciámo-la escavación coa apertura de catro UR de 4 x 4 (UR 1000, 1001, 1100 e 1101) a xeito de sondaxes valorativas. O decapado do horizonte vexetal

(UENEI06001) deixou bastante clara a potencia estratigráfica da zona. A metade E non contaba con niveis arqueolóxicos aparecendo directamente a laxe de xisto que conforma o sustrato rochoso, presentando abundantes diaclasas, cunha disposición liñal e orientación clara N-S. Sen embargo, a metade máis occidental, e nomeadamente a UR1100, forneceu unha concentración significativa de material arqueolóxico, destacando a documentación dalgúns fragmentos de bronce e de anacos de moldes cerámicos para fundición de bronce. Pola súa vez, o rexistro en pranta dunha estrutura e combustión tipo lareira e de calzos de poste apuntaban á existencia dunha estrutura de carácter doméstico. Esta circunstancia levounos a proceder a unha ampliación cara ao N da área escavada coa apertura de novas UR de 4 x 4 que deron como resultado o descubrimento dun paramento murario semicircular e dunha grande concentración de materiais na metade W, nomeadamente contra o perfil que antecede ao cantil occidental do Castro Pequeno.

A escavación en área de todo este sector acompañouse da xeorreferenciación de todo o material exhumado, con vistas á reconstrucción de áreas de actividade, visto o bo grao de conservación dos niveis de ocupación. En liñas xerais, sintetizamos a continuación a secuencia estratigráfica documentada e as principais estruturas exhumadas **[Lámina 7]**.

1º Nivel de ocupación: estruturas en negativo

Na área intervida rexistramos evidencias dunha primeira ocupación da que apenas quedan vestixios polas reformas posteriores, pero que remiten a unha arquitectura de carácter doméstico erguida con materiais perecedoiros seguindo a tradición da Prehistoria Recente. Aparte dalgúns buracos de poste aparentemente descontextualizados, destaca unha gabiá escavada no sustrato rochoso de forma semicircular en pranta (UENEI06028), unha lonxitude de 4.20 m e unha anchura que devala entre os 12-15 cm. Esta zanja corta o sustrato rochoso en diferentes puntos, conservándose incluso un calzo de pedra e un burato de poste que nos remiten ao entramado vexetal que constituiría a parede da estrutura **[Lámina 9]**. Pola metade occidental da área escavada rexistramos varios buratos de poste dispersos que tamén se corresponden con este nivel antigo de ocupación.

2º Nivel de ocupación: cabanas 1 e 2 e obradoiro metalúrxico

Na metade meridional da área escavada documentamos restos vencellados a unha cabana erguida con materiais perecedoiros (cabana 1), cuxa forma en pranta non é doada de reconstruír mais semella fose oblonga **[Lámina 10]**. Un aliñamento de calzos de pedra parecen definir o contorno SW-SE da estrutura, destacando un bloque de xisto plano que orixinariamente puido estar vencellado co acceso ao interior da construción. No interior desta edificación destaca a lareira UENEI06004, con placa de arxila rufreflectada sobre unha camada de xistos, cuarcitas e seixos. Ao carón desta estrutura de combustión consérvanse os calzos de pedra (UENEI06006) dun burato de poste relacionable co sistema de suxección da cabana. Nesta zona do interior da estrutura, contra o perfil W do sector de

excavación, rexistramos varios materiais do enxoval doméstico como utensilios líticos entre os que cómpre subliña-la presena dun muíño barquiforme. Salientable é tamén a concentración nesta área de materiais relacionables coa actividade metalúrxica de bronce (moldes e crisois nomeadamente).

Pola súa vez a cabana 2 non puido ser identificada a súa forma en pranta, conservándose unicamente un conxunto disperso de calzos de poste e un depósito amarelento con abundantes restos de combustión (UENEI06036) adscribible ao pavimento da estrutura **[Lámina 11]**.

En uso tamén durante esta fase de ocupación estivo o conxunto de estruturas documentado no N da área escavada e que interpretamos coma un obradoiro metalúrxico cinguido por calzos de poste que protexerían unha área de actividade arredor dunha estrutura de combustión (UENEI06033) conformada por pedras e xisto e de cuarcita, a xeito de caixa de forma circular en pranta, de 90 x 75 cm. A rentes da cara oriental da estrutura espállase un depósito de queimado (UENEI06034). Documentáronse un anaco de molde de fundición e máis un anaco de bronce. Retiradas as pedras da lareira apareceu unha pedra labrada de forma circular como asento da antedita estrutura. Ao NW esténdese un grande bloque plano de xisto probablemente empregado nos labores metalúrxicos **[Láminas 12 e 13]**.

3º Nivel de ocupación: a cabana 3 como espazo ritual

Os dous tramos conservados do paramento murario (UENEI06008) da cabana 3 apareceron directamente por debaixo da capa vexetal (UENEI06001) **[Lámina 14]**. O tramo setentrional mide 1.40 m de lonxitude, ten unha anchura media de 50 cm e presenta en pranta unha forma curva. No extremo NE atópase esborrallado identificándose algunhas pedras que orixinariamente formarían parte del. Nesta zona aparece unha veta de xisto na que aínda se indentifica o nivel de roza para asenta-lo muro. Entre este tramo e o seguinte dispónse claramente a porta de entrada, de 1.20 de longo, e orientada cara ao W. O outro tramo do muro UENEI06008 consérvase bastante mellor, até chegar aos 2.30 m. A técnica construtiva é cachotería que emprega blocos de xisto recuperado do pé dos cantís da Punta de Neixón. Este muro semella definir unha cabana circular da que só se conserva o paramento da metade W sendo probable que o resto fose desmantelado tralo seu abandono.

No interior desta cabana 3 documentamos restos do seu nivel de ocupación (UENEI06009) unha terra marrón clara con algúns pegotes de pavimento de abre malamente conservados. Neste solo rexistramos algúns elementos construtivos intresantes coma un calzo de poste (UENEI06012) ou unha peculiar estrutura de combustión (UENEI06017), de arxila compactada e forma ovoide en pranta, con restos de ocre, ao carón de dous bloques de pegmatita asentados alí tencionadamente.

No interior da cabana, fronte á porta, atopamos un depósito circular de pedras (UENEI06011) dentro do cal se rexistrou a metade dun cacharro de bordo proareestado cunha espiga unglada como único motivo decorativo no ombro, e

anacos de bronce, algún probablemente pertencente a un caldeiro. Retiradas as pedras, documentamos pegadas do pavimento de xabre e por debaixo unha foxa escavada no sustrato rochoso (60 x 40 cm) enchida de cinzas (UENEI06040) e fragmentos con remaches da placa dun caldeiro de bronce [Lámina 15].

Fóra desta cabana 3, ao carón da súa parte SW, e coetáneo ao seu nivel de uso, identificamos unha estrutura de carácter metalúrxico, conformada por un mogote de arxila compactada, pequenos coios e seixos (UENEI06019) e un depósito circular de arxila rubrefactada (UENEI06014) e algúns calzos e poste (UENEI06021, UENEI06022).

3.3.2. Consolidación

Con vistas á campaña vindeira, a restauradora do equipo técnico elaborará un informe sobre as posibilidades arqueolóxicas do xacemento e maila súa rendibilización; para iso será preciso avaliar tódalas accións anteriores e contrastar algúns extremos sobre o terreo. A este respecto, estudarase ao detalle os materiais e técnicas construtivas empregados orixinalmente na cabana 3 e no espazo doméstico para, de seguido, abordar unha diagnose do estado de conservación das estruturas así como elaborar unha proposta de consolidación de todo ese espazo, para presentar ao público trala execución da campaña de 2009.

3.3.3. Tapado

Para o re-enterramento das estrutura do sector 01 que quedou aberto, empregaremos provisionalmente unha capa de xeotéxtil que actúa como membrana facilitando a drenaxe natural do terreo, con vistas ao seu selado trala emisión do presente informe valorativo.

3.4. Estudos e análíticas complementarias

A partir dos traballos de sistematización e procesado básico levados a cabo parellamente ao desenvolvemento da escavación, estánse xa realizando os seguintes procesos de análises e estudos complementarios para conforma-la memoria definitiva do proxecto.

A este respecto, seleccionamos en campo un conxunto amplo de mostras radiocarbónicas de entre aquelas que foron tomadas en contextos claros e con abundosa materia orgánica (véxase inventario de materiais). Neste senso, tentaremos definir, fundamentalmente, os períodos nos que tiveron lugar as actividades construtivas e niveis de uso do Castro Pequeno. Deste xeito conseguiremos aborda-la cronoloxía da orixe e primeiras fases de ocupación do poboado ao longo da 1ª Idade do Ferro, e contrastar así a cronoloxía relativa fornecida polos materiais arqueolóxicos exhumados en intervencións precedentes. As mostras seleccionadas, recollidas no cadro que segue, enviaróense ao Laboratorio radiométrico da Universidade sueca de Uppsala e ao Instituto de Química Física Rocasolano (CSIC) de Madrid no marco do proxecto antedito Xeoarqueoloxía e reconstrución paleoambiental. **Metodoloxía aplicada a contextos arqueolóxico-culturais dirixido por Manuela Costa Casais (INCIPIT,**

CSIC). Programa sectorial de investigación aplicada, Peme I+D e I+D Suma do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite) correspondiente al programa sectorial de Sociedade e Cultura (SEC). Código de proyecto: 09SEC015606PR. Asemade, o equipo de Antonio Martínez Cortizas (LPPP, USC) será o responsable das análises sedimentolóxicas das mostras seleccionadas a tal efecto (en fase aínda de estudo).

Mostra	Denominación	Contexto	Destino
MU080723J01	Carbóns sobre pavimento	Nivel de ocupación UENEI06009 dentro de cabana 3	Datación de C-14 e Antracología
MU080729J02	Carbóns sobre pavimento	Nivel de ocupación UENEI06009 dentro de cabana 3	Datación de C-14 e Antracología
MU080804J01	Carbóns sobre pavimento	Nivel de ocupación UENEI06013	Datación de C-14 e Antracología
MU080801J01	Depósito de recheo de gabiá de cimentación	Gabiá UENEI06015	Datación de C-14 e Antracología
MU080804J02	Terra compacta de cor roxiza	Estrutura de combustión UENEI06017 dentro de cabana 3	Análises sedimentolóxicas
MU080805J01	Columna de mostras	Estrutura de combustión UENEI06017 dentro de cabana 3	Análises sedimentolóxicas
MU080805J02	Placa de arxila rubefactada	Estrutura de combustión UENEI06019 fóra da cabana 3	Análises sedimentolóxicas
MU080805J03	Placa de arxila rubefactada	Estrutura de combustión UENEI06020 fóra da cabana 3	Análises sedimentolóxicas
MU080805J05	Placa de arxila rubefactada	Lareira UENEI06005 da cabana 1	Análises sedimentolóxicas
MU080818J01	Placa de arxila rubefactada	Lareira UENEI06005 da cabana 1	Análises sedimentolóxicas
MU080818J02	Terra con carbóns	Burato de poste UENEI06026	Carbono-14
MU080819J01	Nivel de queimado	UENEI06034. Obradoiro metalúrxico	Carbono-14
MU080819J02	Carbón	Pavimento UENEI06036 da cabana 2	Carbono-14

MU080819J04	Carbóns	Depósito UENEI06035	Carbono-14
MU080822J01	Carbóns	Nivel de ocupación UENEI06029	Carbono-14
MU080822J02	Carbóns	Nivel de ocupación UENEI06029	Carbono-14
MU080822J03	Terra con carbóns	Gabia de cimentación UENEI06037	Carbono-14 e análises sedimentolóxicas
MU080822J05	Carbóns	Depósito de recheo de foxa ritual UENEI06040	Carbono-14 e Antracoloxía
MU080822J09	Depósito de terra con carbóns	Interior da foxa ritual UENEI06040	Carbono 14, Antracoloxía e Análises sedimentolóxicas

Táboa 1. Mostras da campaña 2008 seleccionadas para datacións radiométricas (C-14), antracolóxicas e sedimentolóxicas. En fase de estudo polo INCIPIT (CSIC).

4. Escavación arqueolóxica no Castro Grande de Neixón

4.1. Plantexamento da intervención. Cuestións xerais.

Para a campaña 2008 propuxémo-la escavación da área comprendida entre os sectores 02 e 04 co gallo de exhumar en pranta o nivel de ocupación máis antigo documentado no interior do Castro Grande e poder documentar máis foxas escavadas no xabre. Esta actuación permitiría caracterizar perfectamente o recinto superior do Castro Grande e o seu uso tralo seu erguemento cara aos séculos V-IV a. C. Esta actuación foi levada a cabo coa participación dos voluntarios do campo de traballo.

Con anterioridade replanteamos a superficie que compría escavar, abranguendo unha superficie total de 160 metros cadrados; as UR intervidas foron as cuadrículas de 4x4 1721, 1821, 1921, 2021, 2121, 1722, 1822, 1922, 2022 e 2122. Tendo en conta a estratigrafía exhumada no sector 04 nas campañas de 2005 e 2006, era previsible a documentación dunha meirande potencia estratigráfica na zona situada ao sopé do parapeto, mentres que no resto da superficie contariamos cunha estratigrafía simple conformada por unha capa vexetal (no W disposta directamente sobre o sustrato rochoso), un nivel de transición, os depósitos de recheo con pedras das foxas e os cortes destas xa sobre o horizonte mineral.

4.2. Execución da intervención: traballo de campo

4.2.1. Escavación

A retirada da capa vexetal permitiu documentar novamente niveis de roza adscribibles a comezos da década de 1980 e relacionados co verquedoiro daquela depositado no interior do Castro Grande [**Láminas 23-26**]. Cos materiais contemporáneos xa se documentaban anacos de tégulas e ímbrices, algúns deles moi rodados, así como perquenos fragmentos de ánfora *Haltern 70* e *Lomba do Canho*. Cómpre subliñar tamén o rexistro de varios muíños naviformes, unha ása de cacharro tipo Corredoiras (PZNEI07/a000015), un machado pulido (PZNEI07/b000007), dous anacos de cerámica púnica (PZNEI07/a000019 e PZNEI07/a000021) e un fragmento de crisol cerámico con concrecións de bronce (PZNEI07/a000026).

Baixo esta UENEI07001 comezaron a definirse en pranta os seguintes depósitos e estruturas:

- UENEI07004: depósito de pedras de xisto semicircular localizado na UR1921 contra o perfil W do sector de escavación que rechea o interior dunha foxa de aparente forma ovoide en pranta, adscribible á 2ª Idade do Ferro.
- UENEI07005: depósito de forma irregular en pranta conformado por bloques de xisto, cuarcita e granito, cunha orientación NE-SW, disposto polas UR 1821 e 1822. Trátase do recheo superficial do interior dun conxunto de foxas escavadas no sustrato rochoso. Neste depósito documentouse abundante material entre o que destacan fragmentos de *Haltern 70* (PZNEI07/a000014; PZNEI07/a000017), unha tégula coa marca dunha pezuña de animal (PZNEI07/a000016), outra tégula con marcas dixitadas circulares (PZNEI07/a000018), anacos de muíños naviformes (PZNEI07/b000017; PZNEI07/b000018), un bordo reforzado tipo Vigo (PZNEI07/a000023) e un anaco de crisol (PZNEI07/a000032)
- Grande depósito de bloques de tamaño pequeno e mediano procedente do derrubo do muro de contención interno do parapeto, Cunha orientación N-S ten unha disposición liñal en pranta, unha lonxitude máxima de 10 m e unha anchura media de 2.50 m. Esténdese polas UR 1922, 2022 e 2122. Neste depósito documentáronse varios coios de río, mans de moer de muíños barquiformes, un pivote de ánfora (PZNEI07/a000027), un fragmento de tixolo romano (PZNEI07/a000030) e un anaco de tégula coa impronta da pisada dun felino (PZNEI07/a000029).
- UENEI07008: pequeno tramo de muro de cachotería correspondente a unha construción adscribible á fase de ocupación altoimperial do Castro Grande. Esta estrutura se atopa totalmente desmantelada e ubícase por baixo da capa vexetal (UENEI07001) e por riba do conxunto de foxas das 2ª Idade do Ferro. Ao carón do muro aparecen restos dun depósito de arxila rubefactada (UENEI07012).

Perante a imposibilidade de remata-la escavación arqueolóxica de toda a superficie aberta, centráronse os traballos na UR 1821, 1921 e 1822, onde, trala retirada do depósito de cachotes UENEI07005 puidemos documentar en pranta un conxunto de até catro foxas escavadas no sustrato rochoso, de semellante morfoloxía e adscrición cronocultural que as descubertas en anos precedentes no sector 02 e no sector 01. A foxa UENEI07011, de forma circular en pranta, atópase á marxe do conxunto previo. No seu único depósito de recheo (UENEI07013) recolléronse abundantes carbóns e cerámica da Fase II do castrexo (séculos IV-II a. C.). O outro conxunto de foxas amosan un uso continuado con varias actividades extractivas como así poñen de manifesto as interfaces e cortes dunhas estruturas con outras. Malia diso, identificouse un depósito de recheo homoxéneo (UENEI07010) con abundantes carbóns, muíños barquiformes, cerámica indíxena da Fase II e pegotes e arxila correspondentes a un revestimento interno das estruturas empregadas orixinariamente como silos a xeito de estruturas de almacenaxe. No interior da foxa UENEI07006 rexistrouse un concheiro de 1 m de potencia aproximadamente, contra a parede S da estrutura, con materiais cerámicos característicos da 2ª Idade do Ferro. O mesmo acontece no caso da foxa UENEI07007, ubicada ao SE da antedita.

En definitiva, estas novas foxas documentadas na campaña 2008 corroboran o panorama trazado con anterioridade. Estamos diante dun conxunto de estruturas que semellan inzar o interior do recinto monumental do Castro Grande no seu primeiro nivel de uso (séculos IV-III a. C.). De seren silos pasan a albergar depósitos estruturados de carácter ritual. Posteriormente son recheadas por cachotes e en época altoimperial procédese á construción, por riba delas, de construcións de carácter doméstico.

Nesta ITNEI07 foron documentados 117 fragmentos cerámicos, 1 anaco de vidro romano, 31 líticos, 3 mostras malacolóxicas e 1 mostra antracolóxica (véxase anexo 3).

ANÁLISE PRELIMINAR DO MATERIAL ARQUEOLÓXICO RECUPERADO NO CASTRO PEQUENO DE NEIXÓN

A campaña arqueolóxica de 2008 deu como resultado a documentación de 1073 fragmentos cerámicos, 3 fusaiolas de cerámica, 2 anacos de ocre, 60 úteis líticos, 29 anacos cerámicos de crisois de fundición de bronce, 42 restos de bronce (obxectos, gotas de fundición, pezas informes), 6 anacos de moldes de fundición, 2 escouras de ferro e 1 peza informe de ferro.

1. Síntese do material cerámico exhumado

A escavación no Castro Pequeno de Neixón permitiu documentar un conxunto cerámico que se corresponde perfectamente coas tipoloxías definidas con anterioridade para este xacemento (Rey 1992) e que son auténticos fósiles-guía para a Fase I do castrexo nas Rías Baixas Galegas [**Láminas 16-18**]. Neste senso, no tocante ao tratamento morfolóxico vemos unha semellanza entre as formas lisas e decoradas, un dominio absoluto de cacharros de perfil composto arestado pechado e cacharros de perfil simple. Pola súa vez, o tratamento técnico caracterízase pola utilización dun desgraxante micáceo, groso e irregular, por un modelado manual, pola presenza de paredes grosas e medias, por un acabado alisado tosco, cepillado e brunido e por texturas granulosas. Doutra volta, a cocción é reductora e oxidante e a coloración predominantemente negra. A continuidade coa tradición alfareira da Idade do Bronce é evidente (González Ruibal 2006-2007: 234).

Entre as tipoloxías documentadas destaca, obviamente, a presenza de cacharros de bordo recto tipo Neixón Pequeno (Rey 1992: 367-8), vasilla de perfil flexionado en forma de S, de fondo plano, adicado á cocción de alimentos; algunhas das pezas presentan manchas de queimado. No último nivel de ocupación cómpre subliña-la documentación de bordos exvasados, protoarestados (p.e. PZNEI06/a000946; PZNEI06/a000966, PZNEI06/a001048) que anticipan formas da 2ª Idade do Ferro coma os bordos arestados tipo Cíes; a este respecto, o cacharro rexistrado na estrutura circular de pedras na cabana 2 pode remitir xa a un século V a.C.

As decoracións son típicas da fase I, predominando a incisión, con esquemas metopados a base de motivos xeométricos no ombro e o pescozo da peza: decoración ungulada (PZNEI06/a000123), zigue-zagues (PZNEI06/a000200; PZNEI06/a000391), dentes de lobo (PZNEI06/a000446). Tamén documentamos outros motivos como acanaladuras, tanto no ombro coma no bordo (PZNEI06/a000464; PZNEI06/a000941). Entre as pezas cerámicas documentadas rexistramos tres fusaiolas (PZNEI06/a000751; PZNEI06/a000198; PZNEI06/a000184).

Como único material de posible procedencia alóctona temos que destacar un fragmento de panza de cerámica púnica (PZNEI06/a000186), un anaco de ánfora (PZNEI06/a000805) e un pivote cerámico (PZNEI06000939), se ben este último pode ser unha imitación local de formas fenicio-púnicas.

2. Síntese do material lítico

A campaña deste ano forneceu unha mostra ampla de úteis líticos (60 pezas) que permite coñecer mellor o instrumental empregado polos habitantes do Castro Pequeno para diferentes actividades (véxase apéndice *Inventario de materiais*, caixas 3 e 4). Neste senso, compróbase unha vez máis, a utilización sistemática das materias primas locais (xisto, seixo, cuarcita) propias do sustrato rochoso da Punta de Neixón, complementada coa amortización de cantos rodados procedentes das praias anexas. Só para a fabricación de determinados úteis, como poden ser os muíños barquiformes, empregouse granito, non presente na zona onde se empraza o asentamento. Cómpre subliñar tamén a presenza de pequenos úteis tallados en cristal de rocha. As dúas pezas máis destacadas son unha pesa lítica (PZNEI06/b000023) e un fragmento decorado de grella de forno feita en esteatita (PAZNEI06/b00040) [**Lámina 19**].

Entre o material lítico destaca a localización de muíños barquiformes no espazo doméstico conformado pola cabana 1, así como a concentración de anacos de turmalina na metade E do interior da cabana de pedra 3. Asemade, un muíño barquiforme fragmentado en dous anacos apareceu cinguindo a porta desta estrutura.

3. Análise de restos metálicos

3.1. O Castro Pequeno de Neixón e a metalurxia do bronce na Idade do Ferro I

Nas orixes decimonónicas da Arqueoloxía como disciplina académica, os metais van xogar un papel fundamental nas primeiras tentativas á hora de definir, en clave evolucionista, as diferentes fases da Prehistoria europea. As comunidades terían pasado por varios estadios de complexización socioeconómica, plasmados en determinados cambios tecnolóxicos reflectidos na utilización sucesivas de diferentes materiais. Se a Antropoloxía ao servizo do Imperialismo chantaba a secuencia Salvaxismo-Barbarie-Civilización para comprender a evolución da Humanidade, as primeiras síntesis da nacente Prehistoria definían o avance tecnolóxico das sociedades do pasado a partir dos obxectos materiais. Sería o conservador danés Christian Thomsen (1788-1865) na súa ordeación das coleccións da *Comisión Real para a Conservación das Antigüedades de Copenhague* quen estableceu unha clasificación dos obxectos segundo a súa materia prima e posible función, obtendo unha división en tres Idades (pedra,

bronce e ferro) que exporía no seu manual *Guía das Antigüedades Escandinavas* de 1836 (Clarke 1984: 7-8). Esta secuencia cronotipolóxica sería matizada posteriormente por outros autores nórdicos como Warsaae e Montelius, e franceses como Mortillet acadando o seu desenvolvemento coa obra de Lubbock (1912 [1868]).

A arqueoloxía europea asomárase dende estes presupostos á realidade histórica do 1º milenio a. C., período que pasaría a ser definido como a Idade do Ferro, á súa vez dividida en dúas fases que toman o nome de xacementos arqueolóxicos de Centroeuropa escavados no século XIX: Hallstatt e La Tène. Como vemos, a introdución do ferro tómase como elemento definitorio de todo un período cultural para toda a Europa continental e atlántica. Partindo destes modelos, a Arqueoloxía galeguista na década de 1920 tenta aplicar esta secuencia ao mundo dos castros galaicos. Deste xeito F. López Cuevillas elabora en 1924 a primeira síntese sobre a Idade do Ferro na Galiza (López Cuevillas 1968) na que xa remarca o peso da tradición metalúrxica das comunidades da Idade do Bronce antes da chegada dunha suposta invasión céltica cara ao século VI a. C.

Asemade, estas primeiras investigacións tentan contrasta-las informacións sobre a riqueza estannífera do NW da Península Ibérica que aparecen nas fontes clásicas, potenciando un debate (que permanece na actualidade) sobre a identificación das Illas Cassitérides coa costa galega das Rías Baixas. Neste senso, serán tres as referencias as que asenten na investigación tradicional a importancia desta riqueza para os pobos galaicos⁴:

En moitos lugares de Iberia aparece tamén o estaño, mais non se atopa na superficie, como dixeron algúns nas súas historias, senón escavando e fundíndoo como a prata e o ouro. Hai moitas minas de estaño máis arriba da Lusitania, nas illas situadas fronte a Iberia, no Océano, que por iso se chaman Kassiterides (Diodoro, V, 38).

Di (Posidonio) que o estaño non se atopa na superficie, como contan os historiadores, senón ó cavar. Prodúcese entre os bárbaros de máis aló dos Lusitanos e nas illas Kassiterides, e transpórtase dende as illas Británicas a Marsella. Entre os Artabros, que son os últimos da Lusitania cara o Noroeste, di (Posidonio) que a terra florece de prata, de estaño e de ouro branco, xa que está mixturado con prata e que os ríos arrastran esta terra e que as mulleres remóvena con angazos e lávana en cribos tecidos en forma de cestos. Isto é o que dixo (Posidonio) sobre as minas (Strabon, III, 2, 9).

As Kassiterides son dez e están situadas moi próximas unhas doutras cara o N. do porto dos Artabros, en alta mar. Unha delas está despoboada, as demais habítanas homes vestidos de mantos negros, que levan túnicas ata os pes cinguidas arredor do peito e que camiñan con bastóns e seméllanse ás Furias da Traxedia. Viven preferentemente do gando, levando unha vida nómada. Ademais teñen minas de estaño e chumbo e peles que trocan cos comerciantes por cerámica, sal e obxectos de bronce. Antes, unicamente os Fenicios realizaban este comercio dende Gades agachando a todos a ruta marítima, e cando os romanos perseguiron a certo navegante para coñeceren aqueles emporios, este, voluntariamente encalou o seu barco nuns baixos e arrastrou á mesma desgracia ós que o seguían, mentres el salvábase do naufraxio e recibiu do seu goberno o precio da carga perdida. Mais os romanos, intentándoo moitas veces, chegaron a coñece-la ruta. E cando Publio Crasso, chegando ata eles, coñeceu que os metais se podían cavar a pouca profundidade e que a xente era pacífica, ensinou con claridade ós

⁴ Seguímola tradución ao galego proposta por A. M. Romero Masiá e X. M. Pose Mesura (1987: 19,28, 44).

interesados a navegación, aínda que era máis longa que a navegación ata Bretaña. Isto é o que hai de Iberia e das illas próximas (Strabon, III, 5, 11).

Tradicionalmente as fontes clásicas eran tomadas ao pé da letra polos eruditos galegos que centraron a súa atención na problemática da minería antiga (Cornide 1790). Só será coas escavacións encetadas na década de 1920 cando se tente, por primeira vez, demostrar ou refuta-la veracidade dos informes etnográficos clásicos. Será neste contexto cando se encete a intervención de 1925 no Castro Pequeno de Neixón por parte de Bouza Brey e Cuevillas (Ayán 2005a). Nas primeiras referencias sobre achados no Castro Pequeno de Neixón aparecen xa citadas evidencias de actividade metalúrxica no poboado. Deste xeito, nas súas exploracións na Punta de Neixón Manuel Otero atopara restos de cobre e o académico Gil y Casal e mailo pintor González del Blanco recolleran diferentes vestixios de fundición de bronce (López Cuevillas e Bouza Brey 1926: 3). Guiados polos traballos precedentes e polos restos exhumados na súa escavación de 1925, F. Bouza Brey e F. López Cuevillas levaron a cabo unha sistematización dos restos metálicos asoellados na que incluían unha serie de paralelos tipolóxicos ao longo de Europa. Entre as pezas documentadas, todas elas feitas en bronce, destacaban un brazaletes, dous colgantes bicónicos, dúas conteiras ou regatóns, unha fíbula, un anaco de crisol cerámico e un molde de fundición de machados de alvado (López Cuevillas e Bouza Brey 1926: 6, fig. 4; 33. fig. 10 e 35, fig.11).

Todas estas evidencias levan aos autores a defende-la existencia dun obradoiro metalúrxico *ben caracterizado pol-a abundosa ganga, pol-a poelleira metálica, qu'alí apareceu misturada con terra e aínda pol-os ouxetos atopados, pezas cicáis destraviadas ou anacos destiñados ao crisol* (Ibíd. 7) adscribible ao IV período da Idade do Bronce, debido a ausencia total de restos metalúrxicos en ferro (Ibíd. 8). Á súa vez a fíbula de pé recto exhumada é vista coma unha proba da chegada ao NW das poboacións célticas.

O rexistro contextualizado do Castro Pequeno de Neixón seguirá a xogar un papel sobranceiro nas décadas posteriores, sobre todo no referido á actividade metalúrxica no inicio da Idade do Ferro. Nas súas revisións do tema, Cuevillas marxina o trasfondo tecnolóxico da metalurxia castrexa, limitándose practicamente á descrición formal dos restos, xa sexan fíbulas (López Cuevillas 1950), orfebrería (López Cuevillas 1951) ou instrumentos de traballo (López Cuevillas 1956), así coma ao establecemento de series tipolóxicas. Nesta sistematización destaca o valor histórico concedido a pezas exhumadas no Castro Pequeno de Neixón coma o citado brazaletes de bronce (López Cuevillas 1951: 59-60; Blanco Freijeiro 1957-1958: 10-11) ou a sinalada fíbula de pé recto (López Cuevillas 1950: 5-21).

Dacordo coa escola histórico-cultural alemá, os obxectos metálicos son empregados coma un elemento material máis para caracterizar unha cultura arqueolóxica determinada mediante o establecemento de secuencias cronotipolóxicas dos diferentes artefactos (Aboal et. al. 2002: 67). Paradigma deste enfoque constitúeo esta cita entresacada do traballo de Cuevillas de 1950 titulado *Las fíbulas castreñas y su significado etnológico* (López Cuevillas 1950: 5-6):

Venimos a reunir así nueve grupos de fíbulas, cada una de las cuales ostenta una significación propia, relacionada bien con la llegada al noroeste hispánico de las tribus celtas, bien con las creaciones peculiares de la cultura de nuestros castros, o ligado con los contactos de esta cultura con otras vecinas o con la aparición de las legiones consulares y con el sometimiento de nuestra etnos, como el comienzo de la edad del hierro, el período de desarrollo de una civilización autóctona, y el final de esta civilización que termina al mismo tiempo que acaba para nosotros la protohistoria.

Dende esta óptica, a investigación levada a cabo remarca aínda máis a excepcionalidade do Castro Pequeno de Neixón, un verdadeiro fósil director da 1ª Idade do Ferro definido por artefactos que se amosan, á súa vez, como referentes identitarios dunha cultura, coma o exemplar único da *fíbula de pie largo, de arco seguido y resorte bilateral en el Castro Pequeño*

yacimiento éste que por haber proporcionado una valva y la mitad de otra, de un molde para fundir hachas de tubo, un pedazo de una pulsera de bronce de la misma especie de las de Band y de las que abundan en la estación del Molá y en otras catalanas, y algunos fragmentos cerámicos con decoraciones hallstáticas hechas con incisiones poco profundas, tenemos que datar forzosamente en el comienzo del período de los castros (López Cuevillas 1950: 6).

Polo tanto, constátase a permanencia en activo, nas décadas de 1940 e 1950, dunha aproximación propia da Arqueoloxía histórico-cultural, estendida tamén ao eido da Etnografía, que segue a desempeñar un rol activo na construción do coñecemento histórico nese período. Asemade, continúa asentando o mito historiográfico da Punta de Neixón na investigación protohistórica do NW (Ayán 2005a).

En 1970 reiníciáanse dende a Universidade de Santiago e Compostela e o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento as campañas de escavación arqueolóxica no Castro Pequeno baixo a dirección de A. Balil e F. Acuña. Todas estas intervencións, por unha banda, reafirmaron o carácter emblemático de O Castro Pequeno de Neixón, e por outro, derivaron nun lamentable baldeiro bibliográfico, xa que o coñecemento xerado por esas sucesivas campañas de escavación xamais foi publicado en condicións, agás un noticiario de tres páxinas sobre a campaña de 1973 (Acuña Castroviejo 1976). Segundo este autor (Acuña Castroviejo (1977: 250) os materiais exhumados (restos de crisois de fundición, un machado de tope de dous aneis e anacos dun posible caldeiro de bronce semellante ao de Hío) confirmaban os achádegos e resultados de Cuevillas e Bouza Brey, defendendo a orixe do asentamento no Bronce Final⁵. Asemade, outro arco de fíbula adscribible aos séculos VI-V. a. C. foi atopado na limpeza e reescavación de 2001 (Álvarez et al. 2005: 103, lám. 7).

En definitiva, as intervencións no Castro Pequeno ao longo do século XX puxeron de manifesto a pervivencia dunha metalurxia de bronce realmente importante nun dos primeiros poboados castrexos do país, revelándose, á súa vez, coma un enclave importante nos primeiros contactos comerciais co Mediterráneo. A riqueza en estaño desta zona de Barbanza comezaba a agromar coma un factor

⁵ Con todo tamén se indica a aparición de anacos informes de ferro, sen defini-lo contexto estratigráfico dos achados (Acuña Castroviejo 1976: 330).

importante no desenvolvemento destas temperás relacións comerciais. Así o sinalaba Maluquer de Motes nas *I Jornadas de Metodología Aplicada de las Ciencias Históricas*, fito historiográfico sobranceiro celebrado en Santiago en 1973 (1975: 144):

En primer lugar la práctica de nuevas excavaciones en yacimientos bien elegidos es clave para la resolución de muchos problemas. Véase si no el éxito de las excavaciones de la Universidad de Santiago en el Castro pequeño [sic] de Neixón, cuyo interés para el desarrollo de la metalurgia del bronce era bien conocido y como ha podido documentarse algo tan interesante como la presencia de mercancías fenicias del siglo VI (aryballos) de pasta vítrea. Por primera vez de modo directo e indudable obtenemos la confirmación de la presencia de mercaderes mediterráneos en el extremo NO, es decir, que en realidad tenemos la primera prueba de verdaderas navegaciones y la seguridad de que la concentración de depósitos de bronce en las áreas costeras responde a una verdadera comercialización del metal gallego.

3.2. As evidencias metalúrxicas documentadas na campaña de 2008

Os achados metálicos desta campaña 2008 no Castro Pequeno de Neixón veñen corrobora-la importancia da actividade broncista no asentamento durante a 1ª Idade do Ferro, mais cunha diferenza fundamental: por primeira vez contamos cunha secuencia estratigráfica ben documentada e con estruturas vencelladas a eses restos metálicos que fornecen datos sobre o seu contexto de uso, tanto primario coma secundario. A este respecto, contamos con evidencias que remiten á toda a cadea técnico-operativa da metalurxia do bronce: anacos de mineral, moldes de fundición, crisois cerámicos, gotas de fundición, anacos de parrilla de forno así como obxectos acabados: regatóns, anacos de fíbulas, agullas, variñas, aro, etc... **[Láminas 20-22]**.

CÓDIGO	SECTOR	UR	UE	OBSERVACIÓNS
PZNEI06/j000001	01	1100	UENEI06001	Fragmento de coitelo de bronce
PZNEI06/j000003	01	1100	UENEI06001	Esquirla de bronce
PZNEI06/j000004	01	1200	UENEI06001	Esquirla de bronce
PZNEI06/j000005	01	1200	UENEI06001	Fragmento de fíbula de bronce
PZNEI06/j000006	01	1200	UENEI06001	Posible asa de caldeiro de bronce
PZNEI06/j000007	01	1300	UENEI06008	Anaco de fíbula de bronce
PZNEI06/j000008	01	1200	UENEI06001	Peza informe de bronce
PZNEI06/j000009	01	1200	UENEI06001	Anacos de bronce moi deteriorados
PZNEI06/j000010	01	1300	UENEI06001	Indeterminado de bronce
PZNEI06/j000011	01	1200	UENEI06008	Aro de bronce
PZNEI06/j000012	01	1200	UENEI06001	Peza de bronce de forma triangular
PZNEI06/j000013	01	1200	UENEI06010	Dous anacos de placa de bronce
PZNEI06/j000014	01	1300	UENEI06009	Cabeza de agulla de bronce
PZNEI06/j000015	01	1300	UENEI06001	Anaco informe de bronce
PZNEI06/j000016	01	1200	UENEI06013	Esquirla de bronce

PZNEI06/j000017	01	1300	UENEI06013	Regatón de bronce
PZNEI06/j000018	01	1300	UENEI06013	Fragmento de placa de bronce
PZNEI06/j000019	01	1300	UENEI06013	Indeterminado de bronce
PZNEI06/j000020	01	1200	UENEI06009	Fragmento de caldeiro de bronce con remaches
PZNEI06/j000021	01	1200	UENEI06009	Anaco de lámina de bronce moi deteriorada
PZNEI06/j000022	01	1200	UENEI06009	Remache e placa de caldeiro de bronce
PZNEI06/j000023	01	1300	UENEI06013	Anaco de fíbula de pé recto
PZNEI06/j000024	01	1400	UENEI06013	Gota de bronce
PZNEI06/j000025	01	1400	UENEI06013	Anaco informe de bronce
PZNEI06/j000026	01	1400	UENEI06013	Mineral con concrecións de bronce. Escoura.
PZNEI06/j000027	01	1400	UENEI06013	Escoura de bronce
PZNEI06/j000028	01	1400	UENEI06013	Regatón de bronce
PZNEI06/j000029	01	1400	UENEI06013	Anaco de fíbula de bronce
PZNEI06/j000030	01	1400	UENEI06013	Anaco de bronce informe
PZNEI06/j000031	01	1400	UENEI06013	Gota de fundición de bronce
PZNEI06/j000032	01	1400	UENEI06013	Fragmento de placa de bronce
PZNEI06/j000033	01	1400	UENEI06013	Anaco informe de bronce
PZNEI06/j000034	01	1400	UENEI06034	Anaco informe de bronce
PZNEI06/j000035	01	1400	UENEI06013	Anaco de lámina de bronce
PZNEI06/j000036	01	1400	UENEI06035	Remache de bronce
PZNEI06/j000037	01	1400	UENEI06013	Anaco de varilla de bronce
PZNEI06/j000038	01	1400	UENEI06013	Gota de fundición de bronce
PZNEI06/j000039	01	1400	UENEI06013	Agulla de fíbula de bronce
PZNEI06/j000040	01	1400	UENEI06013	Lingotiño de bronce
PZNEI06/j000041	01	1199	UENEI06013	Gota de fundición de bronce
PZNEI06/j000042	01	1400	UENEI06035	Gota de fundición de bronce
PZNEI06/j000043	01	1200	UENEI06040	Remache de placa de caldeiro de bronce
PZNEI06/a000133	01	1099	UENEI06001	Anaco de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/a000134	01	1099	UENEI06001	Anaco de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/a000147	01	999	UENEI06001	Anaco de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/a000199	01	1200	UENEI06001	Anaco de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/a000203	01	1300	UENEI06001	Anaco de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/a000204	01	999	UENEI06001	Molde cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/a000240	01	1200	UENEI06001	Anaco de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/q000001	01	1200	UENEI06001	Anaco de escoura de ferro
PZNEI06/b000016	01	1200	UENEI06001	Anaco de parrilla de esteatita
PZNEI06/a000390	01	1199	UENEI06001	Anaco de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/a000396	01	1199	UENEI06001	Anaco de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/a000397	01	1099	UENEI06001	Anaco de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/a000407	01	1300	UENEI06001	Anaco de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/a000408	01	1300	UENEI06001	Anaco de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/a000413	01	1099	UENEI06001	Anaco de molde de fundición de bronce
PZNEI06/a000414	01	1200	UENEI06001	Anaco de molde de fundición de bronce
PZNEI06/a000453	01	1300	UENEI06001	4 anacos de crisol cerámico de bronce

PZNEI06/a000480	01	1300	UENEI06013	Anaco de crisol cerámico de bronce
PZNEI06/q000002	01	1300	UENEI06013	Anaco de escoura de ferro
PZNEI06/a000523	01	1300	UENEI06013	Borde de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/w000001	01	1300	UENEI06013	Anaco de ferro informe
PZNEI06/b000040	01	1200	UENEI06013	Anaco parrilla de forno decorada, de esteatita
PZNEI06/a000551	01	1300	UENEI06013	Anaco de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/a000570	01	1300	UENEI06013	Anaco de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/a000683	01	1099	UENEI06013	Anaco de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/a000684	01	1099	UENEI06013	Anaco de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/a000685	01	1099	UENEI06013	Anaco de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/a000686	01	1099	UENEI06013	Anaco de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/a000687	01	1099	UENEI06013	Anaco de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/a000688	01	1099	UENEI06013	Anaco de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/a000752	01	1400	UENEI06013	Anaco de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/a000781	01	1400	UENEI06001	Anaco de crisol cerámico de fundición de bronce
PZNEI06/a000787	01	1400	UENEI06013	2 anacos de crisois cerámicos de fundición de bronce
PZNEI06/a000051	01	1200	UENEI06029	Anaco de parrilla de forno de esteatita
PZNEI06/a000893	01	1400	UENEI06013	Anaco de molde de fundición de bronce
PZNEI06/a000928	01	1400	UENEI06033	Anacos de molde de fundición de bronce
PZNEI06b/000060	01	1400	UENEI06035	Posible molde de fundición en xisto

Táboa 2. Restos vencellados coa actividade metalúrxica documentados na campaña de 2008 o Castro Pequeno de Neixón. En vermello, as pezas seleccionadas para análises paleometalúrxicas (véxase anexo 2).

Asemade, constátase unha concentración de restos na metade W do sector escavado, vencellados a tres construcións definidas claramente en pranta [Lámina 22]:

- Cabana de forma ovoide erguida con materiais perecedoiros, correspondente co segundo nivel de ocupación nesta zona do asentamento.
- Estruturas de combustión ubicadas ao W da cabana de pedra (UENEI06008) probablemente vencelladas con fornos metalúrxicos.
- Cabana de pedra onde se documentaron obxectos entre as pedras do paramento murario, así como anacos dun caldeiro de bronce no interior dunha foxa emprazada dentro da estrutura en fronte á porta.

RESUMO E HIPÓTESE XERAL

O Castro Pequeno de Neixón no contexto da 1ª Idade do Ferro galaica

Durante a Idade do Bronce os grupos humanos asentados no NW da Península Ibérica vivían en pequenas aldeas en zonas abertas, compostas de cabanas e pozos de material perecedoiro, ás veces cinguidos por gabias perimetrais pouco profundas (agás nalgunhas partes meridionais nas que se documentan ocupacións en altura). O xurdimento dos poboados fortificados constitúe para esta zona non só un fenómeno novedoso, senón que acadará unha notable difusión espacial e unha longa vixencia temporal, como así o amosa o feito de que, a día de hoxe, non se coñece outra forma de asentamento que non sexa o castro para todo o primeiro milenio a. C. (Carballo e González 2003: 40; Parceró et. al. 2007: 144).

Este proceso de fortificación iníciase no século X-IX a. C. na área litoral e meridional do NW e desenvólvese de forma progresiva, seguindo diferentes ritmos temporais, por todo o territorio (Alarcão 1992: 44-5).

En liñas xerais, podemos plantexa-la hipótese de que a arquitectura doméstica desta Fase I resposta ao patrón cultural preexistente (Bronce Final Atlántico), cun predominio de cabanas circulares erguidas con materiais perecedoiros en moitos casos. A campaña de 2008 no Castro Pequeno de Neixón constata unha vez máis, cos seus dous primeiros niveis de ocupación o notable continuismo entre a tradición da Idade do Bronce e a primeira Idade do Ferro (Bettencourt 2000: 84.5), constatado tamén no eido da cerámica (Cobas e Prieto 1998: 161; Cobas e Parceró, 2006: 79-85) ou na proximidade no emprazamento dos novos poboados con respecto ás antigas aldeas abertas (Parceró 2003: 276). A ruptura fundamental reside no xurdimento da fortificación, que afecta ao poboado, á colectividade, mentres que o eido doméstico das unidades familiares segue reproducindo o patrón arquitectónico e espacial anterior.

A este respecto, semella bastante probable que o Castro Pequeno de Neixón fose no seu inicio unha aldea aberta que se fortifica no Ferro I, como parece evidencia-lo corte estratigráfico no parapeto efectuado nas escavacións dos anos 70 (Acuña Castroviejo 2008). Doutra volta, este asentamento exemplifica moi ben as características dos poboados fortificados galegos desta época: predominio claro de asentamentos fortificados de pequenas dimensións (menos de 1 Ha), cun único recinto que soe aproveita-las condicións naturais do seu emprazamento como dispositivo de formalización e monumentalización arquitectónica. Asemade, existe unha clara planificación arquitectónica á hora de aborda-la construción dos poboados como ten amosado a escavación do castro pontevedrés de As Croas (Peña Santos 2000: 154-5) abandonado durante a súa fase de construción.

A delimitación espacial deste tipo de asentamentos viría dada polo sistema defensivo, iniciándose a contrución do foxo, do que se extraía a materia prima empregada no levantamento de parapetos e murallas. Posteriormente, a arquitectura doméstica utilizaba como referente espacial a cara interna do recinto amurallado, carecendo de cimentación. Este modelo conséntase no Castro Pequeno na área escavada nos anos 70 e rehabilitada hai escasos anos. Outro aspecto interesante documentado este ano é o tremendo traballo de aterrazamento levado a cabo polos habitantes do castro ao traballar as cristas rochosas do afloramento de xisto que conforma a Punta de Neixón, habilitando unha superficie plana para asenta-las estruturas.

Outro aspecto que pon de manifesto o Castro Pequeno é o proceso de petrificación da arquitectura doméstica que se dá nos castros do litoral das Rías Baixas, como Torroso (Peña Santos 1992: 93, fig. 21), As Croas (Peña Santos 2000: 155-60), Pena Redonda (González Ruibal 2004, 2005), Penalba (Álvarez Núñez 1986; 1989: 38), Alto do Castro (Parcero 2000: 64-5) ou A Lanzada (Acuña 1976, 1977; Calo e Sierra 1983: 35; Fariña 1983: 34)

Así pois, no Castro Pequeno conséntase unha sucesión de espazos habitacionais, pasando dunha arquitectura feita con materiais perecedoiros a outra constituída por cabanas de pranta circular con zócalo de pedra de xisto, paramentos de adobe e palla e cuberta de *colmo*, que se enmarcan nos séculos VII-VI a. C. (Rey 1992: 167; Álvarez et. al. 2005; Ayán 2005: 67). A escavación deste ano fornece novos datos sobre este proceso de petrificación na zona meridional do asentamento, evidenciando o paso dunha arquitectura de cabanas feitas en material perecedoiro á construción dunha estrutura circular en pedra adscribible aos séculos VI-V a. C. e vencellada a unha zona de actividades metalúrxicas.

Este último punto pónnos sobre a pista doutra característica compartida por poboados desta época como Penalba, Torroso ou Punta Langosteira como é a presenza dunha importante actividade metalúrxica de bronce. A campaña de 2008 permitiu documentar unha área de procesado metalúrxico con evidencias materiais de toda a cadea técnico-operativa, sobre a que se ergue unha estrutura circular de pedra ritualizada con obxectos metálicos nos paramentos murarios, deposición de anacos de turmalina na metade E, no interior, e unha foxa na que se inseriron anacos dun caldeiro de bronce.

Esta nova materialidade correspóndese historicamente coa decadencia da sociedade xerarquizada do Bronce Final, dunhas elites que estaban en contacto co mundo atlántico e asentaban o seu prestixio no control da metalurxia do bronce. Semella producirse unha cesura no proceso conducente á conformación dunha sociedade dividida; o modo de adquisición e ostentación do poder entra en crise neste período, cunha preponderancia da comunidade sobre os xefes (Parcero 2002a: 231-2; Carballo e González 2003: 40; Parcero et al. 2007: 180-2). A monumentalización do poboado comunitario e a presenza de espazos cerimoniais colectivos (cabanas comunais) vencellados a banquetes rituais (Armada Pita en prensa) poden servir de referente para interpreta-la estrutura documentada por nós no Castro Pequeno de Neixón.

O Castro Grande de Neixón no contexto da 2ª Idade do Ferro galaica

O recinto superior do Castro Grande foi erguido *ex novo* cara aos séculos V-IV a. C. seguindo un programa arquitectónico perfectamente definido. Este espazo monumental, multifuncional, posuía un sentido específico, relacionado co patrón de racionalidade dos habitantes do Castro Grande de Neixón (Ayán et al. 2007). O acceso ao recinto abriuse no SE, realizándose unha entrada de carácter monumental, cinguida por dous tramos de foxo de sección en V e uns 3 m de profundidade. Estes foxos foron colmatados rapidamente polo que a finais do século II a. C. probablemente se atoparían selados. Este proceso de recheo intencional poñémolo en relación co peche de toda a punta de Neixón ao longo da 2ª Idade do Ferro, cando se constrúen dous parapetos a xeito de apéndice dende ámbalas dúas liñas de costa, uníndose ao monumental parapeto septentrional. Atopariámonos polo tanto cunha serie de depósitos adscribíbles á Fase II do mundo castrexo (séculos IV-II a. C.), perfectamente selados, o que explica que se teñan conservado os materiais e mailo contexto de deposición, sen sufrí-las posteriores alteracións que afectaron ao resto do recinto con sucesivas remodelacións.

Tanto o depósito cerámico coma o concheiro localizados no interior do tramo de foxo 1 foron o resultado dunha acción intencional levada a cabo a pé de foxo, dende fóra do recinto superior. Este indicio supón unha evidencia máis para plantexa-la utilización da terraza ubicada entre castros coma verdadeiro espazo habitacional durante a 2ª Idade do Ferro. Por outra banda, a orientación da porta correspóndese, en liña recta, coa zona de fondeadeiro tradicional até época recente na Punta de Neixón.

O contexto estratigráfico dos materiais, o seu estado de conservación e a súa propia calidade son indicios, á súa vez, de deposicións intencionais. Exemplos paradigmáticos deste uso son a rasqueta de ferro e maila botella cerámica aparecidas no recheo do tramo de foxo 2 (Ayán et al. 2008). Ámbolos dous utensilios apareceron aillados, sen ningún material asociado na unidade estratigráfica en que se recolleron. A isto cómpre vencella-la cantidade e calidade de materiais de importación púnicos: imitación dunha botella púnica, tres *askós* ebusitanos, óla e urna íbero-púnica, fragmentos de tres ánforas *Mañá A4*, anacos dun *kálathos*, fragmentos de *pithoi*... todos eles localizados no concheiro, no depósito cerámico e no interior do foxo 02, amosan a incidencia deste tráfico comercial e a súa presenza cotiá neste enclave, cunha posición estratéxica no comercio a longa distancia, actuando como referente na paisaxe púnica recreado nas Rías Baixas na Fase II da *cultura castrexa* (González Ruibal 2004: 296-99; 2006).

Á súa vez, o recheo do foxo 1 (en parte xa publicado, *vid.* Ayán et al. 2005: 188-92) deparou a localización do citado depósito cerámico conformado na súa meirande parte por xerras tipo Toralla, destinadas ao servizo e consumo de bebidas alcohólicas, así como pezas vencelladas á actividade metalúrxica do

bronce (fíbula, crisois de fundición, escouras) e restos dun esqueleto de cánido, resultado dun claro depósito intencional.

A conxunción de todas estas evidencias lévanos a plantexa-la utilización desta entrada e, por extensión, de todo o recinto superior do Castro Grande, coma un espazo social de carácter ritual. De todos é coñecido o carácter simbólico dos accesos aos poboados e mailas cidades na Protohistoria europea e a época clásica (Parker Pearson 1999). Estes espazos de carácter liminal (orientados ao nacemento do sol, auténtica metáfora da reprodución da vida e do corpo social) eran sancionados simbolicamente coa erección de elementos de carácter apotropaico, como as coñecidas estatuas de guerreiro galaicos, algúns deles localizados *in situ* ou *in loco*, vencellados ás portas dalgúns castros (Bettencourt 2003). Nesta liña, un mínimo percorrido polo panorama da prehistoria Recente e maila Protohistoria europea apórtanos numerosos paralelos sobre a utilización destes tramos de foxo relacionados co acceso a recintos monumentais (Hingley 1990, Hill 1996). Así pois, por exemplo, no Neolítico e a Idade do Bronce estes recintos foron empregados de maneira recorrente en actos sociais de carácter ritual nos que se levaban a cabo deposicións de carácter votivo de materiais vencellados ao mundo doméstico, á vida cotiá desas comunidades (Owok 2005; McFadyen 2006). A este respecto, a cultura material preséntase coma unha ferramenta máis para a construción da realidade social, como se ten constatado no mundo atlántico e centroeuropeo, mediante a utilización polas elites guerreiras de cultura material alóctona (cerámica grega, fenicia e cartaxinesa) coma elementos de prestixio, vencellada a rituais e banquetes nos que se consumían bebidas alcohólicas (Arnold 1999).

A localización de todos estes materiais púnicos na entrada SE, así coma o posible enterramento dun can e dun leitón e maila deposición votiva de elementos de cultura material de carácter excepcional (enmangue de hasta de cérvido, rasqueta de ferro, ampolla cerámica, fíbula de bronce) remítenos a un uso ritual desta arquitectura que delimita o recinto superior do Castro Grande.

Pola súa vez, cómpre remarcar que a croa do Castro Grande obedece a unha programación arquitectónica perfectamente preestablecida. Así pois, o levantamento planimétrico amosa claramente como os constructores castrexos tomaron coma eixo vertebrador de todo ese espazo un conxunto de afloramentos de pegmatita ubicados no centro N do recinto (Costa 2008). Estes rochedos foron complementados cunha serie de grandes bloques do mesmo material, ubicados alí intencionadamente (algúns presentan incluso pequenos calzos na base) definindo un espazo arquitecturizado de forma circular.

A escavación de 2006 completa a nosa visión sobre este recinto superior no período que devala entre os séculos IV-II a. C. (Ayán et al. 2008). Deste xeito contamos cunha coherencia absoluta entre a cronoloxía relativa fornecida polos depósitos de recheo dos foxos, a cronoloxía absoluta do C-14 (Parcerro e Ayán 2008) e os materiais exhumados no nivel de ocupación antigo rexistrado no sector 02, dentro do recinto. Chegados a este punto: que defendía ese foxo mentres

estivo en activo como elemento defensivo? Un espazo habitacional ou outro tipo de espazo?

O conxunto de foxas escavadas no xabre documentadas no interior do recinto, vencelladas á entrada SE, preséntase coma unha proba contundente da súa utilización, ou alomenos da utilización desa zona en concreto, como área colectiva de almacenamento de produtos excedentarios. A súa morfoloxía, así como a localización no seu interior de restos de revestimento de arxila nalgunhas delas deixa bastante clara a súa funcionalidade primaria como silos ou dispositivos de almacenaxe. Doutra banda, trátase de contextos pechados nos que tamén puidemos documentar anacos de muíños de granito naviformes amortizados, cerámica castrexa con restos de fulixe, un pequeno botado de conchas e significativos anacos de cerámica doméstica púnica, con paralelos en Cerdeña, Ibiza, a costa sur peninsular e no xacemento de A Lanzada.

Este complexo de almacenaxe semella obedecer a unha tradición construtiva que probablemente se remonte aos silos característicos das aldeas abertas do Bronce Final no S de Galicia (Lima e Prieto 2002) e no Norde de Portugal (Jorge 1988, Bettencourt 2000). Este desenvolvemento da agricultura ao longo dese período favoreceu o proceso e sedentarización das comunidades no Ferro I e xerou unha tendencia crecente ao acumulación de excedente, culminada na 2ª Idade do Ferro.

A complexidade social e económica da Idade do Ferro no contexto peninsular e atlántico ten o seu reflexo nas prácticas agrícolas e nos dispositivos de almacenamento que aparecen agora en áreas especializadas que deben ter como finalidade protexer e asegura-los produtos excedentarios. Estas *storage pits* inzan os poboados fortificados británicos e irlandeses, polo que contamos con numerosos exemplos, entre os que destaca o xacemento de *Danebury*, cunha zona central con foxas e silos dunha grande capacidade de almacenaxe (Cunliffe 2004: 45, fig. 43). Outro exemplo é o conxunto de foxas de almacenaxe documentado en *Conderton Camp* vencelladas espacialmente ao parapeto e mailo acceso ao interior do recinto (Dyer 2003: 58-9, figs. 37-38). Noutros casos aparece dentro do recinto fortificado un amplo conxunto de graneiros entre a casas e o sistema defensivo, como no coñecido caso galés de *Moel and Gaer* (Dyer 2003: 34, fig. 22; Champion et al. 1991: 369, fig. 9.11) que levou a un sector da investigación a suxerir que unha das principais funcións deste tipo de asentamentos fortificados puido ter sido o almacenamento de gran (Cunliffe 1978: 268).

Igualmente, os silos forman parte, ao igual que as casas-almacéns e os celeiros, dos sistemas comunitarios de almacenamento que se estenden durante a primeira Idade do Ferro en zonas mediterráneas da Península Ibérica (Buxó 1997: 253). Se ben estes campos de silos se atopan fóra dos poboados, perto dos campos de cultivo e dos cursos fluviais, no NW peninsular, pola contra, as estruturas de almacenamento de carácter colectivo rexistradas deica o momento ubícanse dentro do espazo fortificado. A este respecto, exemplos (coetáneos do recinto superior do Castro Grande) da presenza de dispositivos para o

almacenamento de cereal son as evidencias exhumadas en Castrovite cunha terraza específica con estruturas de amacenaxe e procesado, numerosos muíños e cereal carbonizado (González Ruibal e Carballo Arceo 2001) e no castro das Laias (López e Alvarez 2000). Neste último xacemento, no recinto superior, apareceron silos formados por entramados vexetais revestidos de arxila, así como outros contedores aillados por pavimentos de arxila, táboas e corcho.

Nun momento de expansión económica como foron os séculos V e IV a. C., o incremento do excedentes orixinou a necesidade de crear instalacións específicas para o intercambio e mailo comercio en determinados xacementos que actuarían como verdadeiros lugares centrais de agregación; na opinión de A. González Ruibal, sitios como Castrovite ou Laias cumprirían esta función de amacenaxe e redistribución para un determinado territorio político (González Ruibal 2006-7: 317-20). Como no caso de *Danebury*, habería que maxinar estes sitios como lugares centrais nos que se levarían a cabo decote actividades fundamentais para a reprodución social e biolóxica dunha comunidade dispersa no territorio. Asemade, no caso de Castrovite esta faceta se incrementaría polo seu posible papel como redistribuidor de materiais alóctonos de importación procedentes do comercio púnico dende a costa.

Partindo do rexistro exhumado nestas últimas campañas, e tendo en conta os precedentes citados así como o contexto xeral da Idade do Ferro atlántica e peninsular, cremos que o recinto superior de O Castro Grande, alomenos na súa primeira e máis antiga fase de ocupación, non serviu de marco para actividades domésticas, senón coma un espazo de agregación social sancionado simbolicamente mediante depósitos votivos e rituais vencellados co acceso SE. Fundamentan esta hipótese, ademais, os seguintes feitos contatados arqueoloxicamente:

- No interior da croa apenas existe potencia estratigráfica, e os restos de arquitectura doméstica son adscribibles á época altoimperial romana, asentando sobre un nivel fundacional prerromano apenas conservado. Contando coa grande cantidade de sondaxes precedentes e coa ampla superficie escavada dende 2003 en tres áreas diferentes do interior deste recinto, podemos afirmar que non existen evidencias sobre un uso habitacional deste espazo en época prerromana.
- Por outra banda, destaca a presenza de abundantes mans de moer e muíños naviformes nas áreas intervidas, sobre todo nos sectores 01 e 04, onde aparecen misturados cos materiais asociados ao nivel de uso de época romana. Así por exemplo, na campaña de 2006 recolléronse entre os sectores 01, 02 e 03 un total de 18 muíños naviformes que nos remiten ao desenvolvemento de actividades de procesado de cereal, pero non asociadas a estruturas domésticas.
- A circunstancia de non ter atopado un espazo doméstico arquitecturizado en pedra no interior da croa, adscribible á Fase II da cultura castrexa, é algo totalmente excepcional nun castro deste porte no marco das Rías Baixas. Así pois, o veciño castro de O Achadizo (Cabo de Cruz) forneceu unha

secuencia ocupacional ampla cunha arquitectura doméstica en pedra de carácter monumental (Concheiro 2008), como así acontece tamén no castro de Baroña (Porto do Son). A construción dámbolosdous poboados fortificados foi coetánea ao erguemento do recinto superior do Castro Grande.

A este respecto, cabe plantexa-la posibilidade de que existise unha compartimentación da Punta de Neixón na 2ª Idade do Ferro artellada en diferentes áreas funcionais; deste xeito, o primixenio recinto non serviu de marco para actividades non estrictamente domésticas, estendéndose o caserío pola terraza existente entre o Castro Grande e o Castro Pequeno.

Asemade, resulta suxerente ver neste recinto monumental da croa un exemplo máis dos escenarios arquitectónicos que se foron xenerando no seo das comunidades castrexas do NW dende a 1ª Idade do Ferro. Así pois, por exemplo, o recinto superior da acrópole do castro asturiano de Chao Sanmartín deparou un espazo de carácter cultural, arquitecturizado e cuxa entrada foi sancionada simbolicamente co depósito votivo dun cráneo humano (probablemente de muller) (Villa e Cabo 2003). Outro exemplo constitúeo o xa citado recinto superior do castro de As Lias (Ourense), no que se documentou un monumental conxunto de silos e estruturas de almacenamento de cereal de carácter comunal (López e Alvarez 2000). Nestes exemplos podemos ve-lo antecedente probable deses recintos ubicados no alto dos grandes castros da Fase III como Monte Mozinho, San Cibrán de Lás ou Coaña, os cales non foron utilizados como espazo habitacional, senón como espazo de carácter social, relixioso e comunitario.

Visto o panorama, cabería preguntarse: a que se debe a importancia e complexización acadada por este espazo da Punta de Neixón entre os séculos IV-II a. C.? Grazas ás campañas de 2005 e 2006 sabemos que probablemente o estaño e o comercio púnico teñan bastante que ver con este fenómeno.

De feito, este proceso de acondicionamento de toda a Punta de Neixón coincide cronoloxicamente cunha dinámica histórica da que comezamos a ter notables evidencias no Castro Grande: o impacto do comercio púnico nesta zona da costa galega, entre os séculos IV e II a. C. Así pois, a calidade e variedade dos produtos de importación púnicos (imitacións indíxenas de ungüentarios, varios *askós* ebusitano, óla e urna íbero-púnica, fragmentos de tres ánforas Mañá A4 e dun *kálathos*) localizados no cuncheiro, no depósito cerámico e no interior do foxo 02, amosan a incidencia deste tráfico comercial e a súa presenza cotiá neste enclave. Confírmase así a tendencia testemuñada nas campañas de 2004 e 2005, polo cal semella que o Castro Grande de Neixón se presenta coma un enclave comercial importante na longa duración, cunha semellanza máis que notoria co xacemento paradigmático de A Lanzada. Este xacemento, asentado nun emprazamento semellante ao Neixón, presenta unha cantidade importante de importacións mediterráneas dende o s. V a. C., especialmente ánfora *Mañá-Pascual A4* procedente da área gaditana, o que salienta a súa posición estratéxica no comercio a longa distancia e o seu papel como referente na *paisaxe púnica*

recreada nas Rías Baixas na Fase II da *cultura castrexa* (González Ruibal 2004: 296-99).

A este respecto, o achádego do *aryballos* fenicio no Castro Pequeno nas escavacións da década de 1970, non resulta nada anecdótico nin excepcional se o contextualizamos co panorama que agora presenta *O Castro Grande*, erguido probablemente no século V a. C. e cunha cantidade realmente senlleira de materiais púnicos que chegan até época serodia (borde de Mañá C2a). A importancia deste enclave comercial, cos seus fondeadeiros e capacidade portuaria, pode explica-la monumentalidade que progresivamente acada o poboado ao longo da Fase II. Os novos datos parecen dar á volta a hipótese que plantexaba fundamentalmente J. Naveiro, quen consideraba que Neixón ou Baroña, antes do cambio de era, probablemente tivesen unha participación máis pasiva no tráfico (Naveiro 1991: 151).

Vindeiras campañas permitirán saber se na terraza entre o Castro Grande e o Castro Pequeno se atopa un recinto habitacional ao xeito do sector exterior de A Lanzada (González Ruibal 2004: 39-42), verdadeiro lugar de intercambio, auténtica comunidade de paso, posible *emporía* onde interactuaron as comunidades indíxenas e os comerciantes mediterráneos. As comunidades castrexas da costa incorporarían paseniñamente a cultura material alóctona ás prácticas sociais cotiás. E, neste senso, as imitacións *indíxenas* de ungüentarios púnicos documentadas no foxo e nunha foxa de almacenaxe do recinto superior, ou a calidade técnica da metalurxia do ferro (*vid.* capítulo 9 e capítulo 10) son boa proba deste proceso.

Reflexións sobre os castros de Neixón e o comercio púnico

O século V a.C. é un período de tremenda transformación no NW da Península Ibérica, a rea chamada Callaecia polos romanos. Case todo troca neste século, dende os artefactos máis pequenos até a paisaxe na súa totalidade. Os castros dos montes son abandonados e fúndanse novos asentamentos nos vales, aparecen novos tipos de fíbulas, a cerámica transfórmase, especialmente a gramática decorativa. Entre estes trocos, cómpre subliñar un polas súas duradeiras repercusións: a chegada dos mariñeiros mediterráneos (González Ruibal 2006). A presenza de xentes do sur non era algo alleo a este extremo do mundo atlántico. Hai probas arqueolóxicas da presenza fenicia e incluso micénica no sur de Galicia e o norte de Portugal. Téñense descuberto algunhas contas de pasta vítrea, arte rupestre con representación de barcos, e obxectos de ferro, que se poden datar nas fins do segundo milenio ou a inicios do primeiro milenio a.C. (González-Ruibal 2004: 289-290).

Pero nada é comparable ao que pasará a partirmos do século V a.C. en adiante. Non serán xa exploradores ousados, mariñeiros perdidos ou mercaderes curiosos os que vagarán polas costas do noroeste de Iberia, senón ben organizadas expedicións comerciais, cuxo obxectivo era explora-las riquezas mineiras da rexión. Algúns dos mercaderes probablemente pasaban parte do ano

vivendo coas poboacións locais dentro dos castros indíxenas ou xunto a éstos. Máis de 50 castros de Callaecia teñen proporcionado materiais púnicos, gregos ou ibéricos (cerámica, contas de pasta vítrea, moedas) para o período comprendido entre o século V e mailo II a.C e os achados mediterráneos cóntanse por centos. De feito, algúns castros costeiros convertéronse en importantes emporios, nos cais se artellou o comercio entre foráneos e locais.

A apertura do noroeste de Iberia ás economías mediterráneas foi posible grazas ás viaxes realizadas dende a Idade do Bronce, que suministraron importantes coñecementos sobre esta zona remota. Sen embargo, o punto de inflexión nas relacións Atlántico-Mediterráneas non pode explicarse sen as exploracións levadas a cabo polos cartaxineses durante a segunda metade do século V a.C. Alomenos dúas expedicións deixaron Cartago nese intre (Cunliffe 2001: 89-90): unha estaba comandada por Himilcón e dirixiuse ao Atlántico norte, a outra, con Hannón como comandante, emprendeu rumbo cara ao sur, pola costa occidental de África. Himilcón puido ter chegado até as Illas Británicas, se ben os dados sobre a súa viaxe son escasos e oscuros. En calquer caso, se chegou a Britania non tivo repercusións inmediatas de ningún tipo. Non pasou o mesmo con Callaecia, posto que a partirmos das exploracións de Himilcón, a área incorporárase de cheo ás redes de intercambio do Mediterráneo. Himilcón e probablemente outros exploradores cuxos nomes e fazañas non teñen sido preservados para a posteridade, moi probablemente obtiveron información estratéxica sobre portos, asentamentos, recursos minerais e o carácter das xentes nativas, que permitiron as subseguintes operacións comerciais na rexión.

O Castro Pequeno de Neixón posúe algunhas das máis antigas probas do comercio púnico con Callaecia: nas escavacións dos anos 70 atopouse un aryballos de vidro polícromo, datado no século VI ou V a.C. e outro fragmento do mesmo tipo de contedor foi documentado na campaña de 2007, esta vez no Castro Grande (Ayán et al. en prensa). Ademáis, durante as últimas escavacións no Castro Pequeno apareceron dous fragmentos de cerámica púnica que se poden datar estratigraficamente no século V a.C. Non é por casualidade que os púnicos acabaron en Neixón. Aparte da mencionada situación estratéxica do castro, existen pisadas importantes de traballo metalúrxico no xacemento da Primeira Idade do Ferro, que xa foron sinaladas en escavacións anteriores, nos anos 20 e 70 do pasado século. Restos de fundición e procesado de bronce aparecen practicamente en todos lados e en cantidades relativamente abundantes. Como puidemos comprobar, só durante a presente campaña de escavacións se recuperaron 26 fragmentos de crisol e seis moldes, además de numerosos artefactos elaborados (fíbulas, pezas de caldeiro, varillas, un coitelo ou navalla, etc.). Despois do abandono do Castro Pequeno de Neixón durante o século V a.C., as actividades metalúrxicas continuaron desempeñando un importante papel no veciño Castro Grande, dende o século IV a.C. en adiante (Gómez Filgueiras 2008). O estaño obtíñase no propio cabo: trazas de minería antiga téñense documentado en distintos puntos arredor do castro. Se os púnicos procuraban metal, Neixón era o lugar perfecto para comezaren unha relación de comercio.

O castro Pequeno de Neixón abandonouse pouco despois da chegada dos primeiros mercaderes púnicos, pero se construiu un novorecinto, máis grande, un cento de metros máis cara ao interior. Resulta tentador ver neste troco a influencia da presenza fenicia. O diminuto Castro Pequeno de Neixón non era realmente axeitado para levar a cabo intercambios frecuentes e a grande escala. Non acontecía o mesmo co Castro Grande de Neixón. O castro ocupa unha superficie maior e existe unha ampla plataforma arredor do sitio que facilita a circulación de xente e mercadorías.

O Castro Grande ten a aparencia externa dun típico castro atlántico: ten arredor dunha hectárea, forma circular, e atópase rodeado por un foxo e un parapeto de terra. As semellanzas co castro medio da Idade do Ferro rematan aí, non obstante. Mentres que a meirande parte dos poboados están cheos de casas de pedra circulares, como corresponde a unha aldea, en Neixón só hai foxas, alomenos até o século I a.C. Temos só uns poucos paralelos para isto no noroeste de Iberia (e.g. Martins 1988), pero existen bos exemplos no sur de Britania, como veremos. Durante alomenos catro séculos, non semella que o Castro Grande fose un asentamento convencional, senón un lugar especial, unha área de almacenamento colectivo na cal se levaron a cabo intercambios e rituais entre diferentes comunidades (Ayán Vila 2008: 415-418). Sabemos de sitios que desempeñaron un papel central no intercambio entre grupos na Callaecia da Idade do Ferro, pero non hai moitos nos que tales contactos involucrasen a indíxenas e estranxeiros (González-Ruibal 2006-2007: 317-320). Este elemento foráneo fai de Neixón un lugar especialmente interesante: dende un punto de vista cultural, as actividades que se levaron a cabo no castro foron esencialmente híbridas por natureza. Observemos con máis repouso os datos.

Como sinalamos, o castro estaba rodeado por un foxo. Orixinariamente, o sitio se atopaba cercado só polo foxo: non había muralla ou parapeto ningún. A función debía de ser máis simbólica ca práctica neste momento—é dicir, para marcar unha área específica. As nosas escavacións no foxo deron á luz unha entrada ao castro, orientada ao este, e varios materiais interesantes asociados. A orientación ao este é significativa, posto que se atopa en numerosos castros da Idade do Ferro na Europa Atlántica, e pode estar relacionada con nocións de reprodución da vida e da fertilidade (Parker Pearson 1999). O carácter dos achados reforza a idea de que este non era un foxo vulgar. Foi recheado con cerámica local e púnica, uns cantos obxectos senlleiros (como fíbulas, un machado, ungüentarios e unha hasta de cervo decorada), así como restos de comida, incluídos unha grande cantidade de conchas (mexillóns, ostras, etc.) e ósos de animais.

A meirande parte dos recipientes locais foron guindados sen escachar ao foxo, un feito moi raro en Callaecia, onde la cerámica aparece sempre esnaquizada e moi erosionada. Ademais, a vasilla para beber indíxena característica (a xerra Toralla) aparece sobrerrepresentada (17% do conxunto na principal capa de deposición) (González-Ruibal 2005: 209). A análise da cerámica local indica que se estaban guindando ao foxo conxuntos completos de banquete, que incluían cerámicas de cociña, vasillas grandes para servir comida e equipo de bebida.

Dentro da vaixela indíxena chaman a atención dous unguentarios completos. Son pezas extraordinariamente raras en Callaecia, que foron imitadas de tipos púnicos. A cerámica púnica atópase moito máis fragmentada e está composta por *askoi*, *kalathoi*, xerras, cuncos, pratos e ánforas. A cerámica mediterránea importada constitúe unha porcentaxe destacable dos materiais depositados (até o 80% de tódolos fragmentos no lado norte da entrada).

Os restos de fauna son tamén moi interesantes: ademáis da representación habitual de bóvidos, ovicápridos, porcino e cérvidos, temos descuberto restos de can, leitón e paxaros, todos eles moi raros en Callaecia (Fernández Rodríguez 2008). Semella que tanto os obxectos coma o refugallo de comida se guindaban dende o acceso ao castro, posto que aparece concentrado a ámbolosdous lados do corredor de entrada (Ayán Vila et al. 2007).

Segundo se ían depositando capas de cerámica, conchas e ósos, a xente ía escavando foxas no interior do castro e enchéndooas cunha variedade de obxectos, entre os que se conta cerámica local e púnica, cunchas, ósos de animais, carbón e obxectos metálicos. Seguramente, as fosas eran silos de cereal orixinariamente, alomenos algunhas delas, antes de seren reutilizadas como depósitos rituais (Ayán Vila 2008: 416-417). A conservación de foxas é peor ca no foxo e os materiais orgánicos máis escasos e en peor estado de conservación. Se se depositaron ósos humanos, cousa posible por comparación con contextos semellantes, non se teñen preservado. A escavación das foxas probablemente seguiu un certo ritmo e pode ter coincidido con celebracións locais, como se ten suxerido para Britania, e quizais con rituais nos que participaron indíxenas e mercaderes foráneos.

O que temos aquí é claramente un caso de depósitos estruturados, coma os que se teñen atopado noutros lugares da orla atlántica. Teñen sido ben estudados no sur de Inglaterra, onde hai numerosos exemplos de foxos e silos con ofrendas rituais (Hill 1995). Hai incluso algúns paralelos para Neixón: Danebury hillfort, por exemplo, ten moitas foxas, que se escavaron e encheron seguindo un particular calendario ritual. No recheo aparecen xuntos restos humanos e animais (Cunliffe 1992, 1993). Na Franza e as Illas Británicas en xeral, se teñen descuberto moitos recintos que desempeñaron funcións rituais, en cuxos foxos se realizaban ofrendas relixiosas. As actividades rituais e políticas levadas a cabo nestes sitios son especialmente ben coñecidas, grazas á información das sagas primitivas (Raftery 1994: 65-83). Os materiais depositados noutros xacementos atlánticos e no noso caso de estudo son con frecuencia semellantes: os cans, por exemplo, están presentes nas ofrendas de Danebury e no santuario de Gournay. Neste último lugar sacrificáronse e comeron leitóns (Meniel 1992: 47-63). Mentres que en Danebury os restos de animais foron soterrados en foxas, en Gournay fixérono no foxo que arrodea o santuario.

Sen embargo, Neixón é máis ca un exemplo dun recinto ritual atlántico. En realidade, é difícil dicir onde remata o atlántico e comeza o mediterráneo. Isto é en parte debido a que moitas prácticas rituais eran iguais ou semellantes ao longo de toda Europa e o Mediterráneo durante o primeiro milenio a.C. Os cans, por exemplo, son unha ofrenda ritual característica dos púnicos na Península Ibérica e

algunhas veces eran comidos en banquetes fúnebres e relixiosos (Niveau de Villedary e Ferrer Albelda 2003). O mesmo acontece cos leitóns (Cardoso e Gomes 1997). O uso de leitóns con fins relixiosas está documentado entre os púnicos (Niveau de Villedary 2003), especialmente no sur da Iberia (Niveau de Villedary 2006). E o mesmo acontece cos banquetes, que tiñan un significado ritual e social sumamente relevante tanto entre as comunidades atlánticas coma entre as mediterráneas. Banquetes e foxas, atópanse, de feito, fortemente vencellados en ámbalasdúas sociedades. Estas prácticas compartidas, expresadas a través de actos rituais, fixeron necesariamente máis doados os intercambios entre foráneos e nativos. Por outra banda, a dificultade de distinguirmos entre mediterráneo e atlántico ten que ver co carácter híbrido dos rituais que tiveron lugar en Neixón. Non eran puramente mediterráneos nin estrictamente atlánticos. Os banquetes, por exemplo, probablemente incluíron bebidas locais e viño mediterráneo, xa que se teñen recuperado tanto contedores de bebidas alcoólicas locais como estranxeiras. O que vemos, pois, é un terceiro espazo aberto polo contacto entre comerciantes e indíxenas. En calquer caso, podemos identificar elementos mediterráneos claros, descoñecidos previamente en Callaecia, como unguentarios (ípero feitos localmente!), *askoi*, *kalathoi*, e viño, que era transportado en ánforas iberopúnicas. O *askós* é especialmente relevante, porque tende a aparecer en contextos rituais no mundo púnico, como tumbas, santuarios e pozos votivos. Até o de agora, os *askoi* teñen aparecido só en castros costeiros de Callaecia, onde os encontros entre foráneos e indíxenas tiñan lugar.

Naturalmente, o foxo non se recheou dun só golpe e as foxas non se escavaron todas ao mesmo tempo. Houbo diferentes episodios de deposición e escavación de buratos, pero nos dous casos, estas actividades chegan á súa fin cara a finais do século II a.C. O foxo quedou completamente colmatado e se construiu un parapeto arredor do castro. Pouco despois, cesou a escavación e recheo de foxas e comenzaron a construírse cabanas de pedra dentro do recinto. Neixón continuou sendo un enclave comercial de primeira orde até o final do período romano. As importacións do sur e o este do Mediterráneo aparecen até o século V ou VI d.C. O que se perdeu no tránsito entre o século II e I a.C. é o carácter ritual dos intercambios. Os dous depósitos estruturados e as ofrendas desaparecen, xunto coa evidencia de banquetes, malia la continua chegada de mercadorías mediterráneas ao castro. O que causou esta transformación foi probablemente un troco nos actores implicados no comercio. En torno a inicios do século I a.C. os romanos, que conquistaran o sur da Península Ibérica un século antes, finalmente acadaron facerse coas rotas comerciais ao NW, despois de varias tentativas fallidas. Xurdiu así unha nova situación, que será cada vez menos unha relación negociada e entre iguais e cada vez máis unha empresa colonial e capitalista. A conquista de Callaecia polos romanos no século I a.C. puxo fin definitivamente ao antigo sistema de comercio, onde a ritualidade tería limitado, por longo tempo, o uso do poder e maila violencia.

PROPOSTA DE ACTUACIÓN

A intervención arqueolóxica desenvolta nos castros de Neixón en 2008 clarifica notablemente o noso coñecemento sobre a morfoloxía e evolución arquitectónica desta área arqueolóxica. Deste xeito, puidemos comprobar aínda a potencialidade arqueolóxica da metade S do interior do Castro Pequeno de Neixón, non intervindo con anterioridade, acadándose uns resultados altamente salientables que van permitir recuperar este xacemento para o coñecemento científico da primeira Idade do Ferro galaica. Asemade, a ampliación das escavacións no Castro Grande cremos que valida a hipótese plantexada sobre a orixe e uso inicial dese recinto monumental na 2ª Idade do Ferro.

Á marxe destas consideracións de carácter científico, pero tamén vencellada á valoración arqueolóxica consecuencia daquelas, fornecemos unha proposta de actuación a curto prazo artellada nestes cinco puntos:

- Tapado provisional do sector de escavación aberto no Castro Pequeno de Neixón así como das novas cuadrículas abertas no Castro Grande.
- Continuación das escavacións no ano 2009 para contextualizar ben as estruturas exhumadas no Castro Pequeno de cara á súa correcta posta en valor, xa que é previsible a aparición de novas construcións en pedra que permitan completa-la imaxe que fornece na actualidade o Castro Pequeno ao visitante.
- Esixencia dun mantemento regular da área arqueolóxica de Neixón que acabe co seu estado de deixadez e abandono permanente ao longo o ano, responsabilidade que debe asumi-lo Concello de Boiro.
- Necesidade da renovación da sinalética (destruída por actos vandálicos e por falta de mantemento), actualización dos seus contidos (que se fagan eco dos novos datos aportados polas escavacións desenvoltas dende 2003) e implicación real do Centro Arqueolóxico de Barbanza na correcta divulgación e difusión dese coñecemento, tarefa incumplida nos últimos anos.

BIBLIOGRAFÍA

- Acuña Castroviejo, F. 1976. Excavaciones en el castro de 'O Neixón'. *Noticiario Arqueológico Hispánico. Prehistoria* 5: 327-330. Madrid.
- Acuña Castroviejo, F. 1977. Panorama de la Cultura Castrexa en el NO de la Península Ibérica. *Bracara Augusta*, XXXI: 235-53. Braga.
- Acuña Castroviejo, F. 2008. As escavacións arqueolóxicas nos castros de Neixón durante o século XX. En *I Encontro Arqueolóxico de Barbanza (24-25 de febreiro de 2007)*. Boiro: Concello de Boiro, Xunta de Galicia. Edición en DVD.
- Alarcão, J. 1992. A evolução da cultura castreja. *Conimbriga*, 32: 39-71. Coimbra.
- Álvarez González, Y.; López González, F. e López Marcos, M. 2005. Recuperación e posta en valor do conxunto arqueolóxico dos Castros de Neixón. En Ayán Vila, X. M. (Coord.): *Os Castros de Neixón (Boiro, A Coruña). A recuperación dende a Arqueoloxía dun espazo social e patrimonial*: 93-123. Serie Keltia, 30. Noia: Toxosoutos.
- Álvarez Núñez, A. 1986. *Castro de Penalba. Campaña 1983. Arqueoloxía/Memorias*, 4. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Álvarez Núñez, A. 1989. Castro de Penalba e prospección no castro dos Mouros (Campo Lameiro, Pontevedra). *Arqueoloxía Informes 1. Campaña 1987*: 36-40. Xunta de Galicia.
- Ayán Vila, X.M. 2005 (ed.). *Os Castros de Neixón (Boiro, A Coruña). A recuperación dende a arqueoloxía dun espazo social e patrimonial*. Noia: Toxosoutos.
- Ayán Vila, X.M. (ed.) 2008. *Os Castros de Neixón II. De espazo natural a paisaxe cultural*. Noia: Toxosoutos.
- Ayán Vila, X.M. 2008. Os Castros de Neixón: de espazo natural a paisaxe cultural. In X.M. Ayán Vila (ed.): 403-425.
- Ayán Vila, X., Rodríguez Martínez, X., González Ruibal, A., González Pérez, L., M. Franco Rodríguez. 2007. Un espacio monumental de la segunda edad del hierro: el acceso se al recinto superior de O Castro Grande de Neixón (Boiro, A Coruña). In A. Fanjul Peraza (ed.): *Estudios varios de arqueología castreña. A propósito de las excavaciones en los castros de Teverga (Asturias)*. Teverga: Ayuntamiento de Teverga, Instituto de Estudios Prerromanos y de la Antigüedad, 189-209.
- Ayán Vila, X.M., Moledo Santiago, X., González Pérez, L. and González Gómez de Agüero, G. 2008. Etnoarqueoloxía e paleometalurxia dos castros de Neixón (Boiro, A Coruña). *Actas das I Xornadas de Minería do Barbanza*: 83-120. Santiago de Compostela: Cámara Mineira de Galicia.

- Ayán Vila, X.M, Rodríguez Martínez, R., González Pérez, L. and González-Ruibal, A. 2008. Arrecendos púnicos: un novo anaco de aríbalos no Castro Grande de Neixón (Boiro, A Coruña). *Cuadernos de Estudios Gallegos* 121, forthcoming.
- Ayán Vila, X. M.; González Pérez, I.; Franco Fernández, M. A.; Laíño Piñeiro, A.; Bejega García, V.; González Gómez de Agüero, E.; Moledo Santiago, X. e Arizaga Castro. 2008. Escavación arqueolóxica no Castro Grande de Neixón. Campaña 2005. Síntese de resultados. En X. Ayán (coord.): 96-139.
- Ayán Vila, X. M.; González Pérez, I.; ; Laíño Piñeiro, A.; Bejega García, V.; González Gómez de Agüero, E.; Moledo Santiago, X. e Arizaga Castro. 2008. Escavación arqueolóxica no Castro Grande de Neixón. Campaña 2006. Síntese de resultados. En X. Ayán (coord.): 141-91.
- Barbeito Pose, V. 2006. Nuevo Proyecto de Musealización: Centro Arqueológico del Barbanza. *Revista de Arqueología*, 302: 56-63.
- Bettencourt, A.M.S. 2000. O vale do Cávado (Norte de Portugal) dos finais do III Milenio aos meados do I Milenio AC: Sequências cronológico-culturais. En *Pré-História Recente da Península Ibérica. Actas CAP 99. Volume 4*: 79-93. Porto: ADECAP.
- Bettencourt, A.M.S. 2000a. Estações da Idade do Bronze e inicios da Idade do Ferro da Bacia do Cávado (Norte de Portugal). Braga: Universidade do Minho. Instituto de Ciencias Sociais.
- Blanco Freijeiro, A. 1957-1958. Origen y relaciones de la orfebrería castreña. *Cuadernos de Estudios Gallegos* 36: 5-28; 37: 267-301. Santiago: IEGPS.
- Bouza Brey, F. e López Cuevillas, F. 1926. Prehistoria galega: O Neixón. *Boletín de la Real Academia Gallega*, 181: 1-11; 182: 32-8; 183: 56-61; 184: 76-83; 185: 103-108.
- Bóveda López, M^a. M. 2005. Arqueoloxía e Xuventude. A experiencia do campo de traballo do Castro Grande de Neixón. En Ayán Vila, X. M. (Coord.): 331-50.
- Calo Lourido, F. 1993. *A cultura castrexa*. Vigo: A Nosa Terra.
- Calo Lourido, F. e Sierra Rodríguez, X. C. 1983. As orixenes do castrexo no Bronce Final. En Pereira Menaut, G. (ed.) 1983. *Estudos de Cultura Castrexa e de Historia Antiga de Galicia*: 19-85. Santiago: USC, IEGPS.
- Calo Lourido, F. e Soeiro, T. 1986. *Castro de Baroña. Campañas 1980/84*. Arqueoloxía/Memorias 6. Xunta de Galicia.
- Carballo Arceo, X. e González Ruibal, A. 2003. A cultura castrexa do NW da Península Ibérica en Galicia. *Boletín Auriense*, 33: 37-75. Ourense.
- Cardoso, J.L. and Gomes, M.V. 1997. O consumo de cão em contextos fenício-púnicos no território português. *Estudos Orientais* 6: 89-117.
- Clarke, D. L. 1984. *Arqueología Analítica*. Barcelona: Ediciones Bellaterra [2^a ed.]

- Cobas Fernández, I. e Prieto Martínez, M. P. 1998. Regularidades espaciales en la cultura material: la cerámica de la Edad del Bronce y la Edad del Hierro en Galicia. *Gallaecia*, 17: 151-75. Sada: Edicións do Castro.
- Cobas Fernández, I. e Prieto Martínez, M. P. 1999. Introducción a la cerámica prehistórica y protohistórica en Galicia. TAPA (Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe) 17. Santiago: LAFC.
- Cobas Fernández, I. e Parcero Oubiña, C. 2006. Alto do Castro (Cuntis, Pontevedra). Síntesis de resultados y estudio de materiales, campaña 1993. TAPA (Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio), 37. Santiago: IEGPS, CSIC-XuGa.
- Comendador Rey, B. 1998. *Los inicios de la metalurgia en el Noroeste de la Península Ibérica. Brigantium*, 11. A Coruña: Museo Arqueolóxico e Histórico de San Antón.
- Concheiro Coello, Á. 2008. O castro do Achadizo: un exemplo de poboado da Idade do Ferro no Barbanza. En *I Encontro Arqueolóxico de Barbanza (24-25 de febreiro de 2007)*. Boiro: Concello de Boiro, Xunta de Galicia. Edición en DVD.
- Concheiro Coello, Á. 2008a. As intervencións arqueolóxicas nos castros de Neixón, 1996-1998: primeiros pasos para a súa posta en valor. En Ayán Vila, X. M. (coord.): *Os Castros de Neixón, II: de espazo natural a paisaxe cultural*. Serie Keltia, 38. Noia: Toxosoutos.
- Cornide Saavedra, J. 1790. Las Cassitérides o islas del estaño restituídas a los mares de Galicia. Discusión crítica en que se procura probar que estas islas Sorlingas como pretende en su *Britania G. Cabdem*; a y así las de la costa occidental del Reyno de Galicia. Madrid.
- Costa Casais, M. 2008. Análise xeomorfolóxica da Punta de Neixón: espazo natural e espazo antropizado. En X. Ayán (coord.): 73-96.
- Cunliffe, B. 2001. *Facing the Ocean. The Atlantic and its peoples*. Oxford: Oxford University Press.
- Cunliffe, B. 1992. Pits, preconceptions and propitiation in the British Iron Age. *Oxford Journal of Archaeology* 11(1): 69-83.
- Cunliffe, B. 1993. *Danebury*. London: Batsford.
- Domergue, C. 1990. Les Mines de la Péninsule Ibérique dans l'Antiquité Romaine. Roma.
- Fanjul Peraza, A. e Marín Suárez, C. 2006. La metalurgia del hierro en la Asturias castreña: nuevos datos y estado de la cuestión. *Trabajos de Prehistoria*, 63(1): 113-31. Madrid: CSIC.
- Fariña Busto, F. 1975. Excavación de "A Lanzada" (Sanxenxo-Pontevedra). Informe preliminar de la campaña de 1974. *El Museo de Pontevedra* 29: 165-173. Pontevedra.
- Fariña Busto, F. 1979. As fíbulas de longo travessão sem espira" nos castros do N-W peninsular. *Boletín Auriense*, ano IX: 27-49. Ourense.

- Fariña Busto, F. e Arias Vilas, F. 1980. Aportazón ao estudo das fíbulas atopadas nos castros galegos. En *I Seminario de Arqueoloxía do Noroeste Peninsular*: 183-96.
- Fariña Busto, F. L. (coa colaboración de Arias Vilas, F. e Romero Masiá, A. M^a) 1983. Panorámica general sobre la cultura castrexa. En Pereira Menaut, G. (ed.) (1983): *Estudos de Cultura Castrexa e de Historia Antiga de Galicia*: 87-127. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela.
- Fernández Rodríguez, C. 2008. Os macromamíferos do Castro Grande de O Neixón. In X.M. Ayán Vila (ed.): 225-247.
- Fortes, J. 1905. As fíbulas do Noroeste da Península. *Portugália*, vol. II. 1905-8: 15-33.
- Gómez Filgueiras, F. 2002. Paleometalurgia del yacimiento de la isla de Santa Comba. Cobas-Ferrol. En VV.AA.: *Santa Comba, un referente arqueolóxico de la costa ferrolana*: 67- 157. Serie *Ferrol en Tempo de Historia*, 17. Ferrol: Concellería de Cultura, Concello de Ferrol.
- Gómez Filgueiras, F. 2008. Análises paleometalúrxicas. In X.M. Ayán Vila, ed.: 297-315.
- Gómez Ramos, P. 1996. Hornos de reducción de cobre y bronce en la Pre y protohistoria de la península Ibérica. *Trabajos de Prehistoria*, 53 (1): 127-43. Madrid: CSIC.
- Gómez Ramos, P. 1996a. Análisis de escorias férreas: nuevas aportaciones al conocimiento de la siderurgia prerromana en España. *Trabajos de Prehistoria*, 53 (2): 145-55. Madrid: CSIC.
- Gómez Ramos, P. 1999. *Obtención de metales en la prehistoria de la Península Ibérica*. British Archaeological Reports. International, 753. Oxford: BAR.
- González García, F. J. 2003. *Os Ártabros. Estudio xeográfico e etnohistórico*. Ourense: Ecma. Deputación Provincial de Ourense.
- González-Ruibal, A. 2004. Facing two seas: Mediterranean and Atlantic contacts in the NW of Iberia. *Oxford Journal of Archaeology* 23(3): 287-317.
- González Ruibal, A. 2004a. Alén dos Castros: o poboado da Idade do Ferro de Pena Redonda (Pontecaldelas, Pontevedra). *El Museo de Pontevedra*, LVIII: 11-63. Pontevedra.
- González Ruibal, A. 2004b. Un askós ibicenco en Galicia: Notas sobre el carácter del comercio púnico en el noroeste púnico. *Complutum* 15: 7-31. Madrid.
- González Ruibal, A. 2005. Resultados das sondaxes nun xacemento atípico da Idade do Ferro: Pena Redonda (Pontecaldelas, Pontevedra). *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 118: 173-197. Santiago: IEGPS, CSIC-XuGa.
- González-Ruibal, A. 2005a. Análise do material cerámico exhumado. In X.M. Ayán (ed.): 204-229.

- González-Ruibal, A. 2006. Past the last outpost: Punic merchants in the Atlantic Ocean (5th – 1st c. BC). *Journal of Mediterranean Archaeology* 19(1): 121-150.
- González-Ruibal, A. 2006-2007. *Galaicos. Poder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica. 1200 a.C. – 50 d.C.* A Coruña: Museo Arqueológico e Histórico de de San Antón.
- Gonzalo Corral, F. J. e Gracia Plaza, A. S. 1985. Yacimientos de estaño del oeste de España: ensayo de caracterización y clasificación económica. *VI Reunión de Xeoloxía e Minería do N.O. Peninsuar (22-24 de santos, 1984). Minería metálica e do Sn en Galicia no Macizo Hespérico Peninsuar. Cuadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe*, 9: 265-303. Sada: Ediciós do Castro, SEG.
- Guitián Rivera, F e Vázquez Varela, J. M. 1975. Contribución al estudio de la metalurgia del Bronce en la cultura castreña. *Gallaecia*, 1. Sada: Ediciós do Castro.
- Hill, J.D. 1995. *Ritual and rubbish in the Iron Age in Wessex*. British Archaeological Reports 252, Oxford.
- Lomba Fernández, P. 2005. Arqueoloxía e Sociedade. A experiencia do Centro Arqueolóxico de Barbanza. En Ayán Vila, X. M. (coord.): 353-67.
- López Cuevillas, F. 1950. Las Fíbulas castreñas y su significado etnológico. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. V (fasc. XV): 5-15. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento.
- López Cuevillas, F. 1951. *Las Joyas castreñas*. Madrid: Instituto de Arqueología Rodrigo Caro, CSIC.
- López Cuevillas, F. 1956. Os instrumentos de traballo dos castrexos. *Boletín de la Real Academia Gallega*, t. 27 (309-320): 270-6. A Coruña.
- López Cuevillas, F. 1968. *A Edade do Ferro na Galiza*. A Coruña: Publicacións da Real Academia Galega. [Reedición do traballo lido no SEG de Santiago de Compostela o día 18 de abril de 1924].
- López Cuevillas, F. e Bouza Brey, F. 1926-1927. Prehistoria galega: O Neixón. *Boletín de la Real Academia Gallega*, T.16. nº 181: 1-11. T. 16, nº 182: 32-38. -- T. 16, n. 183: 56-61. -- T. 16, nº. 184: 76-83. -- T. 16, nº 185: 103-108. A Coruña.
- Lubbock, J. 1912. *Los Orígenes de la civilización y la condición primitiva del hombre: (estado intelectual y social de los salvajes)*. Madrid: Daniel Jorro [ed. or. ing. 1868].
- Luengo Martínez, J. M^a. 1971. Excavaciones en el castro céltico de Baroña (La Coruña). *Noticiario Arqueológico Hispánico*, XVI: 245-264. Madrid.
- Luzón Nogue, J. M. 1983. Algunos aspectos de la minería antigua en Galicia. En G. Pereira Menaut (ed.): *Estudos de Cultura Castrexa e de Historia Antiga de Galicia*: 213-224. Santiago: USC.

- Madroñero de la Cal, A. 1994. Una posibilidade de rastreo de los orígenes de la metalurgia del estaño en España. *Cadernos do Seminario de Estudos Galegos*, 64. Sada: Ediciós do Castro.
- Maluquer de Motes, J. 1975. La Edad del Bronce en el NW hispánico. En *Primeras Jornadas de Metodología Aplicada a las Ciencias Históricas I* (Santiago 1973): 129-46, esp. 144.
- Mannoni, T. e Giannichedda, E. 2003. *Arqueología de la producción*. Barcelona: Ariel.
- Martins, M. 1988. *O povoado fortificado de Lago, Amares*. *Cadernos de Arqueologia 1*, Monografías. Braga: Universidade do Minho.
- Meniel, P. 1992. Les sacrifices d'animaux chez les Gauloises. Paris: Errance.
- Naveiro López, J. L. 1991. *El comercio antiguo en el NW. Peninsular. Lectura Histórica del Registro Arqueológico*. Monografías Urxentes do Museu, nº 5. Sada: Ediciós do Castro.
- Niveau de Villedary, A. 2006. Banquetes rituales en la necrópolis púnica de Gadir. *Gerión* 24(1): 35-64.
- Niveau de Villedary, A. and Ferrer Albelda, E. 2004. Sacrificios de cánidos en la necrópolis púnica de Cádiz. *Huelva Arqueológica* 20: 63-88.
- Parceró Oubiña, C. 2000. Síntesis de los trabajos de excavación en el yacimiento castreño de Alto do Castro (Cuntis, Pontevedra). *Brigantium*, 12: 161-74. A Coruña.
- Parceró Oubiña, C. 2002. Síntese dos traballos de escavación no xacemento castrexo de Alto do Castro (Cuntis, Pontevedra). En Ayán Vila, X. M. (coord.): *Pasado e Futuro de Castrolandín (Cuntis, Pontevedra)*. TAPA (*Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio*) 29: 59-71. Santiago: IEGPS.
- Parceró Oubiña, C. 2002a. La Construcción del Paisaje Social en la Edad del Hierro del Noroeste Ibérico. Ortegalia. Monografías de Arqueoloxía, Historia e Patrimonio, 1. Ortigueira: Fundación Ortegalia, IEGPS, Xunta.
- Parceró Oubiña, C. 2003. Looking forward in anger: Social and Political transformations in the Iron Age of the north-western Iberian Peninsula. *European Journal of Archaeology*, 6(3): 267-99.
- Parceró Oubiña, C., Ayán Vila, X.M., Fábrega Valcarce, P. e Teira Brión, A. 2007. Arqueología, Paisaje y Sociedad. En En González García, F.J. (Coord.): *Los pueblos de la Galicia Céltica*: 131-258. Madrid: Akal.
- Parceró Oubiña, C. e Ayán Vila, X.M. 2008. Datacións de C-14 do Castro Grande de Neixón. En X. Ayán (coord.): 329-40.
- Parker Pearson, M. 1999. Food, Sex and Death: Cosmologies in the British Iron Age with Particular Reference to East Yorkshire. *Cambridge Archaeological Journal*, 9(1): 43-69.
- Peña Santos, A. de la. 1988. Metalurgia galaica de la transición Bronce-Hierro: el Castro de Torroso. *Espacio, Tiempo y Forma*. Tomo I: 339-60. Madrid: UNED.

- Peña Santos, A. de la 1992. *Castro de Torroso (Mos, Pontevedra): síntesis de las memorias de las campañas de excavaciones 1984-1990*. Santiago: Xunta de Galicia.
- Peña Santos, A. de la 2000. Castro de As Croas (Salcedo, Pontevedra). *Brigantium*, 12: 153-160. A Coruña.
- Raftery, B. 1994. *Pagan Celtic Ireland. The Enigma of the Irish Iron Age*. London: Thames & Hudson.
- Rauret Dalmau, A. M. 1976. *La metalurgia del bronce en la Península Ibérica durante la Edad del Hierro*. Barcelona: Instituto de Arqueología y Prehistoria, Universidad de Barcelona.
- Rey Castiñeira, J. 1992. *Yacimientos castreños de la Vertiente Atlántica: análisis de la cerámica indígena*. Tesis Doctoral publicada en microficha (nº 185). Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela.
- Romero Masiá, A. M^a. 1992. Obxectos metálicos do castro de Borneiro. En Acuña Castroviejo, F. (Coord.): *Finis Terrae. Estudios en lembranza do Prof. Dr. Alberto Balil*: 131-95. Santiago de Compostela: USC.
- Romero Masiá, A. M. e Pose Mesura, X. M. 1987. *Galicia nos textos clásicos. Monografías urxentes do Museu*, 3. A Coruña: Museu provincial.
- Ruiz Mora, J. E. 1982. Mineralizaciones estannovolframíferas en Noia y Lousame. Estudio previo. *Cuadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe*, 3. *Reunión de Xeoloxía e Minería do Noroeste Peninsular (novembro 1981)*: 595-624. Sada: Edicións do Castro, SEG.
- Sánchez-Palencia, F. J. 1983. La explotación prerromana del oro del Noroeste de la Península Ibérica. *Boletín Auriense*, XIII: 31-67. Ourense.
- Teira Brión, A. M. 2003. Os traballos agrarios e as ferramentas empregadas na cultura castrexa. *Gallaecia* 22: 157-92. Sada: Edicións do Castro.
- Tylecote, R. F. 1992. *A History of metallurgy*. London: the Institute of materials (2ª ed.).
- Vázquez Varela, J. M. 2000. *Etnoarqueología: conocer el pasado por medio del presente*. Pontevedra: Excma. Deputación Provincial de Pontevedra.
- Villa Valdés, A. y Cabo Pérez, L. 2003. Depósito funerario y recinto fortificado de la Edad del Bronce en el castro del Chao Sanmartín. *Trabajos de Prehistoria*, 60 (2): 143-51. Madrid: CSIC.

ANEXO 1: MATERIAL GRÁFICO COMPLEMENTARIO

1. Índice de láminas

Lámina 1. Ubicación e emprazamento da Punta de Neixón.

Lámina 2. Ubicación e emprazamento da Punta de Neixón.

Lámina 3. Escavacións antigas no Castro Pequeno de Neixón: debuxos de González del Blanco e de Cuevillas.

Lámina 4. Reconstrución hipotética das cabanas do Castro pequeno de Neixón (Terra Arqueos, S. L.).

Lámina 5. Cadrículas Wheeler das escavacións antigas no Castro Pequeno de Neixón (fots. de Ángel Concheiro).

Lámina 6. Ubicación das sondaxes previstas inicialmente no Castro Pequeno de Neixón.

Lámina 7. Pranta da escavación arqueolóxica no Castro Pequeno de Neixón. Campaña de 2008.

Lámina 8. Modelado con scáner 3D do Castro Pequeno de Neixón.

Lámina 9. Nivel de ocupación antigo: gabia de cimentación UENEI06028.

Lámina 10. Arquitectura doméstica do segundo nivel de ocupación, máis recente: cabana 1.

Lámina 11. Arquitectura doméstica. Segundo nivel de ocupación. Cabana 2.

Lámina 12. Evidencias de obradoiros metalúrxicos de bronce.

Lámina 13. Obradoiro metalúrxico N.

Lámina 14. A cabana 3 como espazo ritual.

Lámina 15. Depósito ritual en foxa na entrada da cabana 3.

Láminas 16-18. Materiais cerámicos significativos da 1ª Idade do Ferro.

Lámina 19. Pesa lítica e anaco de grella de esteatita con decoración incisa.

Lámina 20. Anacos de crisois cerámicos de fundición de bronce.

Lámina 21. Materiais metálicos de bronce significativos.

Lámina 22. Distribución de materiais vencellados coa actividade metalúrxica broncista.

Lámina 23: Plano da escavación ITNEI07 no Castro Grande de Neixón. Sector 04.

Lámina 24: Escavación ITNEI07 no Castro Grande de Neixón. Sector 04.

Lámina 25: Escavación ITNEI07 no Castro Grande de Neixón. Sector 04.

Lámina 26: Escavación ITNEI07 no Castro Grande de Neixón. Sector 04.





Lámina 1

Ubicación e emprazamento da Punta de Neixón (Boiro, A Coruña)





Foto aérea da Punta de Neixón do voo americano



Vista tridimensional do emprazamento dos dous castros. Montaxe dunha imaxe do satélite SPOT do ano 2003 sobre un Modelo Dixital de Elevacións de 5 m de resolución.

Lámina 2

Ubicación e emprazamento da Punta de Neixón (Boiro, A Coruña)







Lámina 3






Lámina 4

Reconstrución hipotética das cabanas do Castro Pequeno de Neixón (Terra Arqueos S.L.).





Traballos de limpeza a finais dos 90. Vista cara ao N (Concheiro 2008)



Traballos de limpeza a finais dos 90. Vista cara ao S (Concheiro 2008). Os círculos vermellos marcan as zonas non afectadas polas escavacións antigas, onde se abrirán as sondaxes na campaña 2008.

Lámina 5

Cuadrículas das escavacións antigas no Castro Pequeno de Neixón.






Lámina 6

Ubicación das sondaxes previstas inicialmente no Castro Pequeno de Neixón





Lámina 7

Pranta da escavación arqueolóxica no Castro Pequeno de Neixón. Campaña de 2008.





Lámina 8

Modelado con escáner 3D do Castro Pequeno de Neixón





Lámina 9

Nivel de ocupación antigo: gabiá de cimentación UENEI06028





Vista cara ao E de cabana 01. En primeiro termo a lareira UENEI06004



Panorámica cara ao NW da área escavada. En primeiro termo a cabana 1.

Lámina 10

Arquitectura doméstica do segundo nivel de ocupación, máis recente: cabana 1.





Lámina 11

Arquitectura doméstica. Segundo nivel de ocupación. Cabana 2





Obradoiro metalúrxico de bronce 01 coas estruturas UENEI06014 e UENEI06019



Obradoiro metalúrxico de bronce 02

Lámina 12

Evidencias de obradoiros metalúrxicos de bronce





Detalle do proceso de escavación: depósito de queimado UENEI06034 e estrutura de combustión UENEI06033



Pedra circular de xisto por baixo da estrutura de combustión

Lámina 13

Obradoiro metalúrxico N.





Vista xeral da cabana de pedra cara ao S



Bloco de pegmatita e estrutura circular UENEI06017 no interior da cabana

Lámina 14

A cabana 3 como espazo ritual






Lámina 15

Depósito ritual en foxa na entrada da cabana 3.






Lámina 16






Lámina 17

Materiais cerámicos significativos da 1ª Idade do Ferro











Lámina 18

Materiais cerámicos significativos da 1ª Idade do Ferro






NEI06-B0023



NEI06-B0062



NEI06-B0040






Lámina 20

Anacos de crisois cerámicos de fundición de bronce






Lámina 21

Materiais metálicos de bronce significativos





Lámina 22

Distribución de materiais vencellados coa actividade metalúrxica bronzista







Lámina 23

Plano da escavación ITNEI07 no Castro Grande de Neixón. Sector 04





Proceso de escavación das foxas da 2ª Idade do Ferro no S do sector 04



Recheo intencional da foxa UENEI07011

Lámina 24

Escavación ITNEI07 no Castro Grande de Neixón. Sector 04.







Depósito de cunchas contra a parede S da foxa UENEI07006



Definición en pranta da foxa UENEI07007

Lámina 25





Definición en pranta das foxas UENEI07006 e UENEI07007. Vista cara ao E

Lámina 26

Escavación ITNEI07 no Castro Grande de Neixón. Sector 04.



ANEXO 2: PEZAS SELECCIONADAS PARA ANÁLISES PALEOMETALÚRXCAS

Xosé-Lois Armada, investigador posdoutoral do Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e investigador principal do proxecto *Do obradoiro ó corpo: o metal como expresión de poder na protohistoria do Noroeste peninsular* (10 PXIB 606 016 PR - Programa de Promoción Xeral da Investigación da Xunta de Galicia), solicitou en marzo de 2012 autorización á DXPC para o estudo arqueometalúrxico, no marco do citado proxecto, dos materiais que se relacionan no anexo.

Tódolos materiais proveñen da intervención *Escavación arqueolóxica nos castros de Neixón (Boiro, A Coruña). Campaña de 2008*, dirixida polo arqueólogo do Incipit Dr. Xurxo Ayán Vila.

As análises levaranse a cabo no Centro de Ciencias Humanas y Sociales do CSIC (Madrid) baixo a dirección do Dr. Ignacio Montero Ruiz, empregando Fluorescencia de Raios X (XRF) e Microscopía Electrónica de Barrido (MEB) con microsonda. Ademais, obteranse en torno a 4-6 mostras de 0,1 gr. para análises de isótopos de chumbo, que serán enviadas ó Laboratorio de Geocronoloxía y Geoquímica Isotópica da Universidad del País Vasco (UPV).

